# CAPÍTULOUN.

## panorama económico

UNUN. contexto económico xeral

UNDOUS. cadro macroeconómico de galicia

UNTRES. marco orzamentario

UNCATRO. evolución demográfica

UNCINCO. proceso de converxencia

# UNUN. contexto económico xeral

**As debilidades e riscos** existentes nas economías avanzadas, en especial na zona euro, están ralentizando a recuperación económica mundial, que no ano 2012 se desacelera, acadando taxas de crecemento do 3,2%, inferiores en oito décimas ás do ano anterior.

No ano 2012 obsérvanse con maior nitidez as distintas velocidades de recuperación entre os países emerxentes, EEUU e Europa.

No conxunto de economías de mercados emerxentes e en desenvolvemento, a actividade comeza a repuntar no segundo semestre do ano 2012, acadando no seu conxunto taxas de crecemento do 5,1%, inferiores ás do ano anterior, pero cunha tendencia a incrementarse gradualmente.

A economía estadounidense parece ter superado a ameaza dunha brusca contracción fiscal, acadando no ano 2012 un crecemento do 2,2% baseado nunha puxante demanda interna e limitado polas ameazas derivadas, fundamentalmente, da evolución da zona euro.

No que respecta á UE, as políticas de reforma, tanto a nivel nacional como europeo, e de contención dos déficits, levadas a cabo nas economías da zona euro, parecen ter moderado as turbulencias financeiras no ano 2012. Pero a actividade económica na euro zona segue moi debilitada, acadando taxas de crecemento negativas do 0,6% no ano 2012.

As melloras nos niveis de confianza, así como a redución dos diferenciais de débeda dos países periféricos, non están a transmitirse á mellora nas condicións crediticias, o que unido aos elevados niveis de desemprego, tradúcese nunha crise de demanda que se está a expandir, en forma de contracción do crecemento económico, da periferia ao centro, ameazando con

provocar un estancamento prolongado na zona euro.

Segundo datos do FMI, a economía española rexistrou en 2012 unha taxa de variación interanual do seu PIB real do -1,4%, un comportamento peor que o conxunto da economía da zona euro (–0,6%). En relación aos datos do exercicio anterior, cómpre salientar que a demanda interna real cae en 3,8 puntos, condicionada polas políticas de contención do déficit, polas elevadas taxas de desemprego e por un limitado acceso ao crédito.

## Panorama económico internacional

A crise financeira iniciada no ano 2008, continua por quinto ano consecutivo, no 2012, así, segundo o Fondo Monetario Internacional (FMI), o Produto Interior Bruto (PIB) mundial, tras un sólido incremento no ano 2010 (5,1%), favorecido pola implementación de medidas de impulso económico así coma pola normalización das condicións financeiras e de confianza dos axentes económicos, perde parte dese impulso no ano 2011, a causa da retirada gradual dos plans de estímulo e da xeneralización dos plans de axuste orzamentario e de redución do déficit público.

A ralentización do crecemento económico no ano 2011, agudizada no último trimestre do ano, nun entorno de deterioro financeiro a causa das tensións nos mercados de débeda soberana e de forte aversión ao risco dos axentes económicos, ten como consecuencia que o FMI (WEO abril 2013) sinale unha taxa de variación do PIB mundial para o ano 2012 do 3,2%, acadando taxas negativas na zona euro (–0,6%).

Tal como ven acontecendo dende o comezo da crise financeira global, os efectos da mesma e o ritmo de recuperación, é dispar temporal e xeograficamente, existindo un ciclo económico diferente entre as economías avanzadas e as economías emerxentes. Tal como indica o FMI (WEO abril 2013), a recuperación a dúas velocidades da economía mundial, distinguindo entre as fortes taxas de crecemento dos países emerxentes e as máis débiles dos países desenvolvidos, parece estar a converterse nunha recuperación a tres velocidades, xa que na Unión europea a recuperación está a ralentizarse en relación á tendencia seguida polos Estados Unidos.

Neste senso, os países desenvolvidos acusan as taxas negativas de variación do PIB da zona euro e o FMI reflicte para estes países unha taxa de crecemento do 1,2%, no ano 2012, continuando, deste xeito, a perda na intensidade da recuperación económica. Tal como se indica, dentro dos países desenvolvidos parece estar a forxarse unha recuperación dual, así nos Estados Unidos, o crecemento no ano 2012 foi do 2,2%, con previsións do 1,9% en 2013, e do 3% en 2014; en cambio na eurozona, estímase un crecemento negativo do 0,6% no 2012, con previsións de crecemento do –0,3% no 2013 e do 1,1% no 2014.

Fronte ás economías avanzadas, o grupo de economías emerxentes, aínda que con taxas de crecemento 1,3 puntos porcentuais inferiores ás do ano anterior, seguen a ter para o ano 2012, previsións de crecemento do seu PIB, do 5,1%, isto a pesar dos efectos negativos que a ralentización no crecemento económico mundial, ten sobre as exportacións dos países emerxentes. Neste senso compre salientar a fortaleza dos países emerxentes de Asia, con taxas de crecemento do seu PIB para o ano 2012, do 6,6%, ou os países de África subsahariana con taxas do 4,8%.

No que atinxe ás economías avanzadas, nos **Estados Unidos**, a taxa de crecemento interanual do PIB real foi do 2,2%, catro décimas superior á do ano anterior onde a

taxa de crecemento foi do 1,8%. É destacable salientar que esta taxa de crecemento se acada nun contexto de intensa consolidación fiscal, sendo a vigorosa demanda interna a que impulsa o seu crecemento económico. O crecemento económico dos EEUU, no ano 2012, mantense en niveis contenidos, reflexo da crise financeira, da consolidación fiscal, da debilidade da demanda externa afectada polos efectos da crise en Europa, así como por factores naturais adversos como a grave seca sufrida polo país no ano 2012 ou os trastornos do temporal Sandy, así como pola ameaza do chamado "abismo fiscal".

A actividade produtiva de **Xapón** experimentou unha recuperación despois dos trastornos derivados do terremoto de marzo de 2011. No ano 2012 a economía xaponesa incrementa o seu PIB real nun 2% en relación ao ano anterior, no que presentou unha taxa negativa do 0,6%.

Fronte ás previsións que se apuntan para Estados Unidos, Xapón ou para o conxunto das economías avanzadas, na **zona euro** as perspectivas seguen apuntando a unha contracción do PIB en torno ao 0,6% para o ano 2012, contracción que se prevé continúe no ano 2013 (–0,3%). O recrudecemento das tensións financeiras na periferia europea, fundamentalmente no segundo trimestre do ano 2012, afecta directamente a países como España, Portugal ou Italia, pero cada vez máis, estanse estendendo a outras economías europeas, a causa das intensas vinculacións comerciais e financeiras existentes entre elas. Neste senso, xunto as taxas de variación do PIB real para o ano 2012 en Italia (–2,4%), España (–1,4%), Grecia (–6,4%) ou Portugal (–3,2%), as economías avanzadas europeas como Alemaña ou Francia moderan significativamente o seu crecemento (0,9% e 0% respectivamente), acadando taxas negativas nos Países Baixos (–0,9%), ou Bélxica (–0,2%), sendo tamén destacables as taxas de crecemento do Reino Unido (0,2%) onde o sector financeiro veuse fortemente golpeado pola crise financeira mundial.

Como reflicte o **cadro 1.1.1.**, a demanda interna real total das economías avanzadas expándese un 1%, en relación ao ano anterior, consecuencia dun incremento do investimento (2,1%), e do incremento do consumo privado do 1%, manténdose estable o gasto en consumo público, cun incremento do 0,1% en relación ao ano anterior.

O nivel xeral de inflación diminuíu en todas as rexións, grazas ao descenso dos prezos das materias primas. A inflación baixou tanto nas economías de mercados emerxentes e en desenvolvemento como nas economías avanzadas (2%).

Un elemento fundamental polo seu efecto nos prezos xerais é a evolución do prezo de petróleo. O prezo de entrega de petróleo Brent aumentou dende un mínimo de US$41 en decembro de 2008 a US$109 o barril en decembro de 2012. Os prezos do petróleo diminuíron no segundo trimestre do ano 2012, pero subiron no terceiro e cuarto trimestres, polo que a volatilidade nos prezos continúa presente, aínda que sen acadar os picos rexistrados no ano 2011, tralas revoltas acaecidas en Libia. O risco de revoltas sociais nas rexións produtoras pode amortiguar as presións á baixa sobre o prezo do petróleo derivadas do menor crecemento da economía mundial.

A desaceleración do crecemento das economías avanzadas, reflectida na evolución do PIB real, da ralentización no crecemento do consumo privado e da formación bruta de capital, trae como consecuencia directa o mantemento de taxas de desemprego nas economías avanzadas, do 8%, taxa media que oculta diferenzas fundamentais entre países.

## Economía internacional 2010-12: evolución dos principais indicadores

| | 2010 | 2011 | 2012 |
|---|---|---|---|
| **Produto Interior Bruto real** | | | |
| Economía mundial | 5,2 | 4,0 | 3,2 |
| Economías avanzadas | 3,2 | 1,6 | 1,2 |
| EE.UU. | 2,4 | 1,8 | 2,2 |
| Xapón | 4,7 | -0,6 | 2,0 |
| Unión Europea | | | |
| Zona Euro | 2,0 | 1,4 | -0,6 |
| Alemaña | 4,0 | 3,1 | 0,9 |
| Francia | 1,7 | 1,7 | 0,0 |
| Italia | 1,7 | 0,4 | -2,4 |
| España | -0,3 | 0,4 | -1,4 |
| Países emerxentes e en desenvolvemento | | | |
| China | 10,4 | 9,3 | 7,8 |
| India | 11,2 | 7,7 | 4,0 |
| **Demanda interna real total** | | | |
| Economías avanzadas | 2,9 | 1,3 | 1,0 |
| EE.UU. | 2,8 | 1,7 | 2,1 |
| Xapón | 2,9 | 0,3 | 2,9 |
| Zona Euro | 1,3 | 0,5 | -2,2 |
| Alemaña | 2,6 | 2,6 | -0,4 |
| Francia | 1,6 | 1,7 | -0,7 |
| Italia | 2,1 | -1,0 | -5,3 |
| España | -0,6 | -1,9 | -3,8 |
| **Gasto en consumo privado** | | | |
| Economías avanzadas | 2,0 | 1,5 | 1 |
| EE.UU. | 1,8 | 2,5 | 1,9 |
| Xapón | 2,8 | 0,5 | 2,4 |
| Zona Euro | 0,9 | 0,1 | -1,3 |
| Alemaña | 0,9 | 1,7 | 0,6 |
| Francia | 1,5 | 0,3 | -0,1 |
| Italia | 1,5 | 0,1 | -4,3 |
| España | 0,7 | -1,0 | -2,2 |
| **Gasto en consumo público** | | | |
| Economías avanzadas | 1,2 | -0,5 | 0,1 |
| EE.UU. | 0,9 | -2,3 | -1,3 |
| Xapón | 1,9 | 1,5 | 2,7 |
| Zona Euro | 0,7 | -0,1 | 0,0 |
| Alemaña | 1,7 | 1,0 | 1,4 |
| Francia | 1,8 | 0,2 | 1,4 |
| Italia | -0,4 | -1,2 | -2,9 |
| España | 1,5 | -0,5 | -3,7 |
| **Formación bruta de capital** | | | |
| Economías avanzadas | 1,4 | 2,3 | 2,1 |
| EE.UU. | -0,3 | 3,4 | 6,1 |
| Xapón | -0,2 | 1,1 | 4,5 |
| Zona Euro | -0,1 | 1,5 | -4,1 |
| Alemaña | 5,9 | 6,2 | -2,5 |
| Francia | 1,3 | 3,6 | 0,0 |
| Italia | 0,6 | -1,8 | -8,0 |
| España | -6,2 | -5,3 | -9,1 |

(consulta: 17-04-2013)

Fonte: *Fondo Monetario Internacional*

**1.1.1.a.**

**Economía internacional 2010-12: evolución dos principais indicadores (cont.)**

| | 2010 | 2011 | 2012 |
|---|---|---|---|
| **IPC** *(medias anuais)* | | | |
| Economías avanzadas | 1,5 | 2,7 | 2,0 |
| EE.UU. | 1,6 | 3,1 | 2,1 |
| Xapón | -0,7 | -0,3 | 0,0 |
| Zona Euro | 1,6 | 2,7 | 2,5 |
| Alemaña | 1,2 | 2,5 | 2,1 |
| Francia | 1,5 | 2,1 | 2,0 |
| Italia | 1,6 | 2,9 | 3,3 |
| España | 2,0 | 3,1 | 2,4 |
| Países emerxentes e en desenvolvemento | | | |
| China | 3,3 | 5,4 | 2,6 |
| India | 12,0 | 8,9 | 9,3 |
| **Produtividade laboral (1)** | | | |
| Economías avanzadas | 7,9 | 2,5 | 1,1 |
| EE.UU. | 6,4 | 2,6 | 2,2 |
| Xapón | 13,6 | -1,0 | 0,1 |
| Zona Euro | 7,8 | 3,4 | -0,8 |
| **Tipo de xuro a curto prazo** | | | |
| EE.UU. | 0,3 | 0,3 | 0,3 |
| Xapón | 0,4 | 0,3 | 0,3 |
| Zona Euro | 0,8 | 1,4 | 0,6 |
| **Tipo de xuro a longo prazo** | | | |
| EE.UU. | 3,2 | 2,8 | 1,8 |
| Xapón | 1,5 | 1,1 | 0,8 |
| Zona Euro | 3,8 | 4,3 | 3,1 |
| **Taxa de desemprego** | | | |
| Economías avanzadas | 8,3 | 7,9 | 8,0 |
| EE.UU. | 9,6 | 8,9 | 8,1 |
| Xapón | 5,1 | 4,6 | 4,4 |
| Zona Euro | 10,1 | 10,2 | 11,4 |
| Alemaña | 7,1 | 6,0 | 5,5 |
| Francia | 9,7 | 9,6 | 10,2 |
| Italia | 8,4 | 8,4 | 10,6 |
| España | 20,1 | 21,7 | 25,0 |

(1) medida coma o cociente entre a remuneración por hora e o custo unitario da man de obra

(consulta: 17-04-2013)

Fonte: *Fondo Monetario Internacional*

**1.1.1.b.**

Polo que respecta á Unión Europea-27, fronte ao ano 2011 onde só Grecia (−7,1%), e Portugal (−1,6%) presentaban taxas de variación do seu PIB real negativas, no ano 2012, a crise económica expándese da periferia ao núcleo, e dentro da zona euro, países como Bélxica (−0,2%), España (−1,4%), Finlandia (−0,1%), Francia (0%), Holanda (−0,9%), Italia (−2,2%), Chipre (−2,3%), Eslovenia (−2%), ademais de Grecia e Portugal, presentan taxas negativas de variación do seu PIB.

Fronte ao crecemento do 1,4% do PIB da euro zona no ano 2011, no ano 2012 a actividade económica ralentízase acadando unha taxa negativa de variación do PIB do 0,6%. A pesar de que as turbulencias na zona euro parecen moderarse ao longo do ano 2012, cunha mellora nos diferenciais soberanos e na liquidez bancaria, a

Prezo do barril de Brent 2007-2012




Fonte: *US EIA*

■ 1.1.2.

Tipo de cambio do euro 2005-2012




Fonte: *Banco de España*

■ 1.1.3.

actividade económica na euro zona segue estando moi debilitada, acosada por unha demanda interna débil e por fortes dificultades para o acceso ao crédito para o sector privado. A economía europea segue beneficiándose do comercio exterior coas economías emerxentes, así como dunha presión inflacionista moderada.

A curto prazo os maiores riscos para a zona euro pasan pola situación de Chipre e a inestabilidade política de Italia, e, en xeral, pola existencia de intensos factores de vulnerabilidade nos países da periferia, sendo destacable os niveis de desemprego; e a medio prazo, os risgos para a euro zona son, o que o FMI denomina "fatiga do

### Indicadores macroeconómicos dos estados membros da UE 2011-2012 e previsións 2013 (1)

| | PIB | | | Inflación media (2) | | | Desemprego | | | Déficit Público (3) | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| | 2011 | 2012 | 2013 | 2011 | 2012 | 2013 | 2011 | 2012 | 2013 | 2011 | 2012 | 2013 |
| | | | | | | (taxa de variación anual) | | | | | | |
| **Alemaña** | 3,0 | 0,7 | 0,5 | 2,5 | 2,1 | 1,8 | 5,9 | 5,5 | 5,7 | -0,8 | -0,2 | -0,2 |
| **Austria** | 2,7 | 0,7 | 0,7 | 3,6 | 2,6 | 2,2 | 4,2 | 4,4 | 4,5 | -2,5 | -3,2 | -2,7 |
| **Bélxica** | 1,8 | -0,2 | 0,2 | 3,5 | 2,6 | 1,6 | 7,2 | 7,3 | 7,7 | -3,7 | -3,0 | -3,4 |
| **España** | 0,4 | -1,4 | -1,4 | 3,1 | 2,4 | 1,7 | 21,7 | 25,0 | 26,9 | -9,4 | -8,0 | -6,0 |
| **Finlandia** | 2,8 | -0,1 | 0,3 | 3,3 | 3,2 | 2,5 | 7,8 | 7,7 | 8,0 | -0,6 | -1,8 | -1,2 |
| **Francia** | 1,7 | 0,0 | 0,1 | 2,3 | 2,2 | 1,6 | 9,6 | 10,3 | 10,7 | -5,2 | -4,5 | -3,5 |
| **Grecia** | -7,1 | -6,4 | -4,4 | 3,1 | 1,0 | -0,8 | 17,7 | 24,7 | 27,0 | -9,4 | -6,8 | -5,5 |
| **Holanda** | 1,0 | -0,9 | -0,6 | 2,5 | 2,8 | 2,6 | 4,4 | 5,3 | 6,3 | -4,5 | -3,7 | -2,9 |
| **Irlanda** | 1,4 | 0,7 | 1,1 | 1,2 | 1,9 | 1,3 | 14,7 | 14,8 | 14,6 | -13,4 | -8,4 | -7,5 |
| **Italia** | 0,4 | -2,2 | -1,0 | 2,9 | 3,3 | 2,0 | 8,4 | 10,6 | 11,6 | -3,9 | -2,9 | -2,1 |
| **Luxemburgo** | 1,7 | 0,2 | 0,5 | 3,7 | 2,9 | 1,7 | 4,8 | 5,0 | 5,4 | -0,3 | -1,9 | -1,7 |
| **Portugal** | -1,6 | -3,2 | -1,9 | 3,6 | 2,8 | 0,6 | 12,9 | 15,7 | 17,3 | -4,4 | -5,0 | -4,5 |
| **Chipre** | 0,5 | -2,3 | -3,5 | 3,5 | 3,1 | 1,5 | 7,9 | 12,1 | 13,7 | -6,3 | -5,3 | -5,7 |
| **Eslovaquia** | 3,2 | 2,0 | 1,1 | 4,1 | 3,7 | 1,9 | 13,6 | 14,0 | 14,0 | -4,9 | -4,9 | -3,2 |
| **Eslovenia** | 0,6 | -2,0 | -2,0 | 2,1 | 2,8 | 2,2 | 8,2 | 9,0 | 9,8 | -6,4 | -4,4 | -3,9 |
| **Estonia** | 8,3 | 3,2 | 3,0 | 5,1 | 4,2 | 3,6 | 12,5 | 10,0 | 9,8 | 1,1 | -1,1 | -0,5 |
| **Malta** | 1,6 | 1,0 | 1,5 | 2,5 | 3,2 | 2,2 | 6,5 | 6,5 | 6,4 | -2,7 | -2,6 | -2,9 |
| **Zona Euro** | 1,4 | -0,6 | -0,3 | 2,7 | 2,5 | 1,8 | 10,2 | 11,4 | 12,2 | -4,1 | -3,3 | -2,6 |
| **Dinamarca** | 1,1 | -0,4 | 1,1 | 2,7 | 2,4 | 1,5 | 7,6 | 7,7 | 8,0 | -1,8 | -3,9 | -2,0 |
| **Reino Unido** | 0,9 | 0,0 | 0,9 | 4,5 | 2,8 | 2,6 | 8,0 | 7,9 | 8,0 | -7,8 | -6,2 | -7,2 |
| **Suecia** | 3,7 | 1,0 | 1,3 | 1,4 | 0,9 | 1,1 | 7,5 | 7,7 | 8,0 | 0,4 | 0,0 | -0,3 |
| **Hungría** | 1,6 | -1,7 | -0,1 | 3,9 | 5,7 | 3,6 | 10,9 | 10,8 | 11,1 | 4,3 | -2,5 | -2,9 |
| **Letonia** | 5,5 | 5,3 | 3,8 | 4,2 | 2,3 | 1,9 | 16,2 | 14,9 | 13,7 | -3,4 | -1,7 | -1,5 |
| **Lituania** | 5,9 | 3,6 | 3,1 | 4,1 | 3,2 | 2,4 | 15,3 | 13,0 | 11,4 | -5,5 | -3,2 | -2,8 |
| **Polonia** | 4,3 | 2,0 | 1,2 | 3,9 | 3,7 | 1,8 | 9,6 | 10,2 | 10,8 | -5,0 | -3,4 | -3,1 |
| **Rep. Checa** | 1,9 | -1,1 | 0,0 | 2,1 | 3,5 | 2,1 | 6,7 | 7,0 | 7,6 | -3,3 | -3,5 | -3,4 |
| **Bulgaria** | 1,7 | 0,8 | 1,4 | 3,4 | 2,4 | 2,6 | 11,3 | 12,2 | 12,2 | -2,0 | -1,5 | -1,5 |
| **Rumanía** | 2,2 | 0,2 | 1,6 | 5,8 | 3,4 | 4,6 | 7,4 | 7,0 | 6,9 | -5,5 | -2,8 | -2,4 |
| **UE-27** | 1,5 | -0,3 | 0,1 | 3,1 | 2,6 | 2,0 | 9,6 | 10,5 | 11,1 | -4,4 | -3,6 | -3,2 |

(1) os datos de 2012 son estimacións e os de 2013 son previsións
(2) IPC armonizado (2005=100) ou IPC nacional cando o primeiro non está dispoñible
(3) capacidade (+) necesidade (-) de financiamento das AA.PP. en porcentaxe do PIB
Fonte: *Comisión Europea*

**1.1.4.**

### Débeda pública nas economías europeas 2008-12




(1) débeda pública como porcentaxe do PIB
Fonte: *EUROSTAT*

**1.1.5.**

axuste" así como a posibilidade de que se produza un estancamento prolongado na zona.

Na zona euro no ano 2012 prodúcese un forte descenso interanual da demanda interna real de 2,2 puntos porcentuais en relación ao ano anterior, motivado pola caída do consumo privado e público (1,3% e 0% respectivamente) e pola variación negativa da formación bruta de capital (4,1%). A este respecto cabe salientar que a formación bruta de capital da zona euro pasa dunha taxa de variación interanual do 1,5% no ano 2011 a xa citada do −4,1% no ano 2012.

O desemprego na zona euro, fronte ao estancamento no conxunto das economías avanzadas, no 2012, sitúase no 11,4%, 3,4 puntos por riba da media do conxunto das economías avanzadas. Por países, a taxa de paro máis elevada rexistrouse en España, cun 25%, e a máis baixa segue sendo Austria, cun 4,4%, segundo datos da Comisión Europea (**cadro 1.1.4.**).

## Panorama económico de España

Ao longo do ano 2012, o retroceso da actividade económica vai sendo cada vez maior, a media que a demanda interna se vai reducindo, e a crise económica se vai estendendo ao conxunto da zona euro.

A profundización na crise económica reflíctese na existencia de taxas de variación intertrimestrais negativas nos cuatro trimestre do ano 2012, que se recollen no **cadro 1.1.6.** No conxunto do ano 2012, o produto interior bruto (PIB) xerado pola economía española experimentou un retroceso, acadando unha taxa de variación interanual do −1,4%, fronte ao dato de taxa de variación interanual positiva rexistrado no ano 2011 do 0,4%. Os datos trimestrais indican o retroceso na actividade produtiva no conxunto do Estado, con variacións cada vez máis negativas, −0,7% no primeiro trimestre, −1,4% no segundo, e −1,6% e −1,9% no terceiro e cuarto trimestre.

O PIB real español no ano 2012, retrocedeu un 1,4%, cunha diminución da demanda nacional do 3,9%, en tanto que a aportación da demanda externa ao crecemento do PIB foi de 2,5 puntos porcentuais. Todos os compoñentes da demanda interna (consumo final público e privado, e formación bruta de capital) rexistraron taxas de variación negativas sendo, desde un punto de vista sectorial, o investimento no sector da construción, un ano máis, o compoñente da demanda interna que mostrou un comportamento máis negativo.

A formación bruta de capital fixo no conxunto do ano 2012, rexistrou un descenso real do 9,1%, mentres que o ano anterior o fixera nun 5,3%. Como indican os datos recollidos no **cadro 1.1.7.**, esta caída explícase fundamentalmente pola evolución da formación bruta de capital fixo (FBCF) na construción (−11,5%), mostrando tamén taxas negativas a FBCF en bens de equipo e activos cultivados (−6,6%) fronte ás positivas acadadas no ano anterior (2,3%).

Respecto ao gasto en consumo final, salientar o forte descenso tanto do gasto en consumo final dos fogares como das Administracións Públicas, con taxas negativas do 2,2% e do 3,7% respectivamente. Os datos trimestrais amosan como o gasto en consumo final se sitúa en taxas de variación interanuais negativas nos catro trimestres do ano, acadando mínimos no último trimestre co 3,3% de consumo final menos que no mesmo trimestre do ano anterior.

Tal como se sinala, a demanda externa contribúe en 2,5 puntos porcentuais ao crecemento do produto nacional, nembargante, os datos trimestrais de importacións e

**PIB en Galicia e España 2008-12 (1): evolución**




(1) PIBpm, índices de volume encadenados, datos correxidos de efectos estacionais e de calendario (consulta: 01-03-2013); Base 2008

Fonte: *INE* e *IGE*

**1.1.6.**

**PIB en España 2011-12: distribución segundo as súas compoñentes (1)**

| | 2011 | 2012 | 2011 | | | | 2012 | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| | | | I | II | III | IV | I | II | III | IV |
| | | | *(taxas de variación interanual)* | | | | | | | |
| **Gasto en consumo final** | -0,8 | -2,5 | 0,6 | -0,8 | -1,0 | -2,1 | -2,0 | -2,3 | -2,6 | -3,3 |
| Gasto en consumo final dos fogares | -0,8 | -2,2 | 0,2 | -0,9 | -0,2 | -2,4 | -1,3 | -2,2 | -2,1 | -3,0 |
| Gasto en consumo final das ISFLSH | -8,9 | -1,5 | -8,9 | -7,9 | -9,2 | -9,4 | -1,4 | -1,0 | -1,0 | -2,5 |
| Gasto en consumo final das AA.PP. | -0,5 | -3,7 | 2,2 | -0,5 | -2,7 | -1,1 | -3,8 | -2,8 | -4,0 | -4,1 |
| **Formación bruta de capital fixo** | -5,3 | -9,1 | -6,0 | -4,9 | -4,2 | -6,0 | -7,4 | -9,2 | -9,7 | -10,3 |
| Activos fixos materias | -5,8 | -10,0 | -6,7 | -5,4 | -4,7 | -6,6 | -8,1 | -10,0 | -10,7 | -11,0 |
| Construcción | -9,0 | -11,5 | -10,8 | -8,5 | -8,0 | -8,6 | -9,5 | -11,6 | -12,4 | -12,3 |
| Bens de equipo e activos cultivados | 2,3 | -6,6 | 4,9 | 2,9 | 3,5 | -1,7 | -5,1 | -6,4 | -7,0 | -7,9 |
| Activos fixos inmateriais | 3,1 | 2,6 | 4,1 | 1,4 | 4,9 | 2,0 | 3,4 | 2,7 | 4,8 | -0,5 |
| **Variación de existencias (2)** | -0,1 | 0,0 | 0,0 | -0,1 | -0,1 | -0,1 | 0,0 | 0,0 | 0,1 | 0,1 |
| **Demanda interna (2)** | -1,9 | -3,9 | -0,9 | -1,8 | -1,8 | -3,1 | -3,1 | -3,8 | -4,0 | -4,7 |
| **Exportacións de bens e servizos** | 7,6 | 3,1 | 10,2 | 7,1 | 7,6 | 5,8 | 2,1 | 2,7 | 4,2 | 3,2 |
| Exportacións de bens | 8,5 | 2,9 | 14,0 | 8,0 | 8,4 | 4,2 | 1,9 | 2,9 | 3,6 | 3,0 |
| Exportacións de servizos | 5,8 | 3,4 | 2,8 | 5,2 | 5,9 | 9,4 | -5,9 | 2,2 | 5,6 | 3,6 |
| **Importacións de bens e servizos** | -0,9 | -5,0 | 4,5 | -1,6 | -1,2 | -4,9 | -6,0 | -5,2 | -3,4 | -5,4 |
| Importacións de bens | -0,7 | -5,5 | 6,4 | -1,2 | -1,9 | -5,8 | -5,5 | -6,3 | -3,7 | -6,1 |
| Importacións de servizos | -1,4 | -3,0 | -1,9 | -3,1 | 1,3 | -2,0 | -0,7 | -1,2 | -2,3 | -3,1 |
| **PIB a prezos de mercado** | 0,4 | -1,4 | 0,5 | 0,5 | 0,6 | 0,0 | 2,5 | -1,4 | -1,6 | -1,9 |
| Agricultura, gandeiría, silvicultura e pesca | 8,2 | 2,2 | 8,1 | 8,2 | 8,7 | 7,8 | -3,2 | 2,2 | 2,4 | 1,9 |
| Industria | 2,7 | -2,9 | 5,8 | 2,4 | 2,5 | 0,2 | -7,5 | -3,1 | -2,9 | -2,4 |
| Construción | -5,9 | -8,1 | -8,6 | -6,1 | -4,3 | -4,5 | 0,7 | -7,7 | -8,9 | -8,5 |
| Servizos | 1,4 | -0,4 | 1,3 | 1,6 | 1,6 | 1,1 | -0,4 | -0,3 | -0,6 | -1,2 |
| **Impostos netos sobre os produtos** | -5,5 | -0,3 | -4,7 | -5,3 | -6,0 | -5,9 | -0,7 | -0,2 | -0,2 | -0,5 |

(1) PIBpm, índices de volume encadenados, Base 2008; datos correxidos de efectos estacionais e de calendario (consulta: 01-03-2013)
(2) aportación ao crecemento do PIB a prezos de mercado
Fonte: *INE*

**1.1.7.**

exportacións mostran un deterioro nas taxas de variación de ámbalas dúas variables, acadando unha taxa de variación interanual das exportacións do 3,1% (7,6% no ano 2011), e unha taxa de variación das importacións do −5%, (−0,9% no ano 2011).

Dende o lado da oferta, o valor engadido de todas as ramas produtivas, agás a agricultura, gandería, silvicultura e pesca, rexistrou unha evolución negativa no ano 2012.

O sector da construción acusa caídas do seu valor engadido do 11%, o sector servizos experimenta unha taxa de variación negativa do seu valor engadido bruto no ano 2012, do 0,2%; a posición do conxunto do sector servizos, é consecuencia da evolución positiva, aínda que a menores taxas que no ano precedente, das actividades de comercio, transporte e hostalería, así como das actividades financeiras e seguros, inmobiliarias e das actividades artísticas e recreativas, que presentan tamén taxas positivas de variación do seu VEB en relación ao ano anterior, pero que, en conxunto, non compensan totalmente a evolución negativa das actividades de información e comunicacións, das actividades profesionais e da Administración pública e defensa.

As ramas industriais rompen coa tendencia iniciada en 2010, e reflicten unha taxa de variación do seu VEB negativa do 1%,

**Índices de competitividade de España 2007-12** (1)

| | Fronte á zona euro | | | Fronte á UE-27 | | | Fronte a novos países industrializados de Asia (2) | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| | Con prezos ao consumo | Con prezos industriais | Con custos laborais unitarios | Con prezos ao consumo | Con prezos industriais | Con custos laborais unitarios | Con prezos ao consumo | Con prezos industriais |
| | | | | (base 1999 =100) | | | | |
| **2007** | 108,9 | 105,8 | 112,7 | 107,5 | 104,8 | 110,1 | 126,0 | 117,7 |
| **2008** | 109,9 | 106,9 | 115,0 | 109,4 | 106,8 | 113,3 | 128,0 | 119,5 |
| **2009** | 109,4 | 106,9 | 111,8 | 110,5 | 107,5 | 112,2 | 121,3 | 114,0 |
| **2010** | 110,0 | 106,8 | 110,3 | 110,0 | 106,8 | 109,6 | 111,1 | 102,6 |
| **2011** | 110,4 | 107,0 | 107,5 | 110,2 | 106,8 | 106,9 | 110,1 | 105,3 |
| **2012** | 110,4 | 107,3 | 103,4 | 109,6 | 106,6 | 102,1 | 100,2 | 97,8 |

(1) a caída no Índice reflicte melloras na competitividade
(2) China, Corea do Sur, Filipinas, Hong-Kong, India, Indonesia, Malaisia, Singapur, Taiwán e Tailandia.
Fonte: *Banco de España*

**1.1.8.**

**Distribución funcional da renda en España 2011-12**

| | 2011 | 2012 | 2011 I | 2011 II | 2011 III | 2011 IV | 2012 I | 2012 II | 2012 III | 2012 IV |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| | | | (taxas de variación interanual) | | | | | | | |
| **PIB** (1) | -0,7 | -1,2 | 1,6 | 1,7 | 1,5 | 0,7 | -0,5 | -1,2 | -1,1 | -1,8 |
| Remuneración de asalariados | -3,3 | -5,5 | -0,6 | -0,7 | -0,8 | -1,3 | -2,8 | -5,0 | -5,5 | -8,5 |
| Custo laboral unitario | -1,9 | -3,4 | -1,3 | -1,4 | -1,6 | -1,5 | -1,6 | -3,1 | -2,9 | -5,8 |
| Remuneración por asalariado | 0,4 | -0,3 | 0,6 | 0,1 | 0,7 | 1,4 | 1,4 | 0,2 | 0,1 | -3,0 |
| Productividade por traballador | 2,4 | 3,2 | 1,9 | 1,5 | 2,3 | 2,9 | 3,1 | 3,5 | 3,1 | 2,9 |
| Taxa de asalarización | -0,5 | -0,8 | 0,2 | 0,2 | 0,2 | 0,2 | -0,5 | -0,6 | -1,0 | -0,9 |
| Excedente bruto de explotac. / Renda mixta bruta | 1,9 | 2,3 | 4,0 | 6,3 | 5,5 | 4,5 | 1,5 | 3,6 | 2,5 | 1,4 |
| Impostos netos produción e importacións | 1,0 | 6,0 | 1,5 | -5,2 | -4,7 | -6,6 | 2,6 | -3,7 | 5,0 | 20,0 |

(1) PIBpm, prezos correntes, base 2008; datos correxidos de efectos estacionais e de calendario (consulta: 01-03-2013)
Fonte: *INE*

**1.1.9.**

sendo do –2,6% no caso concreto da industria manufactureira.

A taxa de variación interanual do valor engadido do sector primario incrementouse un 6,7%, en relación ao ano 2011.

Asemade, cómpre salientar que no ano 2012 a economía española mantén estables os niveis de competitividade fronte á zona euro e á UE-27, mellorando, ao igual que acontecera no ano anterior, a competitividade en termos de custos laborais unitarios, e no índice de competitividade en termos de prezos ao consumo e industriais fronte aos países industrializados de Asia (**cadro 1.1.8.**). O emprego caeu un 4,4% no conxunto do ano, co que a productividade aumentou un 3,2%. Esta evolución, xunto co descenso da remuneración por asalariado, fixo que os custos laborais unitarios diminuísen, para o conxunto da economía, nun 3,4%

Nesta situación, os custos laborais unitarios reducíronse nun 3,4% en relación ao ano anterior, afectados polo descenso na remuneración de asalariados do 5,5%.

O excedente bruto de explotación e a renda mixta, valor que indica o pago aos factores produtivos salvo o pago de sala-

**Mercado de traballo en Galicia e España 2011-12**

| | Galicia | | España | |
|---|---|---|---|---|
| | 2011 | 2012 | 2011 | 2012 |
| | (taxas de variación interanual) | | | |
| **PIB** (1) | -0,1 | -1,2 | 0,4 | -1,4 |
| **Emprego** | | | | |
| Afiliacións á Seguridade Social | 0,0 | -3,5 | 0,0 | -2,7 |
| Ocupación | -1,6 | -4,0 | -1,9 | -4,0 |
| Paro estimado | 13,7 | 18,6 | 7,9 | 18,6 |
| Paro rexistrado | 6,7 | 12,1 | 4,8 | 10,9 |
| **Regulación do emprego** | | | | |
| Expedientes autorizados | 55,1 | 97,7 | 22,2 | 56,2 |
| Traballadores afectados | 73,1 | 11,0 | 13,2 | 29,9 |
| **Desenvolvemento empresarial** | | | | |
| Empresas inscritas Seguridade Social (2) | -2,8 | -4,0 | -2,4 | -3,2 |
| Sociedades mercantís creadas (3) | 1,1 | 1,4 | 6,0 | 2,7 |

(1) PIB a prezos de mercado (índices de volume encadenados), datos correxidos de efectos estacionais e de calendario (24/05/2012); Base 2008
(2) empresas inscritas no Réxime Xeral e no Réxime da Minería e do Carbón
(3) datos 2012 son provisionais

Fonte: *IGE*, *INE* e *Ministerio de Empleo y Seguridad Social*

**1.1.10.**

rios aos traballadores, despois dun incremento medio anual do 1,9% en 2011, presenta no ano 2012 un incremento medio anual do 2,3%, Asemade, os impostos netos sobre a produción e as importacións increméntanse un 6%.

Neste marco económico, o emprego no ano 2012 non deu signos de recuperación, sendo o paro rexistrado en España superior ao correspondente ao ano 2011. Hai un crecemento nos niveis de desemprego e continúa a redución do número de empresas inscritas no réxime xeral da Seguridade Social, crecendo, nembargante, o número de sociedades mercantís creadas no ano 2012 en España, un 2,7% máis que no ano anterior.

O número de persoas en alta laboral afiliadas á Seguridade Social en España descendeu no último ano un 2,7%, e a poboación ocupada segundo a EPA fíxoo un 4,5%, aproximadamente 351.900 persoas ocupadas menos no ano 2011, en relación ao ano anterior.

Xunto a esta caída da ocupación, o desemprego crece en maior medida que o ano anterior, acadando o paro estimado unha medra anual do 15,4% e o paro rexistrado, un incremento do 10,9%, porcentaxes moi superiores ás obtidas no ano 2011.

Asemade, como reflicte o **cadro 1.1.10.**, o ano 2012 presenta un forte incremento do número de expedientes de regulación de emprego autorizados, que ascenden un 56,3% en relación ao ano anterior, así como un aumento do 31,5% no número de traballadores afectados polos citados expedientes.

Finalmente, cabe salientar a redución das necesidades de financiamento do Estado, que acadou o 0,2% do PIB, tres puntos porcentuais por debaixo da rexistrada no ano 2011.

## Panorama económico da eurorrexión Galicia-Norte Portugal

A eurorrexión Galicia-Norte de Portugal ocupa unha superficie de 50.859 quilómetros cadrados e conta cunha poboación de 6.460.914 habitantes, o que implica unha

**Principais indicadores da eurorrexión Galicia-Norte de Portugal**

| | | | Eurorrexión | Galicia | Rexión Norte | UE-27 |
|---|---|---|---|---|---|---|
| **Superficie** | *(en $Km^2$)* | | 50.859 | 29.575 | 21.284 | 4.403.357 |
| **Poboación de dereito** | *(miles de persoas)* | *1/1/12* | 6.460.914 | 2.781.498 | 3.679.416 | 503.663.601 |
| **Densidade poboación** | *(habs. / $km^2$)* | *1/1/11* | 54,76 | 94,05 | 172,87 | 114,38 |
| **Poboación ocupada** | *(%)* | *2012* | | | | |
| Sector primario | | | 10,1 | 7,7 | 11,6 | 4,6 |
| Industria | | | 22,2 | 15,8 | 26,1 | 17,6 |
| Construción | | | 8,2 | 7,6 | 8,6 | 7,2 |
| Servizos | | | 59,5 | 68,9 | 53,6 | 70,7 |
| **Desemprego** | *(%)* | *2012* | | | | |
| Total | | | 16,1 | 20,7 | 16,1 | 10,5 |
| Longo prazo (1) | | | 13,3 | 9,3 | 9,1 | 4,6 |
| Feminino | | | 18,4 | 20,5 | 17,0 | 10,5 |
| Mozos (menores de 25 anos) | | | 36,9 | 45,5 | 32,8 | 22,8 |
| **PIB prezos de mercado** | *(millóns de € )* | *2011* | 106.984 | 58.581 | 48.403 | 12.642.398,8 |
| | | *2010* | 106.228 | 57.392 | 48.836 | 12.278.744,1 |
| | | *2009* | 103.806 | 56.601 | 47.205 | 11.754.457,3 |
| **PIB per cápita** | *UE-27=100* | *2010* | | 90 | 65 | 100 |
| | | *2009* | | 92 | 64 | 100 |

(1) porcentaxe de desempregados de longa duración (12 meses ou máis) entre a poboación activa

Fonte: elaboración propia *CES-Galicia* a partir de datos do *INE-Portugal, INE, IGE* e Eurostat

**1.1.11.**

densidade media de 127 habitantes por quilómetro cadrado. En relación á UE-27, a eurorrexión representa o 1,1% da súa superficie e o 1,3% da súa poboación. O 20,3% da poboación estranxeira residente en Galicia a 1 de xaneiro de 2012 era de orixe portuguesa.

En termos de PIB per cápita (**cadro 1.1.11.**), comparando os datos das dúas rexións, este indicador de converxencia acada en Galicia o 90% da media UE–27=100, 25 puntos superior ao valor rexistrado na rexión Norte de Portugal.

No concernente ao emprego, a poboación activa en Galicia é de 1.048.571 persoas no ano 2011, e é de case dous millóns de persoas a poboación activa residente na rexión norte de Portugal (1.972.750 persoas), sendo a taxa de actividade das dúas zonas do 55,4% e do 62,1%, respectivamente.

A ocupación no ano 2011 na eurorrexión ascendeu a 2,74 millóns de persoas (o 42,4% da poboación total da eurorrexión), dos que o 59,5% dos traballadores estaban ocupados nas ramas de actividade do sector servizos. O conxunto das ramas industriais abrangue o 22,2% das persoas traballadoras, mentres que a construción e o sector primario acollen o 8,2% e o 10,1%, respectivamente.

Con todo, cómpre salientar a distinta importancia relativa dos sectores económicos en Galicia e o Norte de Portugal en termos de poboación ocupada. Mentres que Galicia rexistra unha maior importancia relativa da ocupación no sector servizos, acollendo o 68,9% das persoas ocupadas fronte ao 53,6% no norte de Portugal, nesta última rexión o peso relativo da poboación ocupada no sector industrial é máis de dez puntos superior ao rexistrado en Galicia: o 15,8% e o 26,1%, respectivamente. No caso do sector primario, a ocupación nestas actividades representa o 7,7% da ocupación total en Galicia fronte ao 11,6% no norte de Portugal.

Un ano máis Galicia incrementa a súa taxa de paro, cunha rateo superior tanto á media europea como á rexistrada no Norte de Portugal; así a taxa de paro no ano 2012 acada en Galicia o 20,7%, e o 16,1% no conxunto da eurorrexión.

O desemprego dos menores de 25 anos resulta especialmente preocupante en Galicia, onde a taxa de paro rexistra o 45,5%, fronte ao 32,8% no norte de Portugal e o 36,9% na eurorrexión.

Finalmente, segundo datos do informe de indicadores de mobilidade transfronteiriza EURES Transfronteirizo Norte de Portugal – Galicia, no que respecta aos datos relativos a traballadores de nacionalidade portuguesa afiliados á Seguridade Social en Galicia, destacar que no ano 2012, había 5.851 traballadores nesta situación, dos que o 51,8% son oficiais de primeira e segunda.

O número de contratos laborais a traballadores portugueses en Galicia pasou de 8.598 no ano 2011 a 7.229 en 2012, dos que só 884 contratos son a traballadores lusos que residen en Portugal. A pesar da forte redución do número de contratos laborais, a construción de edificios segue a ser a rama de actividade onde se rexistra un maior número de contratos laborais a traballadores portugueses, seguida, a distancia, polos servizos de comidas e bebidas. ■

# UNDOUS. cadro macroeconómico de galicia

**A economía galega no 2012 decrece** en taxas de variación interanual do seu Produto Interior Bruto (PIB) real a prezos de mercado o 1,2%, a taxa máis negativa da serie 2008-2012, agás a acadada no ano 2009 (–3,4%)

A contracción da actividade económica en Galicia foi menor que a rexistrada no conxunto do Estado (–1,4%) e superior á da zona euro (–0,6%).

No ano 2012 Galicia retoma unha situación de recesión, aínda que en mellor posición que a media estatal, existindo taxas de crecemento negativas nos catro trimestres do ano, sendo no cuarto trimestre, onde se acada o maior retroceso, cunha taxa de variación interanual do -1,6%.

A recesión económica reflíctese, novamente, nun incremento do desemprego así como na redución do número de persoas afiliadas á Seguridade Social e no número de persoas ocupadas.

## Análise macroeconómico da economía de Galicia. Agregados da demanda

Dende o punto de vista da demanda, o consumo final diminúe en Galicia en relación ao ano anterior nun 2,4%. O gasto en consumo final dos fogares diminúe un 2,2% (–1% no ano 2011) e o gasto en consumo final das Administracións Públicas redúcese a unha taxa interanual do 3,2%, (1,1% de redución no ano 2011).

O consumidor galego aumenta o seu pesimismo en 2012, como amosa o valor negativo do indicador de confianza , que se sitúa nos –36,1 puntos, cando no ano precedente era de –24,8 puntos. O indicador de confianza do consumidor é un indicador que toma valores entre (–100) e 100, correspondendo os valores entre 0 e 100

con percepcións favorables e entre 0 e (−100) con percepcións desfavorables, tanto máis pesimistas ou optimistas canto máis se aproximen os valores aos extremos.

Outros indicadores relacionados coa ralentización no consumo das familias son o negativo índice de vendas polo miúdo, o retroceso das taxas de variación interanual do valor das importacións de bens de consumo ou o novo descenso na ocupación hoteleira.

No que ao investimento se refire, o cadro macroeconómico de Galicia reflicte que a formación bruta de capital experimentou no ano 2012 unha contracción do 5%, cando no ano precedente reducírase nun 4,2%. Os datos trimestrais reflicten unha redución máis intensa, superiores ao 5%, nos dous primeiros trimestres do ano, acadando un 4,8% de taxa de variación interanual negativa no cuarto trimestre. A nivel estatal continúa a tendencia de redución na formación bruta de capital , aínda que neste caso, cunha maior intensidade, acadando no conxunto do Estado, reducións superiores ao 10% no cuarto trimestre do ano 2012.

No que atinxe á evolución do investimento en bens de equipo, reflectido nos datos de variación do índice de produción industrial, este descendeu un 11,7% respecto ao experimentado no ano 2011, onde xa decrecera un 9,9%. Así mesmo, fronte ao incremento de máis do 27% nas importacións de bens de equipamento no ano 2011, no ano 2012, estas descenden nun 0,6%.

Ao igual que acontecera no ano 2011, no ano 2012 a licitación oficial pública segundo data de anuncio rexistrou en Galicia unha caída do 7,6%, destacando, ao igual que no ano anterior, o aumento da licitación da Administración Xeral do Estado, que se incrementa nun 15,2%, fronte ao descenso das licitacións na Administración Autonómica, nun 66%, e nas Administracións Locais, nun 53,3%.

No que respecta ao sector exterior, en termos reais, as importacións reducíronse no ano 2012 un 3,7% respecto ao importe do ano anterior e as exportacións reducíronse un 2,5%. Como se desprende do **cadro 3.3.3.** *[Importacións e exportacións 2011-12: distribución segundo áreas xeográficas]*, no último ano cambia o peso relativo dentro das relacións comerciais co resto das comunidades autónomas españolas, xa que, por unha banda, se reduce o valor das importacións galegas procedentes do resto do Estado, acadando o 52,7% do total, fronte ao 56,9% que representaban no ano 2011, e, por outra banda, incrementase o valor das exportacións galegas con destino resto de España, pasando do 41,5% do total no ano 2011 ao 43,6% no ano 2012, a causa, tanto do incremento do valor das exportacións cara ao resto do Estado, como da redución do valor das exportacións cara ao resto do mundo.

O saldo da balanza comercial segue sendo negativo, en torno aos 2.200 millóns de euros, nembargante no ano 2012 redúcese de forma moi significativa o saldo comercial negativo co resto de comunidades do Estado español, pasando de 6.120 millóns de euros no ano 2011 a 3.800 millóns no ano 2012, nembargante o saldo comercial positivo de Galicia co resto do mundo tamén se reduce, así, pasa dun saldo positivo de 3.470 millóns de euros a tan só 1.645 millóns no ano 2012.

Finalmente, destacar que, a pesar de estar nunha situación de recesión, a contracción da demanda interna en Galicia é inferior á media estatal, nembargante o sector exterior, pese a ter unha contribución positiva, evoluciona dun xeito peor que a nivel estatal.

**PIB 2011-12: distribución segundo as súas compoñentes** (1)

| | 2011 | 2012 | 2011 | | | | 2012 | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| | | | trimestres | | | | | | | |
| | | | I | II | III | IV | I | II | III | IV |
| | | | *(taxas de variación interanual)* | | | | | | | |
| **Gasto en consumo final** | -1,0 | -2,4 | -0,6 | -0,8 | -1,4 | -1,3 | -1,2 | -2,7 | -2,7 | -3,1 |
| Gasto en consumo final dos fogares e ISFLSF | -1,0 | -2,2 | -0,9 | -1,1 | -0,8 | -1,1 | -1,5 | -2,1 | -2,3 | -2,7 |
| Gasto en consumo final das AA.PP. | -1,1 | -3,2 | 0,3 | 0,2 | -2,9 | -1,7 | -0,6 | -4,3 | -3,9 | -4,1 |
| **Formación bruta de capital fixo** | -4,2 | -5,0 | -5,1 | -4,1 | -4,2 | -3,4 | -5,9 | -5,4 | -3,8 | -4,8 |
| **Exportacións de bens e servizos** | 4,5 | -5,0 | 5,3 | 9,7 | -0,3 | 3,7 | -6,5 | -8,9 | 3,4 | -7,7 |
| **Importacións de bens e servizos** | 1,1 | -7,9 | 1,1 | 5,7 | -3,5 | 1,0 | -8,5 | -11,8 | -0,3 | -10,6 |
| **PIB a prezos de mercado** | -0,1 | -1,2 | 0,3 | 0,0 | -0,4 | -0,5 | -0,8 | -1,2 | -1,2 | -1,6 |
| Ramas agraria e pesqueira | 2,3 | 0,0 | 3,2 | 2,3 | 1,7 | 2,0 | 2,3 | 0,2 | -0,4 | -2,2 |
| Ramas industriais | -3,8 | -1,3 | -1,7 | -2,9 | -8,1 | -2,6 | -6,4 | -2,2 | 4,0 | -0,1 |
| Construción | -3,3 | -4,1 | -4,9 | -3,0 | -2,4 | -2,7 | -3,6 | -4,1 | -4,7 | -4,0 |
| Ramas dos servizos | 1,2 | -1,0 | 2,0 | 1,2 | 1,6 | 0,0 | 0,3 | -0,9 | -1,9 | -1,6 |
| **Impostos netos sobre os produtos** | 0,9 | 0,7 | -0,2 | 1,1 | 2,6 | 0,2 | 2,3 | 1,0 | -0,5 | 0,3 |

(1) PIB a prezos de mercado (índices de volume encadenados), base 2008; datos correxidos de efectos estacionais e de calendario (consulta:01-03-2013)

Fonte: *IGE*

**1.2.1.**

Dende o punto de vista da **oferta**, salvo as ramas agrarias e pesqueiras que non presentan variación, as restantes ramas económicas en Galicia no ano 2012, reflicten reducións interanuais do seu valor engadido bruto. As ramas industriais reducen o seu VEB un 1,3% en relación ao ano anterior, seguindo coa tendencia de redución do valor engadido proporcionado polo sector industrial, iniciada no ano 2008, acadando o peor dato da serie no ano 2009, cunha redución do 10,6% do VEB.

A construción reflicte novamente un taxa negativa de variación do seu valor engadido bruto, cun 4,1% menos que no ano precedente, seguindo igualmente a senda de reducións continuadas do seu valor engadido dende o ano 2009, sendo o ano 2010 o que presenta unha variación máis negativa co 8,5% menos de valor engadido que o ano anterior.

Os servizos presentan no ano 2012 unha taxa negativa de variación do seu valor engadido do 1%, fronte ás taxas de crecemento do seu VEB en toda a serie 2008-2011, agás no ano 2009 (-0,9%).

Ao longo do ano, os datos recollidos no **cadro 1.2.1.** amosan unha evolución trimestral dual, entre as ramas industriais e as restantes, destacando o empeoramento das taxas de variación no segundo semestre do ano tanto para o sector primario, construción e servizos, fronte a aparente melloría que reflicten as taxas no sector industrial, onde de taxas de variación negativas superiores ao 6% no primeiro trimestre, parece moderarse a súa caída ata taxas negativas do 0,1% no cuarto trimestre.

No último ano, o peso da remuneración de asalariados no PIB diminuíu, en tanto que a dos excedentes brutos de explotación/rendas mixtas incrementáse. En termos nominais, 2012 presenta, por unha banda, unha redución do 5,5% da remuneración salarial, unha redución da actividade produtiva do 1,2% (en termos de PIB real prezos correntes) e un incremento do 3,4% dos beneficios empresariais (en termos de excedente de explotación bruto/renda mixta bruta).

No que respecta á distribución da renda,

## Consumo e investimento en Galicia e España 2011-12: principais indicadores

| | Galicia 2011 | Galicia 2012 | España 2011 | España 2012 |
|---|---|---|---|---|
| | *(taxas de variación interanual)* | | | |
| **Consumo** | | | | |
| **Índice de vendas do comercio polo miúdo** | -2,4 | -2,2 | -1,7 | -3,8 |
| **Índice de vendas do comercio polo miúdo** *(prezos constantes)* | -6,4 | -4,9 | -5,7 | -6,7 |
| **Produción de bens de consumo** *(índice de producción industrial)* | -5,4 | -2,7 | 0,9 | -4,6 |
| Produción de bens de consumo duradeiro | -12,5 | -11,2 | -1,4 | -11,2 |
| Produción de bens de consumo non duradeiro | -4,8 | -2,3 | -10,8 | -3,9 |
| **Importación de bens de consumo** | -9,6 | -13,6 | -18,6 | -14,1 |
| **Ocupación hoteleira** | -12,7 | -7,5 | 8,3 | -2,3 |
| **Gasto de Administracións Públicas** | -1,1 | -3,2 | -0,5 | -3,7 |
| **Expectativas do consumidor** (1) *(saldo medio das respostas)* | | | | |
| Indicador de confianza do consumidor | -24,8 | -36,1 | | |
| Situación financeira persoal | -9,5 | -20,0 | | |
| Situación económica de Galicia | -25,7 | -41,6 | | |
| Capacidade de aforro | -33,8 | -33,4 | | |
| Emprego | -30,3 | -49,2 | | |
| **Investimento** | | | | |
| | | *(taxas de variación interanual)* | | |
| **Produción de bens de equipo** *(índice de producción industrial)* | -9,9 | -11,7 | 0,2 | -10,7 |
| **Importacións de bens de equipo** | 27,2 | -0,6 | -2,5 | -10,2 |
| **Licitación pública** | | | | |
| Total | -14,7 | -7,6 | -47,9 | -45,5 |
| Administración Xeral do Estado | 64,5 | 15,2 | 18,2 | -58,1 |
| Administración autonómica | -53,5 | -66,0 | -61,4 | -38,3 |
| Administracións local | -63,8 | -53,3 | -68,6 | -30,1 |
| **Expectativas empresariais** *(saldo medio das respostas)* | | | | |
| Indice galego de confianza empresarial | -31,6 | PENDIENTE | | |

**(1) presentan valores que oscilan entre -100 e +100, sendo os resultados máis optimistas tanto para o momento actual como para o futuro os que máis se acerquen ao punto máximo**

Fonte: elaboración propia *CES-Galicia*

**1.2.2.**

## Tipos de xuros e préstamos hipotecarios 2008-12

| | TAE | | | Tipo medio dos préstamos hipotecarios a máis de tres anos | | |
|---|---|---|---|---|---|---|
| | vivenda | consumo | outros fins | bancos | caixas de aforros | total entidades |
| | *(datos do mes de decembro)* | | | *(medias anuais)* | | |
| **2008** | 5,83 | 10,99 | 7,03 | 5,78 | 5,92 | 5,86 |
| **2009** | 2,62 | 9,72 | 4,95 | 3,15 | 3,65 | 3,44 |
| **2010** | 2,66 | 7,47 | 5,64 | 2,51 | 2,97 | 2,77 |
| **2011** | 3,66 | 9,11 | 6,29 | 3,26 | 3,50 | 3,38 |
| **2012** | 2,93 | 8,31 | 6,23 | 3,28 | 3,61 | 3,42 |

Fonte: *Banco de España*

**1.2.3.**

**Asignación funcional da renda 2008-12** (1)

| | Remuneración dos asalariados | Excedente de explotación bruto /Renda mixta bruta | Impostos netos sobre produción e importacións | PIB a prezos de mercado |
|---|---|---|---|---|
| | *(en millóns de euros)* | | | |
| **2008** | 27.163,9 | 25.892,5 | 4.792,1 | 57.848,5 |
| **2009** | 27.065,9 | 24.584,5 | 4.727,9 | 56.378,3 |
| **2010** | 26.589,9 | 24.841,6 | 5.181,5 | 56.613,0 |
| **2011** | 26.064,2 | 25.885,5 | 5.036,3 | 56.986,1 |
| **2012** | 24.640,6 | 26.761,6 | 4.972,2 | 56.313,3 |
| | *(% / PIB)* | | | |
| **2008** | 47,0 | 44,8 | 8,3 | 100,0 |
| **2009** | 48,0 | 43,6 | 8,4 | 100,0 |
| **2010** | 47,0 | 43,9 | 9,2 | 100,0 |
| **2011** | 45,7 | 45,4 | 8,8 | 100,0 |
| **2012** | 43,8 | 47,5 | 8,8 | 100,0 |

(1) PIB a prezos correntes; datos correxidos de efectos estacionais e de calendario; Base 2008 (consulta: 01-03-2013)
Fonte: *IGE*

**1.2.4.**

no período 2008-2012, a participación dos asalariados na renda diminúe en 3,3 puntos porcentuais, pasando do 47% no ano 2008 ao 43,7% no 2012. Pola contra, o peso dos beneficios, en termos de excedente bruto de explotación/rendas mixtas, increméntase en 2,7 puntos porcentuais, pasando do 44,8% no ano 2008 ao 47,5% no 2012.

A redución continuada do peso da remuneración dos asalariados e o crecemento continuo do peso dos excedentes brutos de explotación provocan que, por primeira vez no ano 2012, o peso sobre o PIB das remuneracións salariais sexa menor que o dos excedentes de explotación.

A taxa media de variación interanual do índice xeral de prezos (IPC) foi do 2,4%, cando no ano anterior este índice situouse no 3,4%. A evolución ao longo do ano amosa unha tendencia decrecente, acadando a taxa de variación máis reducida nos meses de maio e xuño (1,8%).

O aumento salarial pactado en Galicia experimentou unha medra do 2,19%, catro décimas por debaixo do rexistrado no ano anterior. Galicia presenta un aumento salarial pactado nos convenios de empresa inferior á media estatal, por primeira vez, 1,26% fronte ao 1,4% de aumento medio estatal.

A evolución da importancia relativa da poboación asalariada no conxunto do emprego, medido en termos do número de postos de traballo equivalente a tempo completo, mostra, segundo os datos das Contas Económicas, que no 2012 os 816.130 asalariados equivalente a tempo completo, o 83,9% do total, distribúense o 43,8% da renda.

## • Inflación

A tendencia descendente da inflación galega no segundo semestre do ano 2011 continúa no ano 2012, fundamentalmente no primeiro semestre, acadándose un lixeiro repunte no segundo semestre do ano, con taxas do 3,3% nos meses de setembro e outubro (as máis elevadas do ano). A taxa media de variación interanual en Galicia ascende en 2012 ata o 2,4%, mesma taxa que no conxunto do Estado, cando no ano precedente o IPC medio anual foi do 3,4% (3,2% en España). No conxunto dos países da zona euro a media anual do IPC situouse no 2,5%.

**IPC xeral nas CC.AA. 2011-12**

| | 2011 | 2012 | 12/11 | 2011 | 2012 | 12/11 |
|---|---|---|---|---|---|---|
| | (datos do mes de decembro) | | | (medias anuais) | | |
| | (taxas de variación interanual) | | | | | |
| | (%) | | (en puntos porcentuais) | (%) | | (en puntos porcentuais) |
| Andalucía | 2,1 | 2,6 | 0,5 | 3,2 | 2,4 | -0,8 |
| Aragón | 2,4 | 2,7 | 0,3 | 3,2 | 2,2 | -1,0 |
| Asturias | 2,7 | 2,6 | -0,1 | 3,6 | 2,3 | -1,3 |
| Baleares | 2,3 | 3,1 | 0,8 | 2,9 | 2,5 | -0,4 |
| Canarias | 2,0 | 2,5 | 0,5 | 2,6 | 2,0 | -0,6 |
| Cantabria | 2,3 | 3,6 | 1,3 | 3,4 | 2,6 | -0,8 |
| Castela e León | 2,7 | 3,1 | 0,4 | 3,5 | 2,8 | -0,7 |
| Castela-A Mancha | 2,6 | 2,7 | 0,1 | 3,7 | 2,4 | -1,3 |
| Cataluña | 2,5 | 3,6 | 1,1 | 3,3 | 2,9 | -0,4 |
| C. Valenciana | 2,1 | 3,0 | 0,9 | 3,1 | 2,4 | -0,7 |
| Estremadura | 2,4 | 2,8 | 0,4 | 3,2 | 2,3 | -0,9 |
| Galicia | 2,5 | 2,6 | 0,1 | 3,4 | 2,4 | -1,0 |
| A Coruña | 2,7 | 2,4 | -0,3 | 3,5 | 2,2 | -1,3 |
| Lugo | 2,4 | 3,0 | 0,6 | 3,2 | 2,6 | -0,6 |
| Ourense | 2,5 | 2,9 | 0,4 | 3,3 | 2,6 | -0,7 |
| Pontevedra | 2,4 | 2,6 | 0,2 | 3,3 | 2,4 | -0,9 |
| Madrid | 2,5 | 2,5 | 0,0 | 3,1 | 2,4 | -0,7 |
| Murcia | 2,2 | 2,9 | 0,7 | 3,1 | 2,3 | -0,8 |
| Navarra | 2,6 | 2,7 | 0,1 | 3,2 | 2,6 | -0,6 |
| País Vasco | 2,4 | 2,7 | 0,3 | 3,1 | 2,3 | -0,8 |
| A Rioxa | 2,7 | 2,8 | 0,1 | 3,5 | 2,6 | -0,9 |
| Ceuta | 2,0 | 2,2 | 0,2 | 2,4 | 2,1 | -0,3 |
| Melilla | 1,5 | 1,6 | 0,1 | 2,3 | 1,6 | -0,7 |
| Total | 2,4 | 2,9 | 0,5 | 3,2 | 2,4 | -0,8 |

Fonte: *INE*

**1.2.5.**

A nivel provincial, cómpre salientar que, en termos medios, todas as provincias galegas presentan un descenso dos prezos ao consumo, superiores á media galega só no caso da provincia de A Coruña.

Os axentes máis inflacionistas no ano 2012, tanto en Galicia como no conxunto do Estado, son os integrados nos grupos de bebidas alcohólicas e tabaco, vivenda e transporte; aínda que nos tres casos, con taxas de variación inferiores ás rexistradas no ano 2011. Así, na comunidade galega, o incremento medio dos prezos dos produtos de bebidas alcohólicas e tabaco foi do 5,5% (5,9% de media en España), en tanto que no caso da vivenda e do transporte estas porcentaxes foron do 5,9% e 4%, respectivamente (5,1% e 4,8% en España). Pola contra, os menos inflacionistas foron os grupos de comunicacións, vestido e calzado e ocio e cultura, con procesos de deflación no caso das comunicacións tanto en Galicia como en España.

Atendendo á súa distribución segundo produtos, cómpre salientar que os ovos, cun incremento de 24,6 puntos porcentuais (pp), os medicamentos e material terapéutico, cun incremento de 9 pp, e as legumes e hortalizas frescas, con 5,3 pp, son os produtos que rexistraron os incrementos medios máis importantes. Salientan tamén, por outra banda, os descensos en torno aos 14 pp do azucre ou de 6 pp do tabaco.

A inflación subxacente (non considera os alimentos non elaborados nin os produtos enerxéticos) presentou en 2012, unha tendencia á contención, con saltos entre taxas

## IPC xeral en Galicia e España 2011-12




## IPC subxacente en Galicia e España 2011-12




Fonte: *INE*

**1.2.6.**

## IPC galego e español 2011-12: distribución segundo grupos

| | 2011 | | 2012 | | 12/11 | |
|---|---|---|---|---|---|---|
| | Galicia | España | Galicia | España | Galicia | España |
| | | | *(taxas de variación media anuais) (%)* | | *(en puntos porcentuais)* | |
| Xeral | 3,4 | 3,2 | 2,4 | 2,4 | -1,0 | -0,8 |
| **Alimentos e bebidas non alcohólicas** | 2,6 | 2,1 | 2,3 | 2,3 | -0,3 | 0,2 |
| **Bebidas alcohólicas e tabaco** | 9,4 | 10,2 | 5,5 | 5,9 | -3,9 | -4,3 |
| **Vestido e calzado** | 0,2 | 0,3 | 0,2 | 0,3 | 0,0 | 0,0 |
| **Vivenda** | 9,0 | 7,2 | 5,9 | 5,1 | -3,1 | -2,1 |
| **Enxoval** | 1,2 | 1,1 | 1,1 | 0,9 | -0,1 | -0,2 |
| **Medicina** | -0,9 | -1,3 | 3,1 | 3,5 | 4,0 | 4,8 |
| **Transporte** | 7,7 | 8,0 | 4,0 | 4,8 | -3,7 | -3,2 |
| **Comunicacións** | -0,8 | -0,8 | -3,4 | -3,4 | -2,6 | -2,6 |
| **Ocio e cultura** | -0,1 | -0,1 | 0,5 | 0,7 | 0,6 | 0,8 |
| **Ensino** | 2,2 | 2,4 | 3,3 | 4,8 | 1,1 | 2,4 |
| **Hoteis, cafés e restaurantes** | 2,0 | 1,6 | 1,2 | 0,9 | -0,8 | -0,7 |
| **Outros bens e servizos** | 2,5 | 2,9 | 2,0 | 2,3 | -0,5 | -0,6 |

Fonte: *INE*

**1.2.7.**

## IPC galego e español 2011-12: distribución segundo produtos

| | 2011 | | 2012 | | 12/11 | |
|---|---|---|---|---|---|---|
| | Galicia | España | Galicia | España | Galicia | España |
| | (taxas de variación media anuais) (%) | | | | (en puntos porcentuais) | |
| **Índice xeral** | 3,4 | 3,2 | 2,4 | 2,4 | -1,0 | -0,8 |
| **Cereais e derivados** | 3,7 | 3,1 | 2,9 | 2,9 | -0,8 | -0,2 |
| **Pan** | 2,3 | 0,7 | 0,9 | 1,0 | -1,4 | 0,3 |
| **Carne de vacún** | 1,8 | 1,6 | 0,2 | 3,0 | -1,6 | 1,4 |
| **Carne de ovino** | 1,6 | 1,6 | 0,3 | 0,8 | -1,3 | -0,8 |
| **Carne de porcino** | 1,8 | 2,3 | 0,0 | 1,7 | -1,8 | -0,6 |
| **Carne de ave** | 2,6 | 4,3 | -0,2 | 1,0 | -2,8 | -3,3 |
| **Outras carnes** | 1,9 | 1,1 | 2,3 | 2,1 | 0,4 | 1,0 |
| **Peixe fresco e conxelado** | 0,6 | 2,7 | 0,7 | 0,9 | 0,1 | -1,8 |
| **Crustáceos, moluscos e preparados de peixe** | 5,2 | 4,6 | 2,8 | 2,3 | -2,4 | -2,3 |
| **Ovos** | -1,2 | -1,1 | 23,4 | 15,3 | 24,6 | 16,4 |
| **Leite** | 0,0 | -0,2 | 1,6 | 1,7 | 1,6 | 1,9 |
| **Productos lácteos** | 2,8 | 3,4 | 3,4 | 3,1 | 0,6 | -0,3 |
| **Aceites e graxas** | 1,1 | 0,4 | 4,8 | 2,9 | 3,7 | 2,5 |
| **Froitas frescas** | 2,9 | 1,0 | 4,6 | 4,6 | 1,7 | 3,6 |
| **Froitas en conserva e frutos secos** | -1,0 | 0,9 | 4,3 | 2,8 | 5,3 | 1,9 |
| **Legumes e hortalizas frescas** | 0,4 | -0,4 | -1,3 | 0,6 | -1,7 | 1,0 |
| **Preparados de legumes e hortalizas** | 4,2 | 2,3 | 3,5 | 3,2 | -0,7 | 0,9 |
| **Patacas e os seus preparados** | 6,6 | 1,6 | -1,4 | -3,5 | -8,0 | -5,1 |
| **Café, cacao e infusións** | 10,0 | 10,1 | 5,9 | 5,5 | -4,1 | -4,6 |
| **Sucre** | 18,3 | 19,4 | 4,0 | 4,9 | -14,3 | -14,5 |
| **Outros preparados alimenticios** | 3,2 | 2,1 | 2,2 | 2,0 | -1,0 | -0,1 |
| **Augua mineral, refrescos e zumes** | 0,1 | 0,6 | 1,5 | 1,5 | 1,4 | 0,9 |
| **Bebidas alcólicas** | 1,3 | 1,4 | 2,0 | 2,3 | 0,7 | 0,9 |
| **Tabaco** | 13,5 | 13,3 | 7,4 | 7,2 | -6,1 | -6,1 |
| **Prendas de vestir de home** | 0,2 | 0,5 | 1,4 | 0,9 | 1,2 | 0,4 |
| **Prendas de vestir de muller** | -0,2 | -0,2 | -0,8 | -0,2 | -0,6 | 0,0 |
| **Prendas de vestir de neno e bebé** | 0,3 | 0,1 | -1,3 | -0,4 | -1,6 | -0,5 |
| **Complementos e reparacións de prendas de vestir** | 0,8 | 1,2 | 0,8 | 0,8 | 0,0 | -0,4 |
| **Calzado de home** | 1,3 | 0,5 | 0,6 | 0,5 | -0,7 | 0,0 |
| **Calzado de muller** | 0,7 | 0,8 | 1,2 | 0,6 | 0,5 | -0,2 |
| **Calzado de neno** | 0,7 | 0,5 | 0,6 | 0,3 | -0,1 | -0,2 |
| **Reparación de calzado** | 3,4 | 3,9 | 1,6 | 2,5 | -1,8 | -1,4 |
| **Vivenda en aluguer** | 1,3 | 1,0 | 0,9 | 0,5 | -0,4 | -0,5 |
| **Calefacción, alumeado e distribución de auga** | 15,3 | 13,4 | 9,7 | 9,0 | -5,6 | -4,4 |
| **Conservacion da vivenda** | 2,9 | 2,2 | 2,4 | 1,7 | -0,5 | -0,5 |
| **Mobles e revestimentos de solo** | 2,2 | 1,9 | 0,8 | 0,7 | -1,4 | -1,2 |
| **Textis e accesorios para o fogar** | 1,4 | 2,0 | -0,5 | -0,5 | -1,9 | -2,5 |
| **Electrodomesticos e reparacións** | -1,7 | -1,2 | -0,7 | -0,5 | 1,0 | 0,7 |
| **Utensilios e ferramentas para o fogar** | 2,2 | 2,8 | 1,3 | 1,3 | -0,9 | -1,5 |
| **Artigos non duradeiros para o fogar** | 1,0 | 0,6 | 2,9 | 1,9 | 1,9 | 1,3 |
| **Servizos para o fogar** | 2,3 | 2,6 | 2,2 | 2,1 | -0,1 | -0,5 |
| **Servizos médicos e semellantes** | 1,6 | 2,5 | 1,1 | 1,6 | -0,5 | -0,9 |
| **Medicamentos e material terapéutico** | -3,2 | -3,8 | 5,8 | 6,6 | 9,0 | 10,4 |
| **Transporte personal** | 7,4 | 7,8 | 3,6 | 4,1 | -3,8 | -3,7 |
| **Transporte público urbán** | 2,0 | 3,2 | 4,4 | 7,9 | 2,4 | 4,7 |
| **Transporte público interurbán** | 2,9 | 3,7 | 2,9 | 4,4 | 0,0 | 0,7 |
| **Comunicacións** | -0,8 | -0,8 | -3,4 | -3,4 | -2,6 | -2,6 |
| **Obxectos recreativos** | -3,7 | -4,8 | -3,9 | -4,7 | -0,2 | 0,1 |
| **Publicacións** | 2,8 | 3,1 | 1,2 | 0,8 | -1,6 | -2,3 |
| **Esparcimento** | 1,0 | 1,4 | 2,9 | 3,8 | 1,9 | 2,4 |
| **Educación infantil e primaria** | 1,7 | 1,8 | 3,3 | 2,5 | 1,6 | 0,7 |
| **Educación secundaria** | 1,9 | 1,5 | 2,9 | 2,6 | 1,0 | 1,1 |
| **Educación universitaria** | 3,2 | 3,2 | 5,4 | 9,0 | 2,2 | 5,8 |
| **Outros gastos de ensinanza** | 1,5 | 2,2 | 1,5 | 1,6 | 0,0 | -0,6 |
| **Artículos de uso persoal** | 0,9 | 1,3 | 0,8 | 1,0 | -0,1 | -0,3 |
| **Turismo e hostalería** | 2,1 | 1,8 | 1,6 | 1,4 | -0,5 | -0,4 |
| **Outros benes e servizos** | 4,7 | 4,2 | 5,1 | 5,1 | 0,4 | 0,9 |

Fonte: *INE*

**1.2.8.**

**Índice de prezos industriais nas CC.AA. 2012: distribución segundo destino económico dos bens**

| | Índice xeral | Bens de consumo | Bens de consumo duradeiro | Bens de consumo non duradeiro | Bens de equipo | Bens intermedios | Enerxía |
|---|---|---|---|---|---|---|---|
| | *(taxas de variación anual)* | | | | | | |
| **Andalucía** | 4,3 | 6,5 | 3,6 | 6,7 | -1,1 | 4,9 | 3,8 |
| **Aragón** | 2,7 | 1,1 | 0,3 | 1,8 | 0,0 | 4,3 | 6,2 |
| **Asturias** | 1,3 | 1,2 | 0,6 | 1,4 | 8,9 | -3,0 | 4,9 |
| **Baleares** | 4,1 | 1,5 | 0,2 | 1,6 | -0,1 | 4,5 | 5,6 |
| **Canarias** | 2,9 | 1,2 | 0,0 | 1,2 | -1,8 | 2,3 | 4,1 |
| **Cantabria** | 1,4 | -2,9 | 0,1 | -3,9 | -3,2 | 4,3 | 5,9 |
| **Castela e León** | 4,1 | 3,4 | 1,4 | 3,5 | 0,5 | 4,8 | 6,4 |
| **Castela-A Mancha** | 4,1 | 7,5 | 0,5 | 8,1 | 1,2 | 3,7 | 1,8 |
| **Cataluña** | 3,0 | 3,1 | 0,7 | 3,3 | 0,6 | 3,6 | 4,3 |
| **C. Valenciana** | 1,1 | 0,6 | 1,4 | 0,5 | -0,8 | 0,8 | 3,9 |
| **Estremadura** | 4,4 | 4,9 | 0,2 | 4,9 | -0,9 | 4,7 | 6,2 |
| **Galicia** | 2,3 | 1,9 | -2,3 | 2,4 | 1,3 | 2,4 | 3,3 |
| **Madrid** | 3,3 | 1,1 | 1,8 | 1,0 | 1,1 | 1,0 | 7,2 |
| **Murcia** | 3,1 | 5,6 | 1,6 | 6,3 | 0,1 | 2,6 | 1,9 |
| **Navarra** | 1,7 | 2,6 | -0,4 | 3,1 | 0,7 | 0,6 | 7,2 |
| **País Vasco** | 2,4 | 1,9 | -0,1 | 2,9 | 2,4 | 1,2 | 4,6 |
| **A Rioxa** | 1,5 | 0,6 | -0,1 | 0,7 | 0,6 | 1,7 | 6,8 |
| **Total** | 2,7 | 2,7 | 1,1 | 3,1 | 0,6 | 2,3 | 4,4 |

Fonte: *INE*

**1.2.9.**

de variación positivas e negativas, e cunha taxa media de crecemento similar en Galicia e en España, e rematando o ano no mes de decembro cunha porcentaxe nula de variación.

No concernente a outros indicadores de prezos, o **cadro 1.2.9.** amosa que en Galicia, a taxa de variación interanual do índice xeral de prezos industriais (IPI) a decembro de 2012, rexistrou unha subida do 2,3%, sendo esta porcentaxe levemente inferior á rexistrada no conxunto do Estado (2,7%). Os maiores incrementos experiméntanse na enerxía, cunha medra do 3,3%, fronte ao incremento do 13,3% do ano anterior. O incremento no índice de prezos é xeneralizado en todos os tipos de bens, agás nos bens de consumo duradeiro, que presentan taxas negativas de variación dos seus prezos no ano 2012, do 2,3%.

## • Custos e salarios

O aumento salarial pactado en Galicia no conxunto dos sectores non primarios experimentou unha medra nominal do 2,19%, catro décimas por debaixo do incremento rexistrado no ano anterior. Atendendo á desagregación segundo convenios de empresa e convenios doutro ámbito, o **cadro 1.2.10.** amosa que estes medraron un 1,26% e un 2,51%, respectivamente. A diferenza do que aconteceu en anos anteriores, Galicia presenta un aumento salarial pactado nos convenios de empresa inferior ao do conxunto do Estado.

O custo laboral é o custo total no que incorre un empregador pola utilización do factor traballo, incluíndo, polo tanto, o custo salarial así como os chamados "outros custos" (prestacións non salariais e cotizacións obrigatorias á Seguridade Social), neste senso, o custo laboral por traballador e mes en Galicia rexistrou en 2012 unha redución do 2,6%, (–0,6% de media no Estado), sendo o custo laboral total por persoa e mes en Galicia menor ao custo medio estatal. Segundo reflicte a Enquisa trimestral do mercado laboral (INE), o custo laboral medio ascendeu en Galicia a

## Aumento salarial pactado en Galicia e España 2007-2012

| | 2007 | 2008 | 2009 | 2010 | 2011 | 2012 |
|---|---|---|---|---|---|---|
| | | | (%) | | | |
| **Galicia** | | | | | | |
| Total convenios | 4,95 | 4,19 | 3,25 | 2,64 | 2,57 | 2,19 |
| Convenios de empresa | 3,82 | 3,43 | 2,44 | 2,22 | 2,20 | 1,26 |
| Convenios doutro ámbito | 5,11 | 4,29 | 3,34 | 2,69 | 2,63 | 2,51 |
| **España** | | | | | | |
| Total convenios | 1,00 | 3,00 | 1,96 | 2,24 | 2,17 | 1,13 |
| Convenios de empresa | 3,43 | 3,00 | 2,12 | 1,86 | 2,04 | 1,40 |
| Convenios doutro ámbito | 4,11 | 3,00 | 1,94 | 2,29 | 2,19 | 1,08 |

Fonte: *Ministerio de Empleo y Seguridad Social*

**1.2.10.**

## Custos laborais en Galicia e España 2011-12: distribución segundo sectores económicos e compoñentes

**2011**

| | Galicia | | | | España | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| | Total | Industria | Construción | Servizos | Total | Industria | Construción | Servizos |
| | | | | (en euros) | | | | |
| **Custo laboral por traballador e mes** | 2.265,35 | 2.479,62 | 2.350,18 | 2.195,54 | 2.556,79 | 2.897,90 | 2.649,94 | 2.477,60 |
| Custo salarial total | 1.669,74 | 1.820,85 | 1.626,65 | 1.634,47 | 1.894,84 | 2.147,29 | 1.849,53 | 1.848,14 |
| Custo salarial ordinario | 1.447,01 | 1.548,52 | 1.404,58 | 1.425,05 | 1.630,75 | 1.808,45 | 1.586,97 | 1.599,02 |
| Outros custos | 595,61 | 658,76 | 723,53 | 561,07 | 661,95 | 750,61 | 800,41 | 629,47 |
| Custo por percepcións non salariais | 91,01 | 90,84 | 156,13 | 82,24 | 109,82 | 113,09 | 184,97 | 101,36 |
| Custo por cotizacións obrigatorias | 523,93 | 593,47 | 585,56 | 496,64 | 572,73 | 666,36 | 634,63 | 547,18 |
| Subvencións e bonificacións da S. Social | 19,33 | 25,55 | 18,16 | 17,81 | 20,60 | 28,84 | 19,19 | 19,07 |
| **Custo laboral por hora efectiva** | | | | | | | | |
| Custo total por hora | 17,07 | 17,84 | 16,10 | 17,00 | 19,56 | 21,00 | 18,48 | 19,37 |
| Custo salarial total por hora | 12,59 | 13,11 | 11,15 | 12,66 | 14,50 | 15,56 | 12,89 | 14,45 |
| Custos salarial ordinario por hora | 10,90 | 11,14 | 9,62 | 11,04 | 12,48 | 13,12 | 11,07 | 12,51 |
| Outros custos por hora | 4,49 | 4,74 | 4,95 | 4,35 | 5,07 | 5,44 | 5,58 | 4,92 |

**2012**

| | Galicia | | | | España | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| | Total | Industria | Construción | Servizos | Total | Industria | Construción | Servizos |
| | | | | (en euros) | | | | |
| **Custo laboral por traballador e mes** | 2.206,21 | 2.516,36 | 2.414,24 | 2.103,65 | 2.540,26 | 2.953,14 | 2.688,86 | 2.446,11 |
| Custo salarial total | 1.618,13 | 1.835,05 | 1.646,69 | 1.559,41 | 1.883,54 | 2.172,15 | 1.872,79 | 1.827,48 |
| Custo salarial ordinario | 1.434,20 | 1.564,43 | 1.421,67 | 1.402,12 | 1.638,89 | 1.831,65 | 1.606,94 | 1.603,45 |
| Outros custos | 588,08 | 681,31 | 767,55 | 544,25 | 656,72 | 780,99 | 816,06 | 618,63 |
| Custo por percepcións non salariais | 89,37 | 107,55 | 192,73 | 73,25 | 102,47 | 130,67 | 189,07 | 89,54 |
| Custo por cotizacións obrigatorias | 514,45 | 595,31 | 590,80 | 485,22 | 571,62 | 673,77 | 643,07 | 545,37 |
| Subvencións e bonificacións da S. Social | 15,74 | 21,55 | 15,98 | 14,22 | 17,37 | 23,45 | 16,08 | 16,28 |
| **Custo laboral por hora efectiva** | | | | | | | | |
| Custo total por hora | 16,75 | 18,25 | 16,95 | 16,32 | 19,55 | 21,54 | 18,92 | 19,18 |
| Custo salarial total por hora | 12,29 | 13,31 | 11,57 | 12,10 | 14,49 | 15,85 | 13,18 | 14,33 |
| Custos salarial ordinario por hora | 10,89 | 11,33 | 9,98 | 10,88 | 12,62 | 13,37 | 11,30 | 12,58 |
| Outros custos por hora | 4,46 | 4,94 | 5,39 | 4,22 | 5,06 | 5,70 | 5,74 | 4,85 |

Fonte: *INE*

**1.2.11.**

## Tempo de traballo segundo traballador e mes en Galicia e España 2011-12: distribución segundo tipo de xornada e sectores de actividade

### 2011

| | Total | | Industria | | Construción | | Servizos | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| | España | Galicia | España | Galicia | España | Galicia | España | Galicia |
| **Horas pactadas** | | | | | | | | |
| Total traballadores | 152,1 | 154,5 | 163,1 | 163,1 | 164,7 | 168,8 | 148,5 | 150,3 |
| Traballadores a tempo completo | 167,8 | 169,8 | 170,1 | 171,4 | 170,7 | 171,5 | 166,9 | 169,0 |
| Traballadores a tempo parcial | 86,8 | 84,7 | 86,7 | 88,1 | 84,2 | 94,1 | 86,8 | 84,1 |
| **Horas pagadas** | | | | | | | | |
| Total traballadores | 152,5 | 154,8 | 163,9 | 164,2 | 165,1 | 168,9 | 148,9 | 150,4 |
| Traballadores a tempo completo | 168,3 | 170,1 | 171,0 | 172,6 | 171,1 | 171,9 | 167,3 | 169,1 |
| Traballadores a tempo parcial | 86,8 | 84,8 | 86,7 | 88,0 | 84,2 | 93,8 | 86,9 | 84,1 |
| **Horas efectivas** | | | | | | | | |
| Total traballadores | 131,0 | 132,9 | 138,5 | 139,3 | 143,7 | 146,3 | 128,1 | 129,4 |
| Traballadores a tempo completo | 144,1 | 145,5 | 144,2 | 145,9 | 148,8 | 148,8 | 143,5 | 144,8 |
| Traballadores a tempo parcial | 76,2 | 75,7 | 76,6 | 78,5 | 74,8 | 84,0 | 76,3 | 75,0 |
| **Horas non traballadas** | | | | | | | | |
| Total traballadores | 21,8 | 22,1 | 25,7 | 25,2 | 21,6 | 22,8 | 21,0 | 21,2 |
| Traballadores a tempo completo | 24,4 | 24,9 | 27,1 | 27,0 | 22,6 | 23,4 | 24,0 | 24,5 |
| Traballadores a tempo parcial | 10,7 | 9,2 | 10,2 | 9,6 | 9,5 | 10,2 | 10,7 | 9,2 |
| **Horas extras por traballador** | | | | | | | | |
| Total traballadores | 0,6 | 0,5 | 1,0 | 1,2 | 0,6 | 0,6 | 0,5 | 0,3 |
| Traballadores a tempo completo | 0,7 | 0,6 | 1,1 | 1,3 | 0,6 | 0,6 | 0,6 | 0,3 |
| Traballadores a tempo parcial | 0,2 | 0,1 | 0,1 | - | 0,1 | 0,1 | 0,2 | 0,1 |

### 2012

| | Total | | Industria | | Construción | | Servicios | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| | España | Galicia | España | Galicia | España | Galicia | España | Galicia |
| **Horas pactadas** | | | | | | | | |
| Total traballadores | 151,1 | 153,3 | 167,3 | 162,7 | 163,4 | 167,3 | 147,8 | 149,4 |
| Traballadores a tempo completo | 167,9 | 169,6 | 170,1 | 171,2 | 170,6 | 171,3 | 167,2 | 169,0 |
| Traballadores a tempo parcial | 86,3 | 85,3 | 86,1 | 84,3 | 84,3 | 82,8 | 86,4 | 85,5 |
| **Horas pagadas** | | | | | | | | |
| Total traballadores | 151,3 | 153,3 | 163,1 | 163,1 | 163,7 | 167,4 | 148,0 | 149,2 |
| Traballadores a tempo completo | 168,2 | 169,6 | 170,4 | 171,6 | 170,9 | 171,4 | 167,4 | 168,8 |
| Traballadores a tempo parcial | 86,4 | 85,3 | 86,2 | 84,2 | 84,3 | 82,4 | 86,5 | 85,5 |
| **Horas efectivas** | | | | | | | | |
| Total traballadores | 130,2 | 132,0 | 137,6 | 138,3 | 142,4 | 142,7 | 127,7 | 129,2 |
| Traballadores a tempo completo | 144,3 | 145,2 | 143,4 | 145,0 | 148,5 | 146,1 | 144,0 | 145,2 |
| Traballadores a tempo parcial | 76,2 | 76,7 | 76,5 | 75,8 | 75,3 | 71,6 | 76,2 | 76,9 |
| **Horas non traballadas** | | | | | | | | |
| Total traballadores | 21,6 | 21,7 | 26,7 | 25,5 | 21,6 | 25,0 | 20,6 | 20,4 |
| Traballadores a tempo completo | 24,5 | 24,9 | 28,3 | 27,4 | 22,7 | 25,6 | 23,8 | 24,0 |
| Traballadores a tempo parcial | 10,3 | 8,7 | 9,8 | 8,5 | 9,0 | 11,3 | 10,4 | 8,7 |
| **Horas extras por traballador** | | | | | | | | |
| Total traballadores | 0,5 | 0,4 | 0,8 | 0,8 | 0,6 | 0,3 | 0,5 | 0,2 |
| Traballadores a tempo completo | 0,6 | 0,4 | 0,9 | 0,9 | 0,6 | 0,4 | 0,6 | 0,3 |
| Traballadores a tempo parcial | 0,2 | 0,1 | 0,1 | 0,0 | - | - | 0,2 | 0,1 |

Fonte: *INE*

**1.2.12.**

2.206,21 euros (un 13,1% inferior á media estatal), o que volve a situar a Galicia coma a terceira comunidade autónoma cos custos laborais máis baixos, tan só superada por Canarias (2.107,4 euros) e Estremadura (2.144,7 euros por traballador e mes).

A industria foi novamente, tanto en Galicia coma en España, o sector de actividade cos custos laborais máis elevados, cunha media de 2.516,4 euros en Galicia, o 85,2% da media estatal (**cadro 1.2.11.**). Séguenlle a construción, cun custo laboral medio de 2.414,24 euros (o 89,8% do custo medio estatal) e os servizos, cun custo medio de 2.103,65 euros (o 86% do custo medio en España).

O importe das ganancias salariais (pagos ordinarios) por traballador e mes segue situando a Galicia coma a terceira comunidade autónoma cos custos salariais ordinarios máis baixos, por detrás de Estremadura e Canarias. Tras unha redución do 0,9%, fronte ao incremento do 0,5% experimentado en España, estas ganancias acadaron en 2012 os 1.434,2 euros (204,7 euros menos que a media no conxunto do Estado), por diante de Estremadura, con 1.386,6 euros e Canarias, con 1.395,8 euros de custo salarial ordinario por traballador e mes.

En relación ao tempo de traballo, entendendo por horas pactadas as legalmente establecidas por acordo verbal, contrato individual ou convenio colectivo entre traballador e empresa, e por horas efectivas as realmente traballadas tanto en períodos normais de traballo, como en xornadas extraordinarias incluíndo as horas perdidas en lugar de traballo, o número de horas mensuais efectivamente traballadas descendeu lixeiramente en Galicia no ano 2012 en relación ao ano anterior (acada as 132 horas fronte ás 132,9 do ano 2011), así como no conxunto do Estado ata as 130,2 horas, (131 horas no ano 2011). Os traballadores a tempo completo teñen en Galicia 145,2 horas efectivamente traballadas (144,3 horas de media en España), e os traballadores a tempo parcial, un total de 76,7 horas ao mes (76,2 horas no conxunto do Estado).

Seguindo a tendencia de anos anteriores, a construción é o sector de actividade con máis horas pactadas, pagadas e efectivas, seguido pola industria e os servizos.

O leve descenso no número de horas efectivamente traballadas no ano 2012 en relación ao ano anterior foi acompañado dun descenso no custo laboral por hora efectiva, que acada un valor monetario de 16,75 euros, fronte aos 17,07 euros do ano anterior (19,55 euros de media en España, fronte aos 19,56 euros do ano 2011).

## Mercado de traballo e produtividade

O mercado de traballo no ano 2012 en Galicia, tal como se analiza con máis detenemento no capítulo 2 desta Memoria, reflicte os efectos máis negativos da contracción económica, así cunha taxa negativa de variación do PIB real do 1,2%, as magnitudes do mercado laboral en Galicia mostran datos moi negativos, cun forte incremento do desemprego.

O último ano presenta unha taxa de variación interanual do número de parados estimados do 18,6%, cunha caída do número de persoas afiliadas á Seguridade Social e do número de persoas ocupadas segundo a Enquisa de Poboación Activa (EPA) e un novo descenso da contratación rexistrada nas oficinas de emprego.

O número de afiliados á Seguridade Social en alta laboral descendeu un 3,5% no ano 2012 en Galicia, (descenso do 2,7% en 2011), e o número de persoas ocupadas segundo a EPA cae un 4%, 2,4 pp máis

**Produtividade aparente do factor traballo en Galicia e España 2011-12 (1): distribución segundo sectores**

| | 2011 | | 2012 | |
|---|---|---|---|---|
| | Galicia | España | Galicia | España |
| **Produción (1)** | *(prezos correntes, en millóns de euros)* | | | |
| PIB prezos de mercado | 56.841 | 1.063.355 | 56.376 | 1.051.204 |
| VEB sector primario | 2.446 | 24.383 | 2.638 | 26.019 |
| VEB industria | 10.004 | 165.051 | 10.006 | 163.331 |
| VEB construción | 6.133 | 98.546 | 5.562 | 87.719 |
| VEB servizos | 38.259 | 775.375 | 38.169 | 774.135 |
| **Emprego** | *(en miles de persoas)* | | | |
| Total | 1.082,9 | 18.104,6 | 1.039,4 | 17.282,0 |
| Sector primario | 83,2 | 760,2 | 79,8 | 753,2 |
| Industria | 175,5 | 2.555,3 | 163,8 | 2.430,8 |
| Construción | 91,3 | 1.393,0 | 79,0 | 1.147,6 |
| Servizos | 733,0 | 13.396,3 | 716,9 | 12.950,4 |
| **Produtividade aparente** | *(prezos correntes, en miles de euros / ocupado)* | | | |
| Total | 52,49 | 58,73 | 54,24 | 60,83 |
| Sector primario | 29,41 | 32,08 | 33,1 | 34,54 |
| Industria | 57,00 | 64,59 | 61,09 | 67,19 |
| Construción | 67,15 | 70,75 | 70,45 | 76,44 |
| Servizos | 52,20 | 57,88 | 53,24 | 59,78 |
| **Produtividade aparente** | *(prezos correntes, % G/E )* | | | |
| Total | 89,37 | | 89,17 | |
| Sector primario | 91,70 | | 95,72 | |
| Industria | 88,25 | | 90,91 | |
| Construción | 94,92 | | 92,16 | |
| Servizos | 90,18 | | 89,07 | |

(1) datos 2011 son avance; datos 2012 son primeira estimación (consulta: 27-03-2013)
Fonte: *INE*

**1.2.13.**

que no ano precedente. No que atinxe ao desemprego, o número de persoas rexistradas nas oficinas de emprego aumentou nun 12,1% no último ano, existindo 42.480 máis parados estimados pola EPA en relación ao ano 2011. A taxa de paro medrou en Galicia ata o 20,7%, máis de catro puntos porcentuais por debaixo da media española que no citado ano 2012 acada o 25%.

Ao longo do exercicio 2012, a recesión económica cunha caída do 1,2% do PIB real, reflíctese nunha nova redución na taxa de ocupación acadando o 43,9%, inferior en 1,1 pp á taxa de ocupación media do conxunto do Estado.

Tendo en conta a evolución do PIB (prezos correntes) e o emprego equivalente a tempo completo, a produtividade aparente do traballo, medida como o cociente entre estas dúas variables, volveu a medrar no 2012, tanto en Galicia como en España. No conxunto da economía galega, a medra foi do 3,3%, tres décimas por debaixo do incremento medio da produtividade media española. A comunidade galega presenta incrementos da produtividade aparente en todos os sectores produtivos, de xeito semellante ao acontecido no conxunto do Estado.

A produtividade aparente do factor traballo representa en Galicia o 89,2% da media estatal, dúas décimas por debaixo da media do ano anterior. Como indica o **cadro 1.2.13.**, a pesar do incremento sinalado, as produtividades aparentes do emprego de todos os sectores en Galicia, seguen por debaixo da media estatal.

Xunto ao problema da ocupación e ao

**Indicadores de evolución da economía galega** (1)

| Indicadores | Obxectivo 2011 | Data | Galicia | España |
|---|---|---|---|---|
| **Desenvolvemento e modernización empresarial** | | | | |
| **Gasto en I+D do sector privado** *(% / gasto total en I+D)* | 50,0 | 2011 | 48,4 | 52,3 |
| **Gasto en I+D do sector privado** *(% / PIB)* | 0,8 | | 0,4 | 0,7 |
| **Empresas con conexión a internet mediante banda ampla** *(% / total empresas)* | 97,5 | 2012 | 97,6 | 98,7 |
| **Gastos totais en actividades innovadoras das empresas** *(% / PIB)* | 2,0 | 2011 | 1,0 | 1,4 |
| **Empresas que innovan** *(% / empresa de 10 ou máis ocupados)* | 27,5 | 2011 | 15,2 | 14,0 |
| **Empresas de máis de 100 asalariados** *(empresas / 100.000 habs.)* | 30,0 | 2012 | 17,7 | 24,0 |
| **Importacións de bens de equipamento** *(% / total importacións)* | 11,5 | 2012 | 8,7 | 16,7 |
| **Propensión media a exportar** *(% exportacións internacionais / PIB)* | 30,0 | 2012 | 29,3 | 21,2 |
| **Prazas hoteleiras** *(prazas / 1.000 habs.)* | 25,0 | 2012 | 22,7 | 30,3 |
| **Demografía, mercado de traballo e capital humano** | | | | |
| **Taxa de crecemento poboación** *(taxa crecemento por mil)* | 6,0 | 2012 | -4,9 | 1,6 |
| **Taxa temporalidade** | 20,0 | 2012 | 23,2 | 23,6 |
| **Taxa global de emprego** *(% ocupados / poboación 16-64 anos)* | 67,5 | 2012 | 57,8 | 54,3 |
| **Taxa feminina de emprego** *(% ocupadas / mulleres 16-64 anos)* | 59,0 | 2012 | 53,6 | 49,9 |
| **Taxa de desemprego xuvenil** *(% parados de 16-24 anos sobre activos 16-24)* | 13,0 | 2012 | 45,5 | 53,2 |
| **Abandono educativo temprano** *(% pob.18-24 que non rematou secundaria 2ª etapa e non segue ningún tipo de formación)* | 22,5 | 2012 | 20,8 | 26,5 |
| **Nivel de formación da poboación nova** | 80,0 | 2012 | 66,9 | 61,2 |
| **I+D+i e Sociedade da Información** | | | | |
| **Gasto en I+D** *(% / PIB)* | 1,6 | 2011 | 0,9 | 1,3 |
| **Solicitudes de patentes vía estatal** *(solicitudes / millón habs.)* | 52,5 | 2012 | 63,2 | 70,6 |
| **Persoal en actividades I+D** *(% / ocupados)* | 1,0 | 2011 | 0,9 | 1,2 |
| **Poboación que emprega internet** *(% / poboación 16-74 anos)* | 40,0 | 2012 | 63,5 | 69,8 |
| **Persoas que mercaron a través de internet** *(% / poboación 16-74 anos)* | 22,5 | 2012 | 21,4 | 22,3 |
| **Persoas que obteñen información de pax web da Admón.** *(% / poboación 16-74 anos)* | 60,0 | 2012 | 66,4 | 59,4 |
| **Empresas con sitio ou páxina web** *(% empresas con conexión internet)* | 55,0 | 2012 | 69,4 | 71,0 |
| **Empresas que interactúan coas AA.PP. mediante internet** *(% empresas con conexión internet)* | 75,0 | 2012 | 86,1 | 85,1 |
| **Redes de transporte e infraestruturas enerxéticas** | | | | |
| **Dotación autovías e autoestradas** *(Km / 1.000 km2)* | 31,0 | 2011 | 36,7 | 32,0 |
| **Dotación estradas** *(Km / 1.000 km2)* | 615,0 | 2011 | 595,4 | 327,9 |
| **Medioambiente e territorio** | | | | |
| **Xeración eléctrica con renovables** *(% / xeración total enerxía eléctrica)* | 81,0 | 2011 | 52,9 | 30,7 |

**(1) indicadores a partir dos obxectivos fixados no *Acordo pola competitividade de Galicia 2008-11***

Fonte: elaboración propia *CES-Galicia*

**1.2.14.**

incremento do desemprego, os datos recollidos no **cadro 1.1.9.** *[Mercado de traballo en Galicia e España 2010-11]* reflicten un importante incremento do número de expedientes de regulación de emprego autorizados e dos traballadores afectados polos mesmos, así como unha caída do 4%, no número de empresas inscritas na Seguridade Social no réxime xeral e da minaría de carbón e dun incremento do 1,4%, superior ao incremento do ano anterior, no número de sociedades mercantís creadas no último ano, incremento inferior á media estatal (2,7%).

# UNTRES. marco orzamentario

**A Lei 11/2011, do 30 de decembro**, aproba o orzamento xeral da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2012. Estes orzamentos elabóranse nun contexto de forte redución de ingresos tributarios e de incerteza en canto a que o proceso de elaboración dos orzamentos do Estado para ese exercicio estaba pendente como consecuencia da convocatoria electoral.

No ano 2012 mantense a contención dos gastos públicos nos niveis do ano anterior, para o que se parte da hipótese de mantemento de ingresos acorde coa previsible prórroga orzamentaria. Ademais, ao abeiro da lei de disciplina orzamentaria e sustentabilidade financeira, unha vez determinado o obxectivo de estabilidade orzamentaria da Comunidade Autónoma, o Consello da Xunta acordou propoñer o límite de gasto non financeiro dos orzamentos para o exercicio 2012 en 9.172 millóns de euros.

Finalmente, salientar que os orzamentos do ano 2012 aséntanse na consolidación dos obxectivos de política económica recollidos nos cinco eixos de actuación do Plan Estratéxico de Galicia 2010-2014.

A lei consta de seis títulos, trece disposicións adicionais, cinco disposicións transitorias e tres disposicións derradeiras.

No primeiro título recóllense a totalidade dos gastos e ingresos que conforman os orzamentos da Comunidade Autónoma así como os beneficios fiscais. No capítulo II deste título primeiro regúlanse os principios que rexen as modificacións orzamentarias. Ante a prórroga dos orzamentos do Estado, neste capítulo II, introdúcese a posibilidade de xerar crédito en imprevistos, coas diferenzas que poidan xurdir entre as cantidades consignadas nos estados de ingresos para os recursos que proveñen do sistema de financiamento e as

que, con carácter definitivo, se establezan para o exercicio 2012.

No Título II, relativo aos gastos de persoal, non se prevé ningún incremento nas retribucións ao persoal manténdose as establecidas para o ano 2011; por outra banda, no que respecta á oferta pública de emprego, tal como xa se establecera no exercicio anterior, o número de prazas de novo ingreso será como máximo do 10% da taxa de reposición de efectivos e se concentrará nos sectores, funcións e categorías profesionais que se consideren absolutamente prioritarios ou que afecten ao funcionamento dos servizos públicos esenciais.

No Título III, relativo ás operacións de endebedamento e garantía, acomodándose ao acordado no Consello de Política Fiscal e Financeira, a contía máxima do incremento da posición neta debedora da Comunidade Autónoma será do 1,3% do PIB rexional.

No título IV, destinado á xestión orzamentaria, mantéñense, entre outros, os preceptos dedicados á intervención limitada e á fiscalización das operacións de endebedamento da Comunidade Autónoma.

O Título V, corporacións locais, estrutúrase en dous capítulos. O primeiro dedicado ao financiamento e á cooperación con estas entidades, detalla as transferencias que lle corresponden como consecuencia de convenios e subvencións, así como a participación dos concellos nos tributos da Comunidade Autónoma a través do Fondo de Cooperación Local. O segundo capítulo deste Título constitúe unha novidade ao regular o procedemento de compensación e retención de débedas dos municipios contra os créditos que lles corresponden pola súa participación no Fondo de Cooperación Local.

Finalmente no Título VI, relativo ás normas

**Ámb**

**Orzamento consolidado da comunidade autónoma**

| Seccións | Organismos Autónomos | Entidades públicas instrumentais | A |
|---|---|---|---|
| Parlamento | | | |
| Consello de Contas | | | |
| Consello da Cultura Galega | | | |
| Presidencia da Xunta | | | |
| Presidencia Admóns. Públicas e Xustiza | EGAP<br>AGASP | | A |
| Facenda | IGE<br>Consello Galego da Competencia | CES | CI |
| Medio Ambiente, Territorio e Infraestructuras | IGVS | | AC |
| Economía e Industria | ICG | | IN<br>IG |
| Educación e Ordenación Universitaria | | | |
| Sanidade | SERGAS | | |
| Cultura e Turismo | | | AC |
| Traballo e Benestar | Instituto Galego de Seguridade e Saúde Laboral | Consello Galego de Relacións Laborais | |
| Medio Rural | FOGGA | | Ag<br>Ing |
| Mar | | | Int |
| Consello Consultivo de Galicia | | | |
| Transferencias a CC.LL. | | | |
| Débeda Pública | | | |
| Gastos diversas Consellerías | | | |

**AGADIC**: Axencia Galega de Industrias Culturais. **AGASP**: Academia Galega de Seguridade Pública. **AP**
de Radiotelevisión de Galicia. **EGAP**: Escola Galega de Administración Pública.. **FOGGA**: Fondo galego d
Galego de Promoción Económica. **IGE**: Instituto Galego de Estatística. **IGVS**: Instituto Galego de Vivenda e

Fonte: *Xunta de Galicia*

**1.3.1.**

**bito dos Orzamentos Xerais da Comunidade Autónoma de Galicia 2012**

| | Entidades públicas que presentan PAIF | | | |
|---|---|---|---|---|
| Axencias públicas autonómicas | Entidades públicas empresariais | Consorcios autonómicos | Sociedades mercantís públicas autonómicas | Fundacións do sector público autonómico |
| | CRTVG | C. Audiovisual de Galicia | TVG S.A.<br>RTVG S.A.<br>RETEGAL S.A. | F. Deporte Galego |
| Axencia Galega de Emerxencias | | | | F. Semana Verde de Galicia<br>F. Galicia Europa<br>Fundación Rof Codina |
| XTEC | | | | |
| GI | Augas de Galicia | APLU<br>C. Extensión Universitaria e Divulgación Ambiental | Sogama S.A.<br>Xestur Coruña S.A.<br>Xestur Lugo S.A.<br>Xestur Ourense S.A.<br>Xestur Pontevedra S.A.<br>SPI Galicia S.A. | |
| EGA<br>APE | | | Galicia Calidade S.A.<br>CEEI Galicia S.A.<br>XES Galicia S.A.<br>Sodiga Galicia<br>Parque Tecnolóxico de Galicia S.A. | F. Feira de Exposicións de Lugo<br>F. Centro Supercomputación<br>F. Fomento da Calidade Industrial e Desenvolvemento Tecnolóxico<br>F. Instituto Ferial de A Coruña<br>F. Exposicións e Congresos A Estrada<br>F. Centro Galego de Artesanía e Deseño |
| | | Axencia para a Calidade do Sistema Universitario de Galicia | | |
| | | | Galaria S.A. | F.Instituto Galego de Oftalmoloxía<br>F.P.E.G. Admón Sanitaria<br>F.P. Urxencias Sanitarias<br>F.P.Centro de Transfusión<br>F.P.G. de Medicina Xenómica |
| GADIC | | Instituto de Estudos Turísticos | S.A. Xestión Xacobeo<br>S. Imaxe e Promoción Turística S.A. | F. Cidade da Cultura de Galicia<br>F. Illa de San Simón |
| | | C.Galego de Servizos Igualdade e Benestar | | Funga<br>F. Galega de Formación para o Traballo |
| gader<br>gacal | | | Xenética Fontao, S.A.<br>Seaga S.A. | F. Centro Tecnolóxico da Carne |
| tecmar | Portos de Galicia | | | F. Centro Tecnolóxico do Mar |
| | | | | |
| | | | | |

**LU**: Axencia de Protección da legalidade urbanística. **CES**: Consello Económico e Social. **CIXTEC**: centro informático para a xestión tributaria, económico, financeiro e contable. **CRTVG**: Compañía e Garantía Agraria. FUNGA: Fundación galega para o impulso da autonomía persoal e a atención ás persoas en situación de dependencia. **ICG**: Instituto Galego de Consumo. **IGAPE**: Instituto e Solo. **INEGA**: Instituto Enerxético de Galicia. **SERGAS**: Servicio Galego de Saúde. **SPI**: Sociedade Pública de Investimentos.

**Conta financeira da C.A. 2011-12** (1)

| | 2011 | 2012 | 12/11 | |
|---|---|---|---|---|
| | (en miles de euros) | | | (%) |
| **Operacións correntes** | | | | |
| **Ingresos** | 7.837.767 | 7.806.588 | -31.178 | -0,4 |
| Impostos directos | 2.030.974 | 2.030.159 | -814 | 0,0 |
| Impostos indirectos | 2.855.514 | 2.958.639 | 103.125 | 3,6 |
| Taxas, Prezos públicos e outros ingresos | 174.416 | 180.120 | 5.704 | 3,3 |
| Transferencias correntes | 2.760.557 | 2.615.835 | -144.721 | -5,2 |
| Ingresos patrimoniais | 16.307 | 21.835 | 5.528 | 33,9 |
| **Gastos** | 7.500.852 | 7.525.883 | 25.031 | 0,3 |
| Gastos de persoal | 3.627.375 | 3.606.872 | -20.504 | -0,6 |
| Gastos en bens correntes e servizos | 1.353.141 | 1.384.475 | 31.334 | 2,3 |
| Gastos financeiros | 197.936 | 294.894 | 96.959 | 49,0 |
| Transferencias correntes | 2.322.400 | 2.239.643 | -82.757 | -3,6 |
| **Aforro por operacións correntes** | 336.915 | 280.705 | -56.210 | -16,7 |
| **Operacións de capital** | | | | |
| **Ingresos** | 684.267 | 667.192 | -17.075 | -2,5 |
| Alleamento de investimentos reais | 26.713 | 31.760 | 5.047 | 18,9 |
| Transferencias de capital | 657.555 | 635.433 | -22.122 | -3,4 |
| **Gastos** | 1.569.326 | 1.533.077 | -36.249 | -2,3 |
| Investimentos reais | 805.320 | 783.084 | -22.236 | -2,8 |
| Transferencias de capital | 764.006 | 749.993 | -14.013 | -1,8 |
| **Formación de capital** | 885.058 | 865.885 | -19.173 | -2,2 |
| Fondo de continxencia | 77.820 | 76.320 | -1.500 | -1,9 |
| **Necesidade de financiamento** | -625.964 | -661.500 | -35.536 | 5,7 |
| **Operacións financeiras** | | | | |
| **Atencións** | 723.407 | 723.176 | -231 | 0,0 |
| Activos financeiros | 306.928 | 175.608 | -131.320 | -42,8 |
| Pasivos financeiros | 416.478 | 547.567 | 131.089 | 31,5 |
| **Recursos** | 1.349.370 | 1.384.676 | 35.305 | 2,6 |
| Activos financeiros | 9.461 | 10.914 | 1.453 | 15,4 |
| Endebedamento bruto | 1.339.909 | 1.373.761 | 33.853 | 2,5 |
| **Necesidade de financiamento** | -625.964 | -661.500 | -35.536 | 5,7 |

(1) orzamento 2011 homoxeneizado
Fonte: *Xunta de Galicia*

**1.3.2.**

tributarias, dado que as relativas a cada un dos tributos están incluídas na Lei de medidas que acompaña á de orzamentos, unicamente se recolle un artigo para establecer os criterios de afectación dos tributos propios. Neste senso, o tramo autonómico do imposto sobre vendas retallistas de determinados hidrocarburos queda afectado a gastos sanitarios. O imposto sobre o dano ambiental causado por determinados aproveitamentos da auga encorada queda afectado a gastos de investimento destinados ao saneamento, a protección e mellora do medio natural, as obras e os servizos hidráulicos que realice a entidade instrumental competente en materia de augas.

O orzamento consolidado da Comunidade Autónoma de Galicia para 2012 ascendeu a 9.858 millóns de euros, un 0,1% (en torno a 13 millóns de euros) menos que os aprobados no exercicio anterior, o que representa o 16,7% do PIB galego estimado para 2012 e supón 3.544,3 euros/habitante.

## A conta financeira

O Decreto lexislativo 1/1999, do 7 de outubro, establece que os orzamentos xerais da comunidade autónoma teñen que presentarse e aprobarse en equilibrio, de forma que os créditos autorizados non superen os recursos previstos nos respectivos estados de ingresos.

Os pasos dados ata chegar a esa situación de equilibrio póñense de manifesto mediante a interrelación das grandes magnitudes orzamentarias analizadas na conta financeira, que a través de diversos saldos como son o aforro corrente, formación de capital, capacidade ou necesidade de financiamento e o endebedamento neto, facilitan unha información moi básica, pero ao mesmo tempo precisa, sobre o alcance e composición dos orzamentos.

A estimación dos ingresos por operacións correntes no exercicio 2012 sitúase en 7.806 millóns de euros, cunha diminución respecto ao exercicio precedente do 0,4%, (31 millóns de euros menos), mentres que a estimación dos gastos correntes ascendeu a 7.526 millóns de euros, o que supón un aumento do 0,3% respecto ao ano anterior. Malia a desfavorable evolución dos ingresos correntes, o aforro por operacións correntes da Comunidade mantense positivo, en 280,7 millóns de euros, reducíndose nun 16,7% respecto ao ano anterior.

No concernente ás operacións de capital, os ingresos por operacións de capital, 667 millóns de euros, experimentan un decrecemento do 2,5% respecto aos do ano anterior, como consecuencia da redución das transferencias de capital. O gasto de capital dos capítulos VI e VII ascende a 1.533 millóns de euros, e fináncia se, en parte, cos ingresos por operacións de capital, polo que o saldo resultante determina unha formación de capital nestes orzamentos de 865 millóns de euros, que financiada co aforro por operacións correntes e xunto co fondo de continxencia, de 76 millóns de euros, determina unha necesidade de financiamento de 661 millóns de euros.

A diferenza entre as atencións e os recursos, dentro das operacións financeiras, determinan igualmente unha capacidade de financiamento negativa de 661 millóns de euros.

O endebedamento neto, obtido como diferenza entre o endebedamento bruto e as amortizacións do capítulo IX de ingresos e gastos, respectivamente, alcanza os 826 millóns de euros, o que supón unha redución do 10,5% respecto ao ano anterior.

## O orzamento consolidado

O orzamento consolidado previsto para o exercicio 2012, unha vez deducidas as transferencias internas (3.869,4 millóns de euros) ascendeu a 9.858,46 millóns de euros, cun descenso dun 0,1% (12,9 millóns de euros) sobre os orzamentos estimados inicialmente do ano anterior, computados en termos homoxéneos.

O límite de gasto non financeiro aprobado polo Parlamento de Galicia foi de 9.172 millóns de euros, resultado da suma da previsión de ingresos non financeiros, 8.511 millóns, e os axustes, neste caso negativos, de contabilidade nacional por 109 millóns. Non obstante, no proxecto de orzamentos a cifra total de gasto é inferior ao teito autorizado polo Parlamento, xa que a actualización das previsións dos ingresos non financeiros en 8.474 millóns levou a unha cifra de gasto nos Orzamentos de 9.135 millóns de euros, inferior ao teito máximo en 37 millóns de euros.

Polo lado dos gastos, os gastos por operacións correntes acadaron os 7.525,9 millóns de euros, un 0,3% (25 millóns de euros) máis que no orzamento homoxeneizado do ano 2011. A maior parte deste tipo de gastos financia as políticas de carácter social e sanitarias. É por isto que a educación representa o 22,4% do total consolidado e Sanidade e Sergas no seu conxunto representan o 35,8%.

O orzamento estimado para o ano 2012

**Orzamento consolidado da C.A. 2012: ingresos e gastos**

| Ingresos | (en miles de euros) | ( % / total) |
|---|---|---|
| **Total** | 9.858.457 | 100,00 |
| **Recursos propios** | 6.607.188 | 67,02 |
| Ingresos tributarios | 5.168.919 | 52,43 |
| Ingresos e venda do patrimonio | 53.594 | 0,54 |
| Ingresos por activos e pasivos financeiros | 1.384.676 | 14,05 |
| **Recursos transferidos** | 3.251.268 | 32,98 |
| do Estado | 2.741.826 | 27,81 |
| da Unión Europea | 433.927 | 4,40 |
| outros | 75.516 | 0,77 |

| Gastos | (en miles de euros) | ( % / total) |
|---|---|---|
| **Total** | 9.858.457 | 100,00 |
| **Xestión directa** | 6.868.821 | 69,67 |
| Gastos de persoal | 3.606.872 | 36,59 |
| Gastos de funcionamento | 1.384.475 | 14,04 |
| Gastos financeiros | 294.894 | 2,99 |
| Gastos en activos e pasivos financeiros | 723.176 | 7,34 |
| Investimentos | 783.084 | 7,94 |
| Fondo de continxencia | 76.320 | 0,77 |
| **Transferencias ao sector público** | 1.014.109 | 10,29 |
| a Corporacións Locais | 322.701 | 3,27 |
| a Sociedades e outros entes públicos da C.A. | 681.796 | 6,92 |
| outros | 9.612 | 0,10 |
| **Transferencias ao sector privado** | 1.975.527 | 20,04 |
| familias e ent. sen ánimo de lucro | 1.482.037 | 15,03 |
| empresas | 493.490 | 5,01 |

Fonte: *Xunta de Galicia*

**1.3.3.**

prevé un lixeiro descenso (–0,6%) dos gastos de persoal, reflexo da conxelación dos salarios públicos, da non reposición de vacantes e da amortización de prazas. As transferencias correntes experimentan unha redución do 3,6%, acadando os 2.239,6 millóns de euros, 82,9 millóns menos que o presupostado no exercicio 2011.

Dentro dos gastos correntes salienta o incremento do 49% dos gastos financeiros (97 millóns de euros máis) como consecuencia do pago dos intereses da débeda.

Dentro dos gastos non financeiros a partida que acumula un maior descenso son os gastos de capital, cun descenso do 36% en dous anos, tendencia preocupante tendo en conta a vinculación coa produtividade da economía.

Dende o punto de vista da súa distribución funcional, comparando orzamentos iniciais, os orzamentos da Comunidade autónoma para o ano 2012 prevé unha redución no gasto na meirande parte das partidas. A parte máis importante do orzamento consolidado correspondeu á produción de bens públicos de carácter social, ao acoller o 61,3% do presuposto consolidado, un orzamento un 0,7% inferior ao do ano anterior. Dentro do gasto social, a sanidade e a educación con 3.529 e 2.210 millóns de euros respectivamente, acollen conxuntamente o 58,2% do orzamento consolidado total para o ano 2012. O orzamento para sanidade e educación reduciu-

## Orzamento consolidado da C.A. 2012: ingresos e gastos







Fonte: *Xunta de Galicia*

**1.3.4.**

## Orzamento consolidado da C.A. 2011-12

| | 2011 | 2012 | | | 2008-2011 | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| | *(en millóns de euros)* (1) | | *(% / total)* | *(% / PIB)* (2) | 08/07 | 09/08 | 10/09 (%) | 11/10 | 12/11 |
| **Ingresos non financeiros** | 8.522,0 | 8.473,8 | 100,0 | 14,4 | 8,3 | -1,3 | -11,9 | -3,3 | -0,6 |
| **Ingresos correntes** | 7.837,8 | 7.806,6 | 92,1 | 13,3 | 9,4 | -1,8 | -11,8 | -2,5 | -0,4 |
| I Impostos diretos | 2.031,0 | 2.030,2 | 24,0 | 3,4 | 16,8 | 11,1 | -9,4 | 47,8 | 0,0 |
| II Impostos indiretos | 2.855,5 | 2.958,6 | 34,9 | 5,0 | 2,0 | -10,8 | -21,0 | 46,8 | 3,6 |
| III Taxas, prezos e outros ingresos | 174,4 | 180,1 | 2,1 | 0,3 | -4,4 | 12,9 | -5,4 | 3,9 | 3,3 |
| IV Transferencias correntes | 2.760,6 | 2.615,8 | 30,9 | 4,4 | 11,9 | -1,8 | -8,5 | -38,9 | -5,2 |
| V Ingresos patrimoniais | 16,3 | 21,8 | 0,3 | 0,0 | 58,8 | 129,5 | -63,8 | -27,8 | 33,9 |
| **Ingresos de capital** | 684,3 | 667,2 | 7,9 | 1,1 | -3,1 | 4,8 | -13,3 | -12,1 | -2,5 |
| VI Alleamento de investimentos reais | 26,7 | 31,8 | 0,4 | 0,1 | 9,0 | 12,3 | -55,5 | -46,3 | 18,9 |
| VII Transferencias de capital | 657,6 | 635,4 | 7,5 | 1,1 | -4,5 | 3,8 | -7,4 | -9,8 | -3,4 |
| **Gastos non financeiros** | 9.148,0 | 9.135,3 | 100,0 | 15,5 | 7,3 | 4,2 | -3,3 | -10,6 | -0,1 |
| **Gastos correntes** | 7.500,9 | 7.525,9 | 82,4 | 12,8 | 8,9 | 4,9 | -0,4 | -3,8 | 0,3 |
| I Gastos de persoal | 3.627,4 | 3.606,9 | 39,5 | 6,1 | 8,5 | 7,2 | 2,2 | -4,2 | -0,6 |
| II Gastos en bens correntes e servizos | 1.353,1 | 1.384,5 | 15,2 | 2,4 | 8,5 | 5,1 | -1,1 | -2,4 | 2,3 |
| II Gastos financeiros | 197,9 | 294,9 | 3,2 | 0,5 | -0,3 | 0,9 | 6,5 | 24,4 | 49,0 |
| IV Transferencias correntes | 2.322,4 | 2.239,6 | 24,5 | 3,8 | 10,1 | 2,5 | -3,3 | -5,9 | -3,6 |
| V Fondo de continxencia | 77,8 | 76,3 | 0,8 | 0,1 | 5,5 | 51,8 | -37,2 | 25,5 | -1,9 |
| **Gastos de capital** | 1.569,3 | 1.533,1 | 16,8 | 2,6 | 3,0 | 1,3 | -11,1 | -33,4 | -2,3 |
| VI Investimentos reais | 805,3 | 783,1 | 8,6 | 1,3 | 3,7 | 4,1 | -14,4 | -35,7 | -2,8 |
| VII Transferencias de capital | 764,0 | 750,0 | 8,2 | 1,3 | 2,3 | -1,5 | -7,2 | -30,9 | -1,8 |
| **Saldo non financeiro** | -626,0 | -661,5 | | -1,1 | | | | | |
| **PIB nominal** | 58.001,0 | 58.871,0 | | | | | | | |

(1) orzamento 2011 homoxeneizado
(2) PIB estimado para o 2012 nos orzamentos
Fonte: *Xunta de Galicia*

**1.3.5.**

se un 0,7% e un 0,6% respectivamente en relación ao orzamento inicial do ano 2011.

Nos ingresos derivados de operacións non financeiras estímase unha redución do 0,6%, o que supón 48,3 millóns de euros menos. Os ingresos correntes diminúen en 31,2 millóns de euros, un 0,4 por cento, sendo as causas fundamentais da variación as que seguen:

Por unha parte, a participación da Comunidade Autónoma nos recursos do sistema de financiamento por entregas a conta e liquidacións increméntase nun 0,4%, debido fundamentalmente aos resultados positivos previstos e comunicados polo Ministerio de Economía e Facenda da liquidación do exercicio 2010.

Os tributos cedidos xestionados pola Comunidade Autónoma reducen o seu importe así como o imposto sobre determinados medios de transporte e retallista de hidrocarburos, o que suma unha redución total de 31,92 millóns de euros

A previsión de ingresos dos capítulos III e V, increméntase en 11,23 millóns de euros.

As transferencias finalistas procedentes do Estado minóranse respecto ao ano anterior nun 6,7%, tanto as recibidas pola Administración Xeral como as que recibe o Servizo Galego de Saúde directamente, en concreto o Fondo de Cohesión Sanitaria así como a asistencia a estranxeiros.

Por último, o Fondo Social Europeo, presupostado no capítulo IV de ingresos, redúcese nun 9,7%.

A previsión por ingresos de capital dos capítulos VI e VII, redúcese tamén, nun 2,5% respecto ao presuposto homoxeneizado do 2011.

**Orzam**

| Funcións |
|---|
| **1 Actuacións de carácter xeral** |
| 11 Alta dirección da Com. Autónoma |
| 12 Administración Xeral |
| 13 Xustiza |
| 14 Administración local |
| 15 Normalización lingüística |
| 16 Procesos electorais e órganos de representación política |
| **2 Protección civil e seguranza cidadá** |
| 23 Protección civil e seguridade |
| **3 Protección e promoción social** |
| 31 Acción social el promoción social |
| 32 Promoción do emprego e institucións do mercado de traballo |
| 33 Cooperación exterior e ao desenvolvemento |
| Transferencias correntes | 50.115 | 12.227 | 14.485 | 40.238 | 73.723 | 33.265 | 157.523 |
| **Operacións de capital** | 187.679 | 41.988 | 41.403 | 61.048 | 126.014 | 32.741 | 425.390 |
| Investimentos reais | 181.426 | 37.433 | 39.221 | 57.773 | 81.907 | 0 | 397.760 |
| Transferencias de capital | 6.253 | 4.554 | 2.182 | 3.275 | 44.107 | 32.741 | 27.630 |
| Total operacións non financeiras | 925.986 | 268.180 | 255.747 | 616.509 | 434.491 | 66.006 | 2.434.906 |
| **Operacións financeiras** | 44.536 | 11.557 | 10.367 | 34.440 | 39.087 | 0 | 139.988 |
| Activos financeiros | 1.364 | 238 | 1.057 | 1.676 | 3.703 | 0 | 8.037 |
| Pasivos financeiros | 43.173 | 11.320 | 9.310 | 32.764 | 35.384 | 0 | 131.951 |

Fonte: *Ministerio de Hacienda y Administraciones Públicas*

**1.3.17.**

2.520,8 millóns de euros, o IVE os 1.918,2 millóns de euros e o imposto de sociedades os 1.002,3 millóns. O 95,5% dos ingresos tributarios do ano 2012 proceden da recadación destes tres impostos.

O incremento do 1,2% na recadación tributaria en Galicia no ano 2012, (4,2% a nivel estatal), está por debaixo do incremento acadado no ano 2011, que foi do 5,6%. Comparado co ano anterior, cómpre salientar a redución da recadación experimentada tanto polo IRPF, con 26 millóns de euros menos (1% menos que en 2011), como polo IVE, con 47,6 millóns de euros menos (2,4%). De xeito contrario salienta o incremento da recadación do imposto de sociedades, con 12,3 millóns de euros máis (13,8% máis que no exercicio precedente).

## Orzamentos liquidados das entidades locais 2012: clasificación económica

### Dereitos liquidados

| | Concellos | | | | Deputacións | Total liquidado |
|---|---|---|---|---|---|---|
| | A Coruña | Lugo | Ourense | Pontevedra | | |
| | *(en miles de euros)* | | | | | |
| Total | 975.687.336,72 | 305.513.510,13 | 275.624.403,92 | 678.391.657,98 | 522.596.101,70 | 2.757.813.010,45 |
| Operacións correntes | 835.937.865,90 | 257.797.079,60 | 243.545.050,65 | 607.840.319,53 | 440.297.470,91 | 2.385.417.786,59 |
| Impostos directos | 302.010.832,94 | 82.102.095,81 | 82.845.192,33 | 217.472.213,51 | 36.993.148,49 | 721.423.483,08 |
| Impostos indirectos | 25.374.636,51 | 7.582.543,24 | 6.098.658,07 | 18.341.186,94 | 27.764.018,58 | 85.161.043,34 |
| Taxas e outros ingresos | 172.819.267,99 | 48.575.566,60 | 48.127.135,87 | 124.276.305,60 | 32.020.602,22 | 425.818.878,28 |
| Transferencias correntes | 325.865.632,19 | 117.404.393,68 | 104.540.108,67 | 241.185.754,98 | 332.683.254,70 | 1.121.679.144,22 |
| Ingresos patrimoniais | 9.867.496,27 | 2.132.480,27 | 1.933.955,71 | 6.564.858,50 | 10.836.446,92 | 31.335.237,67 |
| Operacións de capital | 102.735.001,59 | 36.582.034,29 | 20.780.198,52 | 39.428.125,02 | 31.778.902,43 | 231.304.261,85 |
| Enaxenación de investimentos reais | 2.538.121,72 | 549.796,34 | 252.535,69 | 1.043.037,47 | 297.766,30 | 4.681.257,52 |
| Transferencias de capital | 100.196.879,87 | 36.032.237,95 | 20.527.662,83 | 38.385.087,55 | 31.481.136,13 | 226.623.004,33 |
| Total operacións non financeiras | 938.672.867,49 | 294.379.113,89 | 264.325.249,17 | 647.268.444,55 | 472.076.373,34 | 2.616.722.048,44 |
| Operacións financeiras | 37.014.469,23 | 11.134.396,24 | 11.299.154,75 | 31.123.213,43 | 50.519.728,36 | 141.090.962,01 |
| Activos financeiros | 1.208.580,43 | 110.607,49 | 508.769,01 | 1.788.875,19 | 2.975.624,85 | 6.592.456,97 |
| Pasivos financeiros | 35.805.888,80 | 11.023.788,75 | 10.790.385,74 | 29.334.338,24 | 47.544.103,51 | 134.498.505,04 |

### Obrigas recoñecidas netas

| | Concellos | | | | Deputacións | Total liquidado |
|---|---|---|---|---|---|---|
| | A Coruña | Lugo | Ourense | Pontevedra | | |
| | *(en miles de euros)* | | | | | |
| Total | 988.255.094,95 | 313.320.450,73 | 272.896.794,19 | 721.842.067,77 | 634.089.678,88 | 2.930.404.086,52 |
| Operacións correntes | 738.417.584,92 | 233.111.666,52 | 216.783.031,43 | 551.848.354,58 | 304.356.984,40 | 2.044.517.621,85 |
| Gastos de persoal | 311.206.437,36 | 112.432.743,17 | 99.510.513,10 | 229.034.777,42 | 132.114.057,09 | 884.298.528,14 |
| Gastos en bens correntes e de servizos | 365.943.944,81 | 107.990.040,93 | 101.437.016,58 | 283.956.780,25 | 83.625.932,88 | 942.953.715,45 |
| Gastos financeiros | 8.839.321,29 | 1.916.715,86 | 2.504.943,25 | 4.397.701,69 | 6.130.400,33 | 23.789.082,42 |
| Transferencias correntes | 52.427.881,46 | 10.772.166,56 | 13.330.558,50 | 34.459.095,22 | 82.486.594,10 | 193.476.295,84 |
| Operacións de capital | 206.285.427,84 | 67.632.520,26 | 46.218.701,92 | 136.162.869,41 | 279.602.712,88 | 735.902.232,31 |
| Investimentos reais | 199.710.572,70 | 64.907.941,43 | 44.835.476,96 | 131.893.841,70 | 186.057.581,96 | 627.405.414,75 |
| Transferencias de capital | 6.574.855,14 | 2.724.578,83 | 1.383.224,96 | 4.269.027,71 | 93.545.130,92 | 108.496.817,56 |
| Total operacións non financeiras | 944.703.012,76 | 300.744.186,78 | 263.001.733,35 | 688.011.223,99 | 583.959.697,28 | 2.780.419.854,16 |
| Operacións financeiras | 43.552.082,19 | 12.576.263,95 | 9.895.060,84 | 33.830.843,78 | 50.129.981,60 | 149.984.232,36 |
| Activos financeiros | 1.101.375,67 | 119.739,62 | 695.099,58 | 1.084.734,31 | 3.019.495,97 | 6.020.445,15 |
| Pasivos financeiros | 42.450.706,52 | 12.456.524,33 | 9.199.961,26 | 32.746.109,47 | 47.110.485,63 | 143.963.787,21 |

Fonte: *Ministerio de Hacienda y Administraciones Públicas*

**1.3.18.**

## Débeda viva das entidades locais en Galicia e España a 31 de decembro de 2012

| | Concellos | Deputacións | Entidades de ambito inferior ao municipal (1) | Débeda total | Débeda / hab. |
|---|---|---|---|---|---|
| | *(en miles de euros)* | | | | *(en euros)* |
| Galicia | 773.456 | 244.788 | 2.020 | 1.020.264 | 366,80 |
| A Coruña | 325.005 | 67.735 | 423 | 393.163 | 343,70 |
| Lugo | 103.825 | 29.713 | | 133.538 | 382,74 |
| Ourense | 109.671 | 56.161 | 411 | 166.243 | 503,37 |
| Pontevedra | 234.955 | 91.179 | 1.186 | 327.320 | 341,52 |
| España | 35.290.059 | 6.467.548 | 206.693 | 41.964.299 | 887,85 |

(1) A Coruña: Mancomunidades de Concellos do Tambre e da Serra do Barbanza; Ourense: Mancomunidades de Terra de Celanova e das Terras do Navea-Bibei; Pontevedra: Mancomunidades do Salnés e dos Concellos do Morrazo

Fonte: *Ministerio de Hacienda y Administraciones Públicas*

**1.3.19.**

**Recadación tributaria aplicada en Galicia e España 2011-12**

| | 2011 | | 2012 | | 12/11 | |
|---|---|---|---|---|---|---|
| | Galicia | España | Galicia | España | Galicia | España |
| | *(en miles de euros)* | | | | (%) | |
| **Total** | 5.631.468 | 161.759.994 | 5.697.996 | 168.566.582 | 1,2 | 4,2 |
| **Impostos directos** | 3.493.619 | 88.572.317 | 3.594.894 | 95.081.067 | 2,9 | 7,3 |
| **IRPF** | 2.546.849 | 69.803.319 | 2.520.793 | 70.618.603 | -1,0 | 1,2 |
| **Impostos sobre sociedades** | 881.073 | 16.610.687 | 1.002.345 | 21.435.165 | 13,8 | 29,0 |
| **Imposto sobre a renda de non residentes** | 64.763 | 2.040.288 | 68.525 | 1.708.361 | 5,8 | -16,3 |
| **Resto capítulo I** | 934 | 118.023 | 3.231 | 1.318.938 | 245,9 | 1.017,5 |
| **Impostos indirectos** | 2.082.302 | 71.249.972 | 2.043.107 | 71.593.552 | -1,9 | 0,5 |
| **IVE** | 1.965.785 | 49.301.991 | 1.918.208 | 50.463.502 | -2,4 | 2,4 |
| **Impostos especiais** | 37.666 | 18.983.234 | 44.343 | 18.209.314 | 17,7 | -4,1 |
| **Tráfico exterior** | 76.059 | 1.531.177 | 77.864 | 1.429.183 | 2,4 | -6,7 |
| **Taxas e outros ingresos** | 55.547 | 1.937.705 | 59.995 | 1.891.963 | 8,0 | -2,4 |

Fonte: *Agencia Tributaria*

**1.3.20.**

Dentro dos ingresos tributarios destacan a redución na recadación do IRPF ao reducirse o número de persoas que obteñen rendementos do traballo, así como o descenso na recadación do IVE provocada pola forte contracción no consumo.

# UNCATRO. evolución demográfica

**Pese a que a entrada de poboación** estranxeira axudou a mitigar a gravidade da situación demográfica en Galicia ao longo da última década, o peso acumulado das históricas baixas taxas de natalidade e altas taxas de mortalidade por unha banda, e a particular evolución negativa dos saldos migratorios por outra, contribuirían a reforzar a dinámica negativa da evolución demográfica galega que ademais nos dous últimos anos traduciríase directamente no rexistro de significativas perdas de poboación. Fundamentalmente, e por mor dos efectos da crise, a causa principal da perda de aproximadamente 14 mil habitantes, segundo os datos do INE no ano 2012, é o progresivo aumento na última década da emigración galega cara a outras CCAA ou ao estranxeiro, así como o menor número de entradas de inmigrantes cara a nosa comunidade.

A relación existente entre mercado de traballo, movementos migratorios e envellecemento da poboación, non é circular nin directa, sen embargo a situación actual do mercado de traballo, tanto a nivel estatal como autonómico, a emigración e o envellecemento da poboación, son variables explicativas da evolución do mercado laboral.

Co obxecto de promover a dinamización demográfica de Galicia, apoiar ás familias e lograr inverter o proceso de avellentamento que afecta, de xeito especial, a Galicia, en maio de 2012 remítese ao Parlamento de Galicia o texto do Plan para a Dinamización Demográfica de Galicia 2012-2015, horizonte 2020.

Este Plan estrutúrase en 50 medidas, que se articulan en torno a 13 obxectivos estratéxicos e 4 áreas de intervención. A primeira área dé a sensibilización para a dinamización demográfica, que contén medidas orientadas á consecución de 3 obxectivos estratéxicos: incrementar a

**Poboación de dereito 2012 (1): distribución segundo nacionalidade e sexo**




(1) datos a 1 de xaneiro

Fonte: *INE*

**1.4.1.**

valorización do problema demográfico; fomentar o valor social das familias nas súas distintas modalidades, e resaltar a dimensión socioeconómica do problema demográfico.

A segunda área céntrase no impulso socioeconómico á maternidade/paternidade. Neste eido de actuacións, propóñense tres obxectivos estratéxicos: o fomento do acceso a estímulos económicos que apoien a decisión da maternidade/paternidade; aumentar e fortalecer a rede de recursos de información; asesoramento e acompañamento aos/ás pais e nais; e fomentar a aplicación de apoios socioeconómicos dende o ámbito empresarial.

A seguinte área, de apoio ás familias, contén cinco obxectivos estratéxicos: ampliar e consolidar as medidas para a conciliación da vida persoal, familiar e laboral; fortalecer, fomentar e apoiar o desenvolvemento integral dos nenos e nenas, das familias e dos seus membros; favorecer o acceso, cambio ou mellora da vivenda; facilitar o acceso ao transporte e a mobilidade das familias; e potenciar o desenvolvemento sociocultural e a calidade de vidas dos nenos e nenas, das familias e os seus membros.

O último núcleo de intervención aborda a coordinación interdepartamental e a transversalidade. Para acadar os seus obxectivos, impulsaranse o fomento da difusión do Plan e a promoción da coordinación e o desenvolvemento de estratexias conxuntas, interdepartamentais e interdisciplinares.

A nivel europeo, a estratexia Europa 2020, promovida pola Unión Europea, aborda o envellecemento demográfico como unha das carencias estruturais de Europa e sostén a necesidade de fomentar o envellecemento activo como un elemento clave para asegurar a sustentabilidade dos modelos sociais actuais. Neste senso, dentro dos indicadores da citada estratexia Europa 2020, Galicia atópase moi lonxe das porcentaxes a acadar no horizonte do ano 2020 de poboación menor de 14 anos ou maior de 65. Tendo en conta os datos de fecundidade da nosa comunidade, os índices de envellecemento e a evolución da poboación, confírmase o chamado inverno demográfico que sofre Galicia.

## Estrutura da poboación

### • Distribución

Na última década (2002-2012) a poboación galega increméntase nun 1,6%, 44.128 persoas máis. Este incremento é, despois de Asturias, o máis reducido do Estado español, moi por debaixo da media estatal que, na citada década, experimentou un crecemento poboacional do 13% (**táboa 1.4.2.**). Esta diferenza no crecemento poboacional reflíctese, por unha banda, nunha redución do peso da poboación galega sobre o total estatal, e, por outra banda, en que fronte a un incremento de máis de 10 puntos na densidade de poboación estatal no citado período, Galicia incrementa en 1,5 puntos a súa densidade media, pasando de 92,6 habitantes por km$^2$ no ano 2002 a 94,1 no ano 2012.

Ao longo da última década, Galicia experimenta unha cada vez maior ralentización do crecemento poboacional, crecemento que pasa a tomar valores negativos a partir do ano 2011. Analizando a evolución ano a ano das cifras de poboación total, apréciase que dende o ano 2002 ata o 2010 a tendencia xeral, a excepción do ano 2004, é de crecemento en termos absolutos, tendencia que se rompe nos anos 2011 e 2012, rexistrándose unhas perdas de 2.231 habitantes e de 13.924 habitantes, respectivamente.

A preocupante evolución demográfica de Galicia na última década está levemente amortiguada pola entrada de estranxeiros, que, pese a súa pouca importancia en termos relativos, contribúen a atenuar a tendencia ao estancamento demográfico, aumentando o seu número de xeito continuo e acadando no 2012 a cifra de 112.183.

Tal como se sinala anteriormente, unha das consecuencias do leve crecemento demográfico da última década en Galicia é que o peso da poboación galega respecto ao conxunto da poboación nacional descende de xeito constante, pasando do 6'5% sobre o total estatal no ano 2002 ao 5'9 % no ano 2012.

A poboación empadroada en Galicia a 1 de

**Poboación de dereito nas CC.AA. 2002-12**

| | 2002 | | | | 2012 | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| | Total | Homes | Mulleres | Hab./Km2 | Total | Homes | Mulleres | Hab./Km2 |
| **Andalucía** | 7.478.432 | 3.687.421 | 3.791.011 | 85,4 | 8.449.985 | 4.180.285 | 4.269.700 | 96,5 |
| **Aragón** | 1.217.514 | 603.149 | 614.365 | 25,5 | 1.349.467 | 671.898 | 677.569 | 28,3 |
| **Asturias** | 1.073.971 | 515.166 | 558.805 | 101,3 | 1.077.360 | 516.420 | 560.940 | 101,6 |
| **Baleares** | 916.968 | 458.349 | 458.619 | 183,7 | 1.119.439 | 560.091 | 559.348 | 224,2 |
| **Canarias** | 1.843.755 | 923.353 | 920.402 | 247,6 | 2.118.344 | 1.056.240 | 1.062.104 | 284,5 |
| **Cantabria** | 542.275 | 264.492 | 277.783 | 101,9 | 593.861 | 289.999 | 303.862 | 111,6 |
| **Castela e León** | 2.480.369 | 1.223.935 | 1.256.434 | 26,3 | 2.546.078 | 1.261.141 | 1.284.937 | 27,0 |
| **Castela-A Mancha** | 1.782.038 | 888.987 | 893.051 | 22,4 | 2.121.888 | 1.069.648 | 1.052.240 | 26,7 |
| **Cataluña** | 6.506.440 | 3.201.029 | 3.305.411 | 202,6 | 7.570.908 | 3.741.628 | 3.829.280 | 235,8 |
| **C. Valenciana** | 4.326.708 | 2.136.323 | 2.190.385 | 186,1 | 5.129.266 | 2.546.404 | 2.582.862 | 220,6 |
| **Estremadura** | 1.073.050 | 533.539 | 539.511 | 25,8 | 1.108.130 | 550.324 | 557.806 | 26,6 |
| **Galicia** | 2.737.370 | 1.316.721 | 1.420.649 | 92,6 | 2.781.498 | 1.343.328 | 1.438.170 | 94,1 |
| **A Coruña** | 1.111.886 | 533.914 | 577.972 | 139,8 | 1.143.911 | 550.009 | 593.902 | 143,9 |
| **Lugo** | 361.782 | 175.583 | 186.199 | 49,7 | 348.902 | 169.536 | 179.366 | 48,0 |
| **Ourense** | 343.768 | 164.967 | 178.801 | 34,9 | 330.257 | 159.175 | 171.082 | 33,5 |
| **Pontevedra** | 919.934 | 442.257 | 477.677 | 204,7 | 958.428 | 464.608 | 493.820 | 213,2 |
| **Madrid** | 5.527.152 | 2.663.407 | 2.863.745 | 682,5 | 6.498.560 | 3.130.241 | 3.368.319 | 802,5 |
| **Murcia** | 1.226.993 | 616.236 | 610.757 | 108,4 | 1.474.449 | 742.727 | 731.722 | 130,3 |
| **Navarra** | 569.628 | 284.620 | 285.008 | 54,8 | 644.566 | 321.453 | 323.113 | 62,0 |
| **País Vasco** | 2.108.281 | 1.032.209 | 1.076.072 | 291,4 | 2.193.093 | 1.070.438 | 1.122.655 | 303,1 |
| **A Rioxa** | 281.614 | 140.780 | 140.834 | 55,8 | 323.609 | 161.574 | 162.035 | 64,1 |
| **Ceuta** | 76.152 | 39.195 | 36.957 | 4.008,0 | 84.018 | 42.948 | 41.070 | 4.422,0 |
| **Melilla** | 69.184 | 35.178 | 34.006 | 5.321,8 | 80.802 | 41.569 | 39.233 | 6.215,5 |
| **Total** | 41.837.894 | 20.564.089 | 21.273.805 | 82,7 | 47.265.321 | 23.298.356 | 23.966.965 | 93,4 |
| **Galicia / España** *(%)* | 6,54 | 6,40 | 6,68 | | 5,88 | 5,77 | 6,00 | |

Fonte: *INE*

**1.4.2.**

**Taxas de variación da poboación 2002-12 na Galicia Occidental Costa e na Galicia Interior**




Fonte: *IGE*

**1.4.3.**

| 2012/02 | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|
| Total | | Homes | | Mulleres | |
| (%) | (número) | (%) | (número) | (%) | (número) |
| 13,0 | 971.553 | 13,4 | 492.864 | 12,6 | 478.689 |
| 10,8 | 131.953 | 11,4 | 68.749 | 10,3 | 63.204 |
| 0,3 | 3.389 | 0,2 | 1.254 | 0,4 | 2.135 |
| 22,1 | 202.471 | 22,2 | 101.742 | 22,0 | 100.729 |
| 14,9 | 274.589 | 14,4 | 132.887 | 15,4 | 141.702 |
| 9,5 | 51.586 | 9,6 | 25.507 | 9,4 | 26.079 |
| 2,6 | 65.709 | 3,0 | 37.206 | 2,3 | 28.503 |
| 19,1 | 339.850 | 20,3 | 180.661 | 17,8 | 159.189 |
| 16,4 | 1.064.468 | 16,9 | 540.599 | 15,8 | 523.869 |
| 18,5 | 802.558 | 19,2 | 410.081 | 17,9 | 392.477 |
| 3,3 | 35.080 | 3,1 | 16.785 | 3,4 | 18.295 |
| 1,6 | 44.128 | 2,0 | 26.607 | 1,2 | 17.521 |
| 2,9 | 32.025 | 3,0 | 16.095 | 2,8 | 15.930 |
| -3,6 | -12.880 | -3,4 | -6.047 | -3,7 | -6.833 |
| -3,9 | -13.511 | -3,5 | -5.792 | -4,3 | -7.719 |
| 4,2 | 38.494 | 5,1 | 22.351 | 3,4 | 16.143 |
| 17,6 | 971.408 | 17,5 | 466.834 | 17,6 | 504.574 |
| 20,2 | 247.456 | 20,5 | 126.491 | 19,8 | 120.965 |
| 13,2 | 74.938 | 12,9 | 36.833 | 13,4 | 38.105 |
| 4,0 | 84.812 | 3,7 | 38.229 | 4,3 | 46.583 |
| 14,9 | 41.995 | 14,8 | 20.794 | 15,1 | 21.201 |
| 10,3 | 7.866 | 9,6 | 3.753 | 11,1 | 4.113 |
| 16,8 | 11.618 | 18,2 | 6.391 | 15,4 | 5.227 |
| 13,0 | 5.427.427 | 13,3 | 2.734.267 | 12,7 | 2.693.160 |

xaneiro de 2012 caeu un 0,5% respecto á mesma data do ano anterior, acadando os 2.781.498 habitantes. A caída de poboación no último ano afecta tanto a homes como a mulleres, e ás catro provincias galegas, con perdas de 5.000 habitantes na provincia de Pontevedra, e en torno aos 3.000 habitantes menos nas tres provincias restantes. Na última década (2002-2012), as provincias de Pontevedra e A Coruña incrementan a súa poboación nun 4,2% e 2,9% respectivamente, fronte ás provincias de Lugo e Ourense con perdas de poboación próximas ao 4%.

A dinámica de débil crecemento ao longo da década e de decrecemento poboacional nos últimos anos en Galicia non é homoxénea en termos xeográficos, observándose notables contrastes en termos demográficos non só entre provincias occidentais e do interior, senón tamén a nivel de comarcas e concellos.

En consonancia coa dispar evolución demográfica provincial, cabe sinalar que as taxas de variación da poboación nas comarcas da denominada Galicia occidental-costa (Barbanza, A Barcala, Bergantiños, Betanzos, A Coruña, Eume, Ferrol, Fisterra, Muros, Noia, Ortegal, Santiago, O Sar, Terra de Soneira e Xallas na provincia de A Coruña; A Mariña, Central, Occidental e Oriental na provincia de Lugo; e O Baixo Miño, Caldas, O Morrazo, Pontevedra, O Salnés e Vigo na provincia de Pontevedra), son sempre positivas ata o ano 2011 (**gráfico 1.4.3.**), fronte ás taxas de variación negativas en todo o período analizado das restantes 29 comarcas da Galicia interior, acadando perdas de poboación en torno ao 1,3% no ano 2012.

Asemade, o Instituto Galego de Estatística, baseándose en estándares europeos, establece unha clasificación do grao de urbanización dos concellos galegos, entendendo por grao de urbanización o tipo de localida-

**Poboación das sete grandes cidades 2008-12** (1)

| | 2008 | 2009 | 2010 | 2011 | 2012 | 12/11 (%) | 12/11 (total) |
|---|---|---|---|---|---|---|---|
| **Total** | 993.124 | 998.749 | 999.922 | 999.848 | 999.907 | 0,01 | 59 |
| **Vigo** | 295.703 | 297.332 | 297.124 | 297.241 | 297.355 | 0,04 | 114 |
| **A Coruña** | 245.164 | 246.056 | 246.047 | 246.028 | 246.146 | 0,05 | 118 |
| **Ourense** | 107.057 | 107.742 | 108.673 | 108.002 | 107.597 | -0,37 | -405 |
| **Lugo** | 95.416 | 96.678 | 97.635 | 98.007 | 98.457 | 0,46 | 450 |
| **Santiago** | 94.339 | 95.092 | 94.824 | 95.207 | 95.671 | 0,49 | 464 |
| **Pontevedra** | 80.749 | 81.576 | 81.981 | 82.400 | 82.684 | 0,35 | 284 |
| **Ferrol** | 74.696 | 74.273 | 73.638 | 72.963 | 71.997 | -1,31 | -966 |
| **7 cidades / Galicia** *(%)* | 35,8 | 35,7 | 35,7 | 35,8 | 36,0 | | |

**(1) datos a 1 de xaneiro de cada ano**
Fonte: *INE*

**1.4.4.**

**Poboación residente en núcleos de máis de 10.000 habitantes 2002-12** (1)

| | 2002 | 2002 (% / total provincial) | 2012 | 2012 (% / total provincial) | 2012/02 | 2012/02 (%) | Concellos >10.000 habs. |
|---|---|---|---|---|---|---|---|
| **Total** | 1.831.253 | 66,9 | 1.951.147 | 70,1 | 119.894 | 6,5 | 59 |
| **A Coruña** | 786.186 | 70,7 | 811.724 | 71,0 | 25.538 | 3,2 | 22 |
| **Lugo** | 153.343 | 42,4 | 172.870 | 49,5 | 19.527 | 12,7 | 6 |
| **Ourense** | 148.514 | 43,2 | 171.024 | 51,8 | 22.510 | 15,2 | 6 |
| **Pontevedra** | 743.210 | 80,8 | 795.529 | 83,0 | 52.319 | 7,0 | 25 |

**(1) datos a 1 de xaneiro de cada ano**
Fonte: *IGE*

**1.4.5.**

de na que reside un individuo segundo o seu carácter urbano ou rural, establecendo tres categorías: Zonas densamente poboadas (ZDP), Zonas intermedias (ZIP) e Zonas pouco poboadas (ZPP). Neste senso cabe salientar como nas ZDP, a densidade de poboación pasa de 1.442 h/Km$^2$ no ano 2002, a 1.474,6 h/km$^2$ no ano 2012, fronte ás ZPP onde a densidade de poboación era de 38,3h/km$^2$ no ano 2002 e de 35,5 h/km$^2$ no ano 2012.

A disparidade demográfica reflíctese tamén no feito de que o 36% da poboación galega atópase concentrada en torno ás sete grandes cidades (**táboa 1.4.4.**). A poboación total destas cidades mantense estable no 2012 con respecto ao ano anterior. A cidade que en maior medida incrementa a súa poboación en termos absolutos e relativos foi Santiago de Compostela, cun aumento de 464 habitantes, o que supón un 0,5% de poboación máis que no ano anterior, fronte ás cidades de Ferrol e Ourense, que rexistraron perdas do 1,3% e do 0,4% da súa poboación no último ano, respectivamente.

No conxunto dos 59 municipios de máis de 10.000 habitantes residen no 2012 un total de 1.951.147 persoas, o que supón o 70% do total da poboación de Galicia. Na década 2002-2012, o conxunto da poboación de ditos municipios incrementouse nun 6,5%, sendo os municipios de más de 10.000 habitantes radicados nas provincias de Lugo e Ourense, cuns incrementos do 12,7% e do 15,2%, respectivamente,

## Poboación nos concellos de menos de 1.500 habitantes 1991-2011

| | Total | | | | Poboación de menos de 16 anos | | | | Poboación de 85 e máis anos | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| | 1991 | 2001 | 2011 | 2011/1991 (%) | 1991 | 2001 | 2011 | 2011/1991 (%) | 1991 | 2001 | 2011 | 2011/1991 (%) |
| **Ourense** | 84.611 | 68.707 | 59.140 | -30,1 | 10.958 | 5.140 | 3.246 | -70,4 | 2.376 | 3.586 | 4.595 | 93,4 |
| Arnoia, A | 1.096 | 1.096 | 1.051 | -4,1 | 150 | 86 | 87 | -42,0 | 32 | 59 | 86 | 168,8 |
| Baltar | 1.867 | 1.233 | 1.038 | -44,4 | 192 | 65 | 27 | -85,9 | 55 | 73 | 87 | 58,2 |
| Beade | 885 | 600 | 498 | -43,7 | 145 | 66 | 37 | -74,5 | 16 | 26 | 28 | 75,0 |
| Beariz | 1.883 | 1.490 | 1.202 | -36,2 | 266 | 128 | 54 | -79,7 | 51 | 71 | 95 | 86,3 |
| Blancos, Os | 1.272 | 1.190 | 998 | -21,5 | 137 | 79 | 49 | -64,2 | 38 | 54 | 65 | 71,1 |
| Bola, A | 1.772 | 1.527 | 1.397 | -21,2 | 177 | 95 | 84 | -52,5 | 51 | 76 | 106 | 107,8 |
| Bolo, O | 1.918 | 1.296 | 1.080 | -43,7 | 177 | 78 | 51 | -71,2 | 79 | 80 | 128 | 62,0 |
| Calvos de Randín | 2.044 | 1.240 | 1.065 | -47,9 | 222 | 67 | 35 | -84,2 | 56 | 70 | 96 | 71,4 |
| Carballeda de Avia | 1.888 | 1.589 | 1.485 | -21,3 | 261 | 130 | 91 | -65,1 | 48 | 84 | 102 | 112,5 |
| Castrelo do Val | 1.463 | 1.284 | 1.160 | -20,7 | 165 | 85 | 88 | -46,7 | 48 | 71 | 82 | 70,8 |
| Castro Caldelas | 2.110 | 1.834 | 1.471 | -30,3 | 251 | 143 | 89 | -64,5 | 66 | 148 | 125 | 89,4 |
| Cenlle | 1.917 | 1.586 | 1.327 | -30,8 | 264 | 110 | 65 | -75,4 | 45 | 81 | 100 | 122,2 |
| Chandrexa de Queixa | 1.100 | 844 | 590 | -46,4 | 119 | 60 | 22 | -81,5 | 49 | 63 | 48 | -2,0 |
| Cortegada | 1.605 | 1.414 | 1.280 | -20,2 | 250 | 155 | 72 | -71,2 | 38 | 55 | 93 | 144,7 |
| Entrimo | 1.667 | 1.424 | 1.361 | -18,4 | 216 | 118 | 75 | -65,3 | 58 | 83 | 106 | 82,8 |
| Esgos | 1.468 | 1.294 | 1.194 | -18,7 | 194 | 90 | 83 | -57,2 | 46 | 66 | 81 | 76,1 |
| Gomesende | 1.433 | 1.115 | 915 | -36,1 | 166 | 75 | 35 | -78,9 | 45 | 60 | 75 | 66,7 |
| Gudiña, A | 2.016 | 1.682 | 1.466 | -27,3 | 332 | 165 | 93 | -72,0 | 39 | 72 | 75 | 92,3 |
| Larouco | 693 | 588 | 532 | -23,2 | 77 | 52 | 32 | -58,4 | 21 | 28 | 45 | 114,3 |
| Lobeira | 1.468 | 1.193 | 917 | -37,5 | 192 | 65 | 18 | -90,6 | 45 | 74 | 74 | 64,4 |
| Manzaneda | 1.619 | 1.160 | 1.003 | -38,0 | 224 | 90 | 44 | -80,4 | 56 | 63 | 92 | 64,3 |
| Melón | 1.780 | 1.504 | 1.484 | -16,6 | 287 | 109 | 66 | -77,0 | 59 | 77 | 128 | 116,9 |
| Mezquita (A) | 1.848 | 1.420 | 1.214 | -34,3 | 283 | 135 | 64 | -77,4 | 38 | 61 | 87 | 128,9 |
| Montederramo | 1.522 | 1.206 | 900 | -40,9 | 175 | 90 | 28 | -84,0 | 68 | 59 | 78 | 14,7 |
| Parada de Sil | 1.088 | 841 | 646 | -40,6 | 113 | 49 | 21 | -81,4 | 55 | 71 | 61 | 10,9 |
| Petín | 1.312 | 1.131 | 983 | -25,1 | 189 | 108 | 70 | -63,0 | 33 | 46 | 56 | 69,7 |
| Piñor | 1.854 | 1.552 | 1.328 | -28,4 | 261 | 111 | 69 | -73,6 | 67 | 81 | 86 | 28,4 |
| Pontedeva | 862 | 679 | 645 | -25,2 | 109 | 51 | 48 | -56,0 | 12 | 32 | 38 | 216,7 |
| Porqueira | 1.311 | 1.144 | 997 | -24,0 | 139 | 71 | 43 | -69,1 | 39 | 63 | 82 | 110,3 |
| Punxín | 1.054 | 937 | 799 | -24,2 | 121 | 68 | 45 | -62,8 | 23 | 44 | 64 | 178,3 |
| Quintela de Leirado | 1.047 | 881 | 717 | -31,5 | 123 | 70 | 46 | -62,6 | 43 | 60 | 62 | 44,2 |
| San Amaro | 1.647 | 1.431 | 1.235 | -25,0 | 252 | 111 | 56 | -77,8 | 30 | 57 | 99 | 230,0 |
| San Xoán de Río | 1.363 | 932 | 692 | -49,2 | 126 | 52 | 28 | -77,8 | 57 | 85 | 97 | 70,2 |
| Sandiás | 1.944 | 1.670 | 1.344 | -30,9 | 253 | 116 | 80 | -68,4 | 47 | 79 | 93 | 97,9 |
| Sarreaus | 2.684 | 1.789 | 1.408 | -47,5 | 506 | 135 | 48 | -90,5 | 60 | 78 | 111 | 85,0 |
| Teixeira (A) | 743 | 567 | 424 | -42,9 | 52 | 19 | 21 | -59,6 | 28 | 55 | 45 | 60,7 |
| Veiga (A) | 1.748 | 1.326 | 1.035 | -40,8 | 163 | 91 | 51 | -68,7 | 50 | 90 | 129 | 158,0 |
| Verea | 1.845 | 1.395 | 1.159 | -37,2 | 223 | 81 | 47 | -78,9 | 49 | 74 | 87 | 77,6 |
| Vilar de Santos | 1.495 | 986 | 921 | -38,4 | 234 | 75 | 53 | -77,4 | 20 | 37 | 58 | 190,0 |
| Vilariño de Conso | 936 | 799 | 638 | -31,8 | 122 | 72 | 37 | -69,7 | 24 | 36 | 50 | 108,3 |
| Xunqueira de Espadanedo | 1.216 | 1.065 | 891 | -26,7 | 203 | 101 | 45 | -77,8 | 40 | 54 | 56 | 40,0 |
| **Pontevedra** | 5.899 | 4.440 | 3.849 | -34,8 | 456 | 258 | 172 | -62,3 | 115 | 126 | 192 | 67,0 |
| Dozón | 2.800 | 1.698 | 1.271 | -54,6 | 356 | 163 | 82 | -77,0 | 52 | 51 | 90 | 73,1 |
| Mondariz-Balneario | 621 | 676 | 678 | 9,2 | 100 | 95 | 90 | -10,0 | 16 | 20 | 21 | 31,3 |
| **A Coruña** | 20.249 | 17.592 | 15.766 | -22,1 | 3.068 | 1.645 | 1.235 | -59,7 | 497 | 677 | 896 | 80,3 |
| Capela (A) | 1.741 | 1.530 | 1.373 | -21,1 | 294 | 142 | 130 | -55,8 | 40 | 45 | 62 | 55,0 |
| Cerdido | 1.908 | 1.568 | 1.304 | -31,7 | 289 | 139 | 95 | -67,1 | 46 | 57 | 91 | 97,8 |
| Moeche | 1.763 | 1.489 | 1.358 | -23,0 | 251 | 136 | 100 | -60,2 | 56 | 66 | 107 | 91,1 |
| Somozas (As) | 1.682 | 1.396 | 1.281 | -23,8 | 237 | 110 | 104 | -56,1 | 30 | 56 | 73 | 143,3 |
| Toques | 1.956 | 1.580 | 1.309 | -33,1 | 317 | 157 | 95 | -70,0 | 41 | 47 | 80 | 95,1 |
| Vilarmaior | 1.448 | 1.365 | 1.263 | -12,8 | 217 | 122 | 95 | -56,2 | 44 | 56 | 64 | 45,5 |
| Vilasantar | 1.896 | 1.597 | 1.357 | -28,4 | 220 | 129 | 81 | -63,2 | 40 | 85 | 92 | 130,0 |
| **Lugo** | 37.509 | 30.868 | 25.413 | -32,2 | 5.080 | 2.688 | 1.647 | -67,6 | 1.014 | 1.454 | 1.801 | 77,6 |
| Baleira | 2.181 | 1.834 | 1.463 | -32,9 | 314 | 174 | 76 | -75,8 | 45 | 79 | 88 | 95,6 |
| Folgoso do Caurel | 1.923 | 1.498 | 1.170 | -39,2 | 237 | 110 | 35 | -85,2 | 74 | 97 | 86 | 16,2 |
| Muras | 1.437 | 1.044 | 756 | -47,4 | 188 | 71 | 41 | -78,2 | 33 | 45 | 67 | 103,0 |
| Navia de Suarna | 2.303 | 1.872 | 1.341 | -41,8 | 241 | 125 | 46 | -80,9 | 69 | 107 | 131 | 89,9 |
| Negueira de Muñiz | 339 | 259 | 212 | -37,5 | 38 | 27 | 9 | -76,3 | 3 | 7 | 16 | 433,3 |
| Nogais, As | 1.952 | 1.552 | 1.300 | -33,4 | 274 | 149 | 95 | -65,3 | 56 | 64 | 102 | 82,1 |
| Ourol | 1.959 | 1.445 | 1.146 | -41,5 | 152 | 89 | 65 | -57,2 | 99 | 80 | 85 | -14,1 |
| Pedrafita do Cebreiro | 2.144 | 1.552 | 1.201 | -44,0 | 318 | 124 | 37 | -88,4 | 62 | 61 | 99 | 59,7 |
| Ribas de Sil | 1.689 | 1.371 | 1.061 | -37,2 | 239 | 102 | 62 | -74,1 | 60 | 79 | 65 | 8,3 |
| Ribeira de Piquín | 1.084 | 837 | 635 | -41,4 | 141 | 60 | 21 | -85,1 | 27 | 42 | 51 | 88,9 |
| Riotorto | 2.256 | 1.799 | 1.450 | -35,7 | 292 | 123 | 99 | -66,1 | 47 | 83 | 102 | 117,0 |
| Trabada | 2.046 | 1.591 | 1.268 | -38,0 | 320 | 128 | 86 | -73,1 | 47 | 69 | 78 | 66,0 |
| Triacastela | 1.065 | 873 | 754 | -29,2 | 168 | 100 | 67 | -60,1 | 40 | 41 | 41 | 2,5 |

Fonte: elaboración propia *CES-Galicia*

**1.4.6.**

os que amosarían un crecemento poboacional en termos relativos máis significativo (**táboa 1.4.5.**).

Nembargante, nos municipios de menos de 1.500 habitantes, a tendencia demográfica é de forte perda poboacional. Tal e como recolle a **táboa 1.4.6.**, segundo datos censais, os 41 municipios de menos de 1.500 habitantes da provincia de Ourense perderon de media un 30% da súa poboación no transcurso dun período de trinta anos (1991-2011). Nesas tres décadas os 13 municipios con menos de 1.500 habitantes radicados na provincia de Lugo perderían de media un 32% de poboación, os 7 existentes na provincia da Coruña un 22% e os dous da provincia de Pontevedra un 35%.

A perda de poboación nos concellos de menos de 1.500 habitantes está ademais caracterizada por un drástico descenso da poboación menor de 16 anos, que, de media, descende en torno ao 70%, así como por un forte aumento da poboación maior de 85 anos, que se incrementa nun 87% de media nos citados concellos, chegando a aumentos do 93% no caso da provincia de Ourense. Así, o censo do ano 2011 reflicte que de cada 100 persoas residentes en concellos de menos de 1.500 habitantes en Galicia, 30,5 teñen máis de 65 anos e só 6 persoas teñen menos de 16 anos. Como consecuencia, segundo os datos da clasificación do grao de urbanización dos concellos galegos do IGE, a zona máis rural de Galicia é que presenta unha poboación máis envellecida, cunha media de idade que no ano 2011 era de 49,2 anos, acadando os 50 anos nas zonas menos poboadas das provincias de Lugo e Ourense.

Por todo o sinalado, se non se consegue inverter a tendencia demográfica dos concellos menos densamente poboados, caracterizada por perdas de poboación e forte envellecemento da mesma, o despoboamento e polarización da poboación seguirá en aumento.

Finalmente, salientar que o contraste nas pautas demográficas no territorio galego explícase, fundamentalmente, polo efecto que as diferenzas en termos de desenvolvemento económico e social entre zonas urbanas e rurais teñen sobre a dinámica e o comportamento do conxunto dos factores causais que inciden no crecemento vexetativo e nos saldos migratorios.

- **Idade e sexo.**

Tal como acontece a nivel estatal e na grande maioría das CCAA, no conxunto da poboación hai maior presenza de mulleres que de homes, así en Galicia o 51,7% do total da poboación son mulleres. Neste senso, pese a que o número de nacementos de homes é maior que o de mulleres, a maior supervivencia feminina é a causante deste maior número de mulleres, cobrando tamén relevancia no caso galego os efectos históricos da emigración, que foi maioritariamente masculina.

A idade media en Galicia no ano 2012 é de 45,4 anos, fronte aos 41,6 anos de media no conxunto do Estado, sendo tan só superada por Asturias.

No que respecta á estrutura da poboación por idades, tal e como se amosa na **táboa 1.4.7.**, un 11,7% da poboación residente en Galicia no ano 2012 é menor de 15 anos. Un 30,7% ten unha idade comprendida entre os 15 e os 39 anos, e un 34,7% ten entre 40 e 64 anos. O restante 22,9% da poboación estaría conformado por persoas maiores de 65 anos. Comparando con outras CCAA, Galicia é a segunda, por detrás de Castela e León, cunha maior porcentaxe de persoas maiores de 64 anos sobre o total de poboación.

Na evolución ao longo dos últimos dez

**Poboación de dereito nas CC.AA. 2012: porcentaxes por grupos de idade**

| | Total | grupos de idade 0-14 | 15-39 | 40-64 | >64 |
|---|---|---|---|---|---|
| | | (%) | | | |
| Andalucía | 8.449.985 | 16,30 | 35,16 | 33,12 | 15,42 |
| Aragón | 1.349.467 | 13,84 | 31,91 | 34,20 | 20,05 |
| Asturias | 1.077.360 | 10,75 | 29,26 | 37,29 | 22,69 |
| Baleares | 1.119.439 | 15,30 | 36,22 | 33,94 | 14,53 |
| Canarias | 2.118.344 | 14,62 | 35,80 | 35,36 | 14,22 |
| Cantabria | 593.861 | 13,37 | 31,56 | 36,08 | 18,99 |
| Castela e León | 2.546.078 | 12,02 | 29,70 | 35,27 | 23,01 |
| Castela-A Mancha | 2.121.888 | 15,45 | 34,82 | 32,15 | 17,57 |
| Cataluña | 7.570.908 | 15,63 | 33,91 | 33,46 | 17,01 |
| C. Valenciana | 5.129.266 | 14,96 | 33,61 | 33,95 | 17,48 |
| Estremadura | 1.108.130 | 14,34 | 32,80 | 33,62 | 19,24 |
| Galicia | 2.781.498 | 11,74 | 30,71 | 34,69 | 22,86 |
| Madrid | 6.498.560 | 15,52 | 35,30 | 33,83 | 15,35 |
| Murcia | 1.474.449 | 17,63 | 36,39 | 31,68 | 14,30 |
| Navarra | 644.566 | 15,56 | 32,50 | 34,08 | 17,86 |
| País Vasco | 2.193.093 | 13,68 | 30,22 | 36,27 | 19,84 |
| A Rioxa | 323.609 | 14,80 | 32,54 | 34,03 | 18,62 |
| Ceuta | 84.018 | 20,74 | 37,50 | 30,90 | 10,87 |
| Melilla | 80.802 | 21,99 | 37,70 | 30,34 | 9,97 |
| **Total** | 47.265.321 | 14,94 | 33,73 | 33,93 | 17,40 |

Fonte: *INE*

**1.4.7.**

**Taxas de variación da poboación 2002-12: distribución segundo grupos de idade**




Fonte: *IGE*

**1.4.8.**

anos 2002-2012 da estrutura da poboación galega por idades, **gráfico 1.4.8.**, obsérvanse pautas demográficas diferentes, que axudan a explicar o progresivo envellecemento da poboación galega. O conxunto da poboación con idades comprendidas entre os 15 e os 39 anos rexistraría taxas de variación interanuais negativas no período 2002-2012 rexistrando, a partir do ano 2008, taxas cada vez máis negativas. A evolución dos restantes grupos de idades, mostrarían taxas de varia-

ción positivas, pese a rexistrar nos últimos anos cifras progresivamente máis baixas.

A perda de poboación sufrida por Galicia no ano 2012 en relación ao ano anterior (16.509 habitantes menos) concéntrase exclusivamente na poboación entre 15 e 29 anos (21.402 persoas menos), o que contribúe a acentuar o xa moi elevado envellecemento da poboación galega.

Neste senso, entre as causas do envellecemento demográfico galego poden atoparse as históricas baixas taxas de natalidade ou o aumento da lonxevidade como froito das melloras en benestar e saúde. A maiores, o impacto da emigración xogaría un papel moi relevante en Galicia, xa que reduciu a poboación en idade de traballar, así como a relación de masculinidade nos diferentes grupos de idade. Ao marxe de causas xerais como a maior esperanza de vida das mulleres, o factor da emigración fundamentalmente masculina é un dos causantes de que en Galicia a feminización do envellecemento sexa máis acusada que noutras comunidades autónomas.

## Movementos migratorios

A entrada de poboación estranxeira amortiguou a perda de poboación en Galicia. Así, tal e como se mostra na **táboa 1.4.9.**, a 1 de xaneiro de 2012 en Galicia residirían un total de 112.183 estranxeiros, 1.715 máis que no ano anterior. A poboación estranxeira representa o 4% da poboación total residente en Galicia, a porcentaxe máis reducida de todas as Comunidades Autónomas, lonxe do 12% que representa a poboación estranxeira no conxunto da poboación estatal. Só o 2% dos estranxeiros existentes no Estado español residen en Galicia.

Os efectos positivos, dende un punto de vista demográfico, que ten para Galicia a entrada de poboación estranxeira, na súa grande maioría menores de 64 anos, poden verse minorados pola ralentización que dende o comezo da crise económica, no ano 2008, se produce nas entradas de inmigrantes. Así, Galicia pasa de rexistrar máis de 14.000 entradas netas no ano 2008, a 1.715 no ano 2012.

As provincias de Pontevedra (40.638) e A Coruña (39.861) son no ano 2012, as que teñen unha maior presenza de estranxeiros. A nivel comarcal, obsérvase unha polarización entre Galicia occidental e Galicia oriental, observándose que a poboación estranxeira reside preferentemente nas áreas de maior urbanización e desenvolvemento económico. Tal e como recolle a estatística realizada polo IGE sobre o panorama rural e urbano en Galicia, en xeral a porcentaxe de poboación estranxeira en Galicia é maior a medida que aumenta o grao de urbanización dos concellos, encontrando que nos concellos situados en áreas densamente poboadas, dita porcentaxe acada o valor do 4,8%, mentres que nos concellos en áreas de urbanización media e baixa o porcentaxe sería do 3,9% e do 3,3% respectivamente

En termos do peso relativo respecto ao total de poboación, sería Ourense, cun 5,1% da súa poboación total, a provincia na que máis relevancia terían os estranxeiros, seguida de Lugo e Pontevedra cun 4,2%, e A Coruña cun 3,5%.

No que respecta á nacionalidade de orixe dos estranxeiros residentes en Galicia, **táboa 1.4.10.**, do total dos estranxeiros que residen en Galicia no ano 2012, o 42,5% procede do continente europeo, e un 42,1% do continente americano, dos que un 80,2% procederían de América do Sur. O 11,3% e o 4% restantes serían de nacionalidade africana e procedentes de Asia e Oceanía respectivamente.

O 20,3% dos estranxeiros empadroados

**Poboación estranxeira residente e poboación total en Galicia e España a 1 de xaneiro de 2012**

| | Estranxeiros | | | Poboación total | | | Estranxeiros / total |
|---|---|---|---|---|---|---|---|
| | Total | Homes | Mulleres | Total | Homes | Mulleres | (%) |
| **España** | 5.736.258 | 2.975.508 | 2.760.750 | 47.265.321 | 23.298.356 | 23.966.965 | 12,1 |
| **Galicia** | 112.183 | 56.865 | 55.318 | 2.781.498 | 1.343.328 | 1.438.170 | 4,0 |
| A Coruña | 39.861 | 19.292 | 20.569 | 1.143.911 | 550.009 | 593.902 | 3,5 |
| Lugo | 14.738 | 7.637 | 7.101 | 348.902 | 169.536 | 179.366 | 4,2 |
| Ourense | 16.946 | 8.696 | 8.250 | 330.257 | 159.175 | 171.082 | 5,1 |
| Pontevedra | 40.638 | 21.240 | 19.398 | 958.428 | 464.608 | 493.820 | 4,2 |
| (%) | | | | | | | |
| **Galicia / España** | 2,0 | 1,9 | 2,0 | 5,9 | 5,8 | 6,0 | |
| **A Coruña / Galicia** | 35,5 | 33,9 | 37,2 | 41,1 | 40,9 | 41,3 | |
| **Lugo / Galicia** | 13,1 | 13,4 | 12,8 | 12,5 | 12,6 | 12,5 | |
| **Ourense / Galicia** | 15,1 | 15,3 | 14,9 | 11,9 | 11,8 | 11,9 | |
| **Pontevedra / Galicia** | 36,2 | 37,4 | 35,1 | 34,5 | 34,6 | 34,3 | |

Fonte: *INE*

**1.4.9.**

**Poboación residente 2012: distribución segundo nacionalidade e orixe**

| | Total | Nacionalidade española | Nacionalidade non española |
|---|---|---|---|
| **Total** | 2.781.498 | 2.669.315 | 112.183 |
| Europa | 90.170 | 42.432 | 47.738 |
| África | 14.850 | 2.148 | 12.702 |
| América | 111.955 | 64.686 | 47.269 |
| América Central e Caribe | 16.202 | 8.688 | 7.514 |
| América do Norte | 7.015 | 5.172 | 1.843 |
| América do Sur | 88.738 | 50.826 | 37.912 |
| Asia | 5.101 | 789 | 4.312 |
| Oceanía | 380 | 243 | 137 |

Fonte: *IGE* e *INE*

**1.4.10.**

en Galicia son de nacionalidade portuguesa, o 9,1% procede de Brasil e o 6,9%, de Colombia. Así mesmo, destaca o número de estranxeiros de nacionalidade rumana (9.146 persoas).

Finalmente, resulta salientable o número de residentes en Galicia, procedentes do estranxeiro, que dispoñen de nacionalidade española. Así, tal e como mostra o **cadro 1.4.10.**, o 53% da poboación procedente de América do Sur e residente en Galicia ten a nacionalidade española, fronte a só o 19% dos residentes procedentes de África ou o 22,4% dos asiáticos, feito que pode estar relacionado coa emigración galega e o retorno da mesma.

Unha análise da evolución das cifras das variacións residenciais e das migracións permite intuír o efecto que exercen os movementos migratorios externos, isto é, os que se producen cara ou dende o resto de España e o estranxeiro, na evolución demográfica galega, así como nas perdas poboacionais rexistradas a partir do 2011.

Neste senso, no que atinxe ao saldo migratorio resultante da diferenza entre as entradas procedentes doutras comunida-




Fonte: *IGE*

**1.4.11.**

des autónomas e as saídas con destino a outras CCAA, obsérvase como tras a existencia casi xeneralizadas de saldos migratorios negativos dende o ano 2002, a partir do 2008 o saldo tórnase positivo, como consecuencia do aumento das saídas e da diminución no número de entradas, rexistrando no 2011, último ano dispoñible, a cifra de 278, perdendo así Galicia a relevancia como destino de residencia de habitantes doutras comunidades autónomas.

Por outra banda, en relación ao saldo migratorio entre as entradas procedentes do estranxeiro e as saídas con destino ao estranxeiro que teñen lugar cara ou dende a nosa comunidade, cabe subliñar que, tras un aumento ano a ano do saldo como consecuencia do maior número de inmigracións dende o estranxeiro que de saídas cara ao estranxeiro, e despois de acadar un valor máximo do saldo de 20.919, no ano 2007, a partir de ese momento comeza unha baixada progresiva da cifra do saldo como consecuencia da ralentización no número de entradas dende o estranxeiro fronte a un mantemento ou mesmo aumento do número de saídas ao estranxeiro, o que se traduce nun saldo de 4.530 no ano 2011 (**gráfico 1.4.11.**).

O **gráfico 1.4.12.** mostra como as consecuencias da crise económica plásmanse claramente na redución das altas de residencia en Galicia tanto de estranxeiros como de españois así como nun forte incremento das baixas tanto de estranxeiros que saen do país como de galegos que emigran ao estranxeiro. Así, cabe salientar como as baixas residenciais de galegos que saen ao estranxeiro pasan de 2.452 no ano 2007 a 4.323 no ano 2011. Un 75,7% destes emigrantes galegos teñen idades comprendidas entre os 16 e os 64 anos, sendo así a poboación en idade activa a que máis emigraría ao estranxeiro, algo que por outra parte tamén sucedería no caso da inmigración.

Asemade, a maioría dos emigrados galegos, un 52,6%, elixirían como continente de destino Europa, dos cales un 30,6% optarían en concreto por países dentro da Unión Europea e un 22% por países non pertencentes á Unión Europea. América sería o segundo continente en termos de número de emigrados galegos, cun 42,1% do total. Cabe resaltar que do total de emigrados españois cara outros países europeos non pertencentes a UE, un 22,8% o farían dende Galicia, sendo así, tras Cata-

Altas por variación residencial procedentes do estranxeiro 2002-11: distribución segundo nacionalidade




Baixas por variación residencial con destino ao estranxeiro 2002-11: distribución segundo nacionalidade




Fonte: *INE*

**1.4.12.**

### Altas e baixas por variación residencial en Galicia e España 2002-11

**Altas procedentes do estranxeiro**

**2002**

| | Total | | | 0-15 anos | | | 16-64 anos | | | 65 ou máis anos | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| | Total | españois | estranxeiros | Total | españois | estranxeiros | Total | españois | estranxeiros | Total | españois | estranxeiros |
| Galicia | 18.186 | 8.435 | 9.751 | 3.188 | 1.307 | 1.881 | 13.233 | 5.617 | 7.616 | 1.765 | 1.511 | 254 |
| España | 482.360 | 40.175 | 443.085 | 86.782 | 8.106 | 78.676 | 378.760 | 26.683 | 352.077 | 17.718 | 5.386 | 12.332 |

**2011**

| | Total | | | 0-15 anos | | | 16-64 anos | | | 65 ou máis anos | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| | Total | españois | estranxeiros | Total | españois | estranxeiros | Total | españois | estranxeiros | Total | españois | estranxeiros |
| Galicia | 13.847 | 3.708 | 10.139 | 2.304 | 462 | 1.842 | 10.382 | 2.407 | 7.975 | 1.161 | 839 | 322 |
| España | 454.686 | 38.404 | 416.282 | 71.447 | 8.383 | 63.064 | 363.885 | 25.571 | 338.314 | 19.354 | 4.450 | 14.904 |

**Baixas con destino ao estranxeiro**

**2002**

| | Total | | | 0-15 anos | | | 16-64 anos | | | 65 ou máis anos | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| | Total | españois | estranxeiros | Total | españois | estranxeiros | Total | españois | estranxeiros | Total | españois | estranxeiros |
| Galicia | 4.193 | 4.075 | 118 | 27 | 16 | 11 | 3.647 | 3.545 | 102 | 519 | 514 | 5 |
| España | 36.605 | 29.674 | 6.931 | 1.026 | 246 | 780 | 32.560 | 26.988 | 5.572 | 3.019 | 2.440 | 579 |

**2011**

| | Total | | | 0-15 anos | | | 16-64 anos | | | 65 ou máis anos | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| | Total | españois | estranxeiros | Total | españois | estranxeiros | Total | españois | estranxeiros | Total | españois | estranxeiros |
| Galicia | 9.317 | 4.323 | 4.994 | 1.000 | 377 | 623 | 7.428 | 3.271 | 4.157 | 889 | 675 | 214 |
| España | 370.540 | 52.841 | 317.699 | 46.250 | 10.314 | 35.936 | 308.865 | 38.980 | 269.885 | 15.425 | 3.547 | 11.878 |

Fonte: *INE*

**1.4.13.**




Fonte: *IGE*

**1.4.14.**

luña, a comunidade autónoma con máis emigración con dito destino.

No que atinxe ás entradas de españois residentes no estranxeiro, cabe sinalar o fenómeno do retorno de españois a Galicia. No ano 2011, do total de 3.698 retornados, un 47,3% procederían de América Central e do Sur, e un 42,6% de Europa. Galicia é tras Madrid, Canarias e Cataluña a comunidade autónoma con maior número de retornados procedentes de América Central e do Sur.

A evolución das cifras relativas aos movementos migratorios reflicte así o efectos da crise económica na nosa comunidade, que se traducen fundamentalmente tanto nunha ralentización no número de entradas de estranxeiros ou habitantes doutras comunidades autónomas, como nun aumento no número de saídas de galegos residentes en Galicia cara outras comunidades autónomas e ao estranxeiro.

## Movemento natural da poboación

A estrutura demográfica de Galicia, caracterizada por unha perda de poboación e por un cada vez maior envellecemento da mesma, condiciona a existencia dun crecemento natural negativo, con baixas taxas de natalidade e alto número de defuncións (**gráfico 4.1.14.)**. Neste senso, o comportamento ao longo dos últimos anos do crecemento natural mantívose sempre en valores negativos, sumando o total de defuncións máis do dobre do número total de nacementos.

A interdependencia entre natalidade e estrutura da poboación por idades, sinalada anteriormente, condiciona a existencia dunha taxa bruta de natalidade en Galicia de 7,9 nacementos por cada 1.000 habitantes; se a isto lle unimos a existencia dunha taxa bruta de mortalidade de case 11 falecidos por cada 1.000 habitantes, podemos concluír a existencia en Galicia dun proceso de marcada recesión demográfica, con perdas poboacionais de moi difícil recuperación.

Desagregando anualmente, a taxa de nacementos ten unha evolución estable ou lixeiramente positiva no período 2002–2008, acadando no ano 2008 o seu nivel máis elevado con 8,5 nacementos por cada 1.000 habitantes. Nembargante, a partir do ano 2008 ata o ano 2011 a taxa

**Movemento natural da poboación 2000-11 (1)**




(1) taxas brutas de natalidade, mortalidade e crecemento vexetativo
Fonte: *INE*

**1.4.15.**

**Nacementos 2000-11: distribución segundo nacionalidade da nai**




Fonte: *IGE*

**1.4.16.**

de nacementos baixa seis décimas inverténdose a tendencia positiva rexistrada ata este momento. A evolución da taxa de mortalidade mostra unha pauta máis errática, acadando no ano 2011 un valor de 10,9 defuncións por cada 1.000 habitantes o que supón catro décimas máis que no ano 2001.

Finalmente, destacar a diferenza entre a evolución dos nacementos en función da nacionalidade da nai, neste senso, tal como se mostra no **gráfico 1.4.16.**, os nacidos de nai española, no período 2001-2011, incremԑntanse nun 6,3% pasando de 18.759 no ano 2001, a 19.935 no ano 2011, fronte ao incremento de máis do

156% nos nacementos de nai estranxeira no mesmo período pasando de 602 no ano 2001 a 1.543 no ano 2011. ■

# UNCINCO. proceso de converxencia

Neste capítulo analízase o proceso de converxencia de Galicia coas medias estatais e europeas. Na primeira parte descríbese a estratexia comunitaria en Galicia, cos distintos fondos europeos e os proxectos que cofinanciaron, para seguir cos logros do actual período de programación 2007–2013 e as distintas axudas en marcha. A parte final analiza os indicadores de converxencia coa media estatal e coa media europea.

## Estratexia comunitaria en Galicia

A integración de España na Comunidade Económica Europea no ano 1986 supuxo a posta en funcionamento da política rexional comunitaria, baseada fundamentalmente nas accións dos tres fondos estruturais: o FEDER (Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional), instrumento fundamental da política rexional comunitaria, destinado a reducir os desequilibrios entre as distintas rexións europeas; o FSE (Fondo Social Europeo), instrumento da política social comunitaria, destinado a cofinanciar accións de formación, de reconversión profesional e de creación de emprego; e o FEOGA-Orientación (Fondo Europeo de Orientación e Garantía Agrícola), destinado a cofinanciar actuacións no campo das estruturas agrícolas.

Os primeiros proxectos cofinanciados en Galicia beneficiáronse do apoio do FEDER para proxectos de infraestruturas, así como proxectos de investimento en actividades industriais, artesanais ou de servizos, no marco do PDR (Plan de Desenvolvemento Rexional)

O **período 1989-1993** estivo marcado polo obxectivo de conseguir un mercado único, con libre circulación de persoas, mercadorías, servizos e capitais. Este obxectivo está intimamente relacionado coa consecución paralela dunha maior cohesión económica e social, nacendo,

deste xeito, a idea dunha política estrutural integrada a favor das rexións con máis dificultades.

A consecución dunha maior cohesión precisa dunha reforma dos fondos estruturais baseada en catro principios:

– Principio de concentración.- As actuacións deben concentrarse nos territorios con máis dificultades. A definición de obxectivos prioritarios, permite adaptar a programación tanto aos territorios como á poboación beneficiaria. Neste senso defínense os obxectivos seguintes:

- Obxectivo 1: Promover o desenvolvemento e o axuste estrutural das rexións menos desenvolvidas.
- Obxectivo 2: Reconverter as rexións ou partes de rexións gravemente afectadas polo declive industrial.
- Obxectivo 3. Combater o desemprego de longa duración.
- Obxectivo 4: Facilitar a inserción profesional dos mozos.
- Obxectivo 5: Acelerar a adaptación das estruturas agrícolas (5a) e promover o desenvolvemento das zonas rurais (5b).

Así mesmo créanse 13 programas específicos, denominados iniciativas comunitarias, tais como o programa LEADER para o desenvolvemento do rural, RETEX para axudar á industria téxtil, ou o programa NOW para fomentar e mellorar o emprego feminino.

– Principio de programación.- Os fondos estruturais póñense en funcioamento a partir de programas plurianuais.

– Principio de adicionalidade.- Os fondos estruturais non deben dar lugar á substitución dos investimentos nacionais, de xeito que o nivel de gasto público dos Estados membros ten que manterse igual que no principio do período de programación.

– Principio de partenariado.- Ten por obxecto reforzar a colaboración vertical entre institucións, de xeito que os programas incidan nas necesidades dos beneficiarios e que estes últimos se mobilicen na súa aplicación.

Neste primeiro período de programación dos fondos estruturais, Galicia convértese en rexión obxectivo 1, por ter un PIB inferior ao 75% da media comunitaria, o que lle permite ter acceso aos tres fondos estruturais. Así mesmo, neste período Galicia elabora o primeiro Plan Económico e Social de Galicia 1990-1993 co obxecto de planificar a estratexia de desenvolvemento rexional económico, social e territorial.

Neste período, os fondos do FEDER destínanse principalmente a fomentar infraestruturas básicas. O programa operativo correspondente aporta un financiamento final do FEDER en torno aos 304 millóns de euros. No que respecta ao aporte final do FSE, esta ascende a 34 millóns de euros, concentrados nos tres eixos prioritarios, a mellora dos recursos humanos, a loita contra o paro de longa duración e a inserción profesional dos mozos. O FEOGA- Orientación aporta 178 millóns para o desenvolvemento de actuacións no medio rural galego.

As iniciativas comunitarias aportan en torno a 53 millóns de euros en Galicia no citado período, dentro das que destacan, pola súa importancia financeira, as iniciativas INTERREG I (20,35 millóns de euros) e ENVIREG (10,15 millóns de euros) dentro das iniciativas cofinanciadas polo FEDER, e a iniciativa EUROFORM (1,33 millóns de euros) dentro das cofinanciadas polo FSE.

Finalmente, Galicia benefíciase tamén de programas plurianuais destinados ás rexións obxectivo 1, xestionados pola AGE, e que no período 1989-1993 aportaron a Galicia 233 millóns de euros.

No ano 1992, coa adopción do tratado de Maastricht, a cohesión económica e social reafírmase como unha prioridade e apróbase un **segundo período de programación** de fondos estruturais. As axudas financeiras asignadas a Galicia pola Unión Europea increméntanse de xeito considerable, pasando de 802 millóns de euros no período 1989-1993 a 4.562 millóns de euros no período 1994-1999, unido á estabilización do financiamento da PAC.

Así mesmo no ano 1993 créase un novo instrumento financeiro para distribuír as axudas ao sector da pesca que se orixinan no fondo FEOGA-Orientación, o Instrumento Financeiro de Orientación da Pesca (IFOP).

Finalmente, como complemento dos fondos existentes (FEDER, FSE, FEOGA-O e IFOP), que conforman o marco comunitario de apoio para o período 1994-1999, instáurase o fondo de cohesión, co obxectivo de axudar aos Estados membros economicamente máis atrasados a lograr os criterios de converxencia necesarios para a realización da unión europea e monetaria prevista polo tratado de Maastricht. Este fondo supón para Galicia 637 millóns de euros no citado período.

Ligado ao segundo período de programación dos fondos estruturais e de cohesión, en Galicia o segundo Plan Económico e Social 1993-1996 ten como obxectivo a modernización do tecido económico galego en base ao desenvolvemento de elementos endóxenos tais como os capitais tecnolóxicos, empresariais e humanos.

O **período de programación 1994-1999** supón para Galicia, que segue sendo obxectivo 1, unha axuda do FEDER de 1.636 millóns de euros, destinados prioritariamente a infraestruturas, autovía do Noroeste e mellora das infraestruturas viarias e ferroviarias fundamentalmente, aínda que tamén se destinan parte dos fondos ao fomento do tecido económico, en concreto a través da creación do Instituto Galego de Promoción Económica (IGAPE).

O FSE aporta no período a Galicia 190 millóns de euros de axuda encamiñada ao desenvolvemento dos recursos humanos.

O programa operativo FEOGA-Orientación inviste en Galicia 314 millóns de euros con catro ámbitos de actuación: a mellora da produción agraria, a protección e conservación dos recursos naturais, a reconversión e mellora da calidade e o desenvolvemento e a diversificación económica das zonas rurais.

Galicia tamén se beneficia no citado período de 1.283 millóns de euros de axuda a través dos programas plurirrexionais, que inciden nas rexións obxectivo 1 en diversos ámbitos.

Finalmente, o IFOP destina 349 millóns de euros á renovación, modernización e transformación do sector pesqueiro, así como á comercialización de novos produtos, no período 1994-1999 en Galicia.

A axuda comunitaria relacionada coas Iniciativas Comunitarias en Galicia acada os 153 millóns de euros, destacando con 51,6 millóns a Iniciativa INTERREG II A de cooperación entre rexións fronteirizas e a iniciativa LEADER II de desenvolvemento rural, con 50,4 millóns.

O seguinte período de programación dos fondos comunitarios abarca os anos 2000 a 2006 e está marcado pola integración na Unión Europea de 12 novos membros, o que supón a creación de ferramentas específicas de apoio á adhesión (programa PHARE).

O **terceiro período de programación**

dos fondos estruturais busca, por unha banda, simplificar a xestión dos fondos e, por outra banda, introducir o principio de subsidiariedade, cuxa aplicación supón que a Comisión Europea se libere da xestión corrente dos fondos comunitarios, que pasa a ser exercida por niveis administrativos locais, rexionais ou nacionais, estando, en contrapartida, sometidas estas administracións a uns controis moito máis rigorosos.

Así mesmo, este terceiro período de programación reforza a concentración dos fondos en colectivos e territorios con máis dificultades, co que os seis obxectivos prioritarios existentes no período anterior pasan a ser tres e as 13 iniciativas comunitarias existentes pasan a ser só 4 (LEADER+, INTERREG III, EQUAL e URBAN II).

As catro prioridades que guían a posta en funcionamento dos novos programas son a creación de emprego, o desenvolvemento rural, a igualdade de xénero e o desenvolvemento de novas tecnoloxías da información e a comunicación.

O marco de referencia da actuación do sector público galego para o período 2000–2006 é o Plan Estratéxico de Desenvolvemento Económico de Galicia 2000–2006 (PEDEGA), una plan que pon en coherencia a estratexia galega de desenvolvemento rexional coa política rexional europea. Esta estratexia ten como obxectivo impulsar o desenvolvemento socioeconómico de Galicia a través da potenciación da base produtiva, do tecido empresarial e da competitividade do territorio.

No período 2000–2006 Galicia intégrase no Marco Comunitario de Apoio das rexións obxectivo 1 de España 2000-2006, composto por 4 Fondos: FEDER, FSE, FEOGA-O e IFOP. Este marco esta baseado en cinco piares fundamentais: a competitividade, a sociedade do coñecemento, os recursos humanos, as infraestruturas, o desenvolvemento local e urbano e o desenvolvemento sostible. Estes fundamentos parten da base de que o desenvolvemento sostible require un plantexamento global e que non debe sustentarse unicamente en resultados positivos de distintos programas de actuación.

As tres liñas básicas da estratexia de desenvolvemento galego céntranse non só no obxectivo de converxencia e renda, senón tamén no de aumentar o emprego de calidade. Para isto existen tres ámbitos de actuación:

– No ámbito da base produtiva e tecido empresarial perséguense dous obxectivos, programas horizontais para facilitar a aparición de iniciativas privadas de investimento e medidas para potencias a competitividade do núcleo produtivo galego.

– No ámbito da competitividade do territorio, destacan tres obxectivos: potenciar a accesibilidade do territorio, aumentar a proxección territorial do desenvolvemento e potenciar e mellorar o medio ambiente.

– No ámbito dos recursos humanos o obxectivo final é aumentar as dotacións rexionais de recursos relacionados co coñecemento e potenciar a empregabilidade.

No período de programación 2000-2006 Galicia segue mantendo a cualificación de obxectivo 1, e o Programa Operativo Integrado de Galicia 2000-2006 (POI) recolle todas as intervencións dos fondos estruturais (FEDER, FSE, FEOGA-O). O POI concentra os 3.581 millóns de euros de axuda comunitaria, 2.439 do FEDER, 409 do FSE e 733 do FEOGA-O. As liñas principais do POI fíxanse a partir das prioridades estratéxicas do PEDEGA. O financiamento final do POI, sumando o aporte das Administra-

cións Públicas, acada os 5.327 millóns de euros.

Fóra dos fondos estruturais, e do POI, o IFOP financia accións estruturais no sector pesqueiro, acuícola e de transformación e comercialización de produtos pesqueiros, sendo o aporte final deste fondo en Galicia no período 2000-2006 de 595 millóns de euros.

O Fondo de Cohesión no período 2000–2006 diríxese a proxectos medioambientais e de transporte, aportando unha axuda financeira en Galicia en torno aos 766 millóns de euros.

Finalmente, tal como se sinalou con anterioridade, no terceiro período de programación dos fondos comunitarios, redúcese o número das iniciativas comunitarias de trece a catro. Galicia segue beneficiándose das catro iniciativas, destacando como en períodos anteriores a iniciativa INTERREG III A de cooperación transfronteiriza con 156 millóns de euros, e a iniciativa LEADER+ con 55 millóns de euros.

## O período de programación 2007–2013

O período de programación 2007-2013 está marcado por tres factores fundamentais: a incorporación de doce novos estados á UE, nos que máis do 90% da poboación habita en rexións con PIB inferior ao 75% da media comunitaria; a necesidade de vincular a política rexional cos obxectivos establecidos na estratexia de Lisboa; e, finalmente, a necesidade de adaptación das rexións europeas ao entorno económico internacional cambiante.

A programación do período 2007-2013 trata de concentrar a axuda en función de prioridades temáticas máis que por prioridades territoriais, en coherencia coa estratexia de crecemento económico, emprego e competitividade coñecida como Estratexia de Lisboa.

A partir das orientacións estratéxicas comunitarias, cada Estado membro establece o seu propio Marco Estratéxico Nacional de Referencia, que determina as prioridades dos fondos estruturais a nivel nacional para o período 2007-2013.

Os instrumentos de intervención da política rexional no actual período de programación están asociados a tres novos obxectivos:

<u>– Obxectivo converxencia:</u> Financia aos territorios menos desenvolvidos (PIB per cápita inferior 75% da media). Esta prioridade inclúe unha axuda transitoria (*phasing-out*) para as rexións cun PIB per cápita superior ao 75% da media UE-27, pero inferior ao da UE-15.

<u>– Obxectivo competitividade rexional e emprego:</u> destínase aos territorios que non están cubertos polo obxectivo converxencia, onde persisten necesidades significativas como consecuencia de reestruturacións económicas e sociais.

<u>– Obxetivo cooperación territorial europea:</u> Esta prioridade, herdeira da iniciativa INTERREG, a través de programas transfronteirizos, transnacionais e interrexionais, persegue abordar os problemas específicos que xorden ao construír unha economía integrada en todo o territorio europeo, cando este se encontra dividido por fronteiras nacionais.

A política de cohesión comunitaria estrutúrase en tres fondos, O FEDER e o FSE (fondos estruturais) e o fondo de cohesión (con carácter nacional), de xeito que o fondo de cohesión pasa a ser un programa operativo plurirrexional estrutural destinado ás rexións obxectivo converxencia.

O FEOGA-O e o IFOP pasan a denominarse

Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (FEADER) e Fondo Europeo de Pesca (FEP), deixan de ser instrumentos da política de cohesión e pasan a incluírse financeiramente dentro da categoría agrícola.

Por último créansen tres novos instrumentos de axuda para unha axeitada e eficaz xestión dos fondos que son o JASPERS, JEREMIE e JESSICA.

Finalmente, desaparecen as catro iniciativas comunitarias que existían na programación anterior, INTERREG elévase a rango de obxectivo prioritario, URBAN e EQUAL intégranse nos obxectivos converxencia e competitividade rexional e emprego e a iniciativa LEADER inclúese na política de desenvolvemento rural.

O documento de planificación que recolle os obxectivos e a estratexia da intervención dos fondos estruturais e do fondo de cohesión/FEDER en Galicia no período 2007-2013 é o Marco Estratéxico de Converxencia Económica de Galicia, **MECEGA**.

Galicia está incluída entre as 70 rexións europeas que poden recibir financiamento dos fondos estruturais con arranxo ao obxectivo de converxencia para o período 2007-2013 (2006/595/CE: Decisión da Comisión de 4 de agosto de 2006). En base a este obxectivo, na programación do MECEGA tivéronse en conta unha serie de aspectos prioritarios que deben rexer as intervencións dos fondos comunitarios en Galicia, como son a ordenación e cohesión territorial, as infraestruturas de transporte, a investigación, desenvolvemento, innovación e sociedade da información, a formación e o emprego estable e de calidade, o benestar social e a igualdade de oportunidades, o medio ambiente e o desenvolvemento sostible e a cooperación territorial transfronteiriza.

O obxectivo global do MECEGA para o ano 2013 é o de "Converxer en termos de crecemento e emprego, grazas ao fomento dunha economía baseada no coñecemento". A consecución deste obxectivo global, pasa por acadar catro obxectivos finais, así como 16 obxectivos intermedios.

Os **catro obxectivos finais** a acadar son:
- OF1: impulsar e dinamizar a economía rexional facendo de Galicia un lugar máis atractivo para investir e traballar.
- OF2: Incrementar a competitividade do tecido produtivo galego a través do coñecemento e a innovación.
- OF3: aumentar a cohesión social e territorial de Galicia mellorando os niveis de cualificación do emprego e a inclusión social.
- OF4: Reforzar a sinerxía entre crecemento e desenvolvemento sostible.

Ademais dos obxectivos finais, establécense 16 obxectivos intermedios (**táboa 1.5.1.**) de cohesión que responden ás prioridades europeas para o novo período de programación establecidas nas Directrices Estratéxicas para o crecemento e o emprego e, en torno a estes obxectivos, deberanse de articular as diferentes actuacións postas en marcha a través dos Programas Operativos 2007-2013 de finalidade estrutural.

O investimento no período 2007-2013 en Galicia, en termos de cofinanciamento estrutural da UE, acada os 4.388 millóns de euros, en termos correntes (**táboa 1.5.2.**). Da axuda total, a Xunta de Galicia xestiona o 32%. O custo total estimado é de 5.537 millóns de euros, dos que o 49,5% pertence ao PO FEDER Galicia.

**• Axuda FEDER en Galicia no período 2007–2013.**

O FEDER en Galicia centra as súas intervencións en apoiar o desenvolvemento económico sostible e integrado, a nivel

## Marco Estratéxico de Converxencia Económica de Galicia 2007-13: obxectivos

**O. GLOBAL: CONVERXER EN TERMOS DE CRECEMENTO E EMPREGO, GRAZAS AO FOMENTO DUNHA ECONOMÍA BASEADA NO COÑECEMENTO**

**OF 1: Impulsar e dinamizar a economía rexional facendo de Galicia un lugar máis atractivo para investir e traballar,** fundamentalmente mediante a ampliación e mellora das infraestructuras de transportes e comunicacións, xunto coa racionalización dos recursos enerxéticos. Este esfuerzo permitirá sobre todo mellorar a conectividade de Galicia co resto do territorio español, incrementando o seu atractivo económico e reforzando a capacidade loxística e competitiva do tecido empresarial.

OI 1. Completar a conexión coas redes transeuropea de transporte; impulsar a intermodalidade e a interoperabilidade dos diferentes transportes; mellorar a accesibilidade interior do seu territorio e fomentar a seguridade vial.

OI 8. Apoiar o investimento empresarial en aras dunha mellora na proxección internacional e no acceso á financiación.

OI 14. Apoiar o desenvolvemento equilibrado das zonas urbanas e rurais atendendo os seus problemas socioeconómicos e ambientais.

OI 16. Fomentar a cooperación transfronteiriza, transnacional e interrexional centrando as actuacións en apoio do crecemento e a creación de emprego, e concretamente mellorando a interconexión física e intanxible dos territorios.

**OF 2: Incrementar a competitividad do entramado productivo galego a través do coñecemento e a innovación,** mediante inversióons adaptadas ás necesidades do tecido empresarial da rexión que poidan convertir a Galicia en referente de excelencia naqueles sectores nos que presenta ventaxas comparativas. Para elo, Galicia deberá ser capaz de reducir a brecha de I+D que a separa do conxunto de España e de Europa e de poñer en marcha un novo modelo de crecemento económico baseado na aplicación de coñecemento, innovación e tecnología.

OI 5. Fortalecer a competitividade das empresas apoiando a investigación e o desenvolvemento tecnolóxico (I+DT).

OI 6. Fomentar a innovación empresarial e impulsar as iniciativas de cooperación empresarial orientadas cara a producción, a difusión e a utilización de novos coñecementos polas empresas.

OI 7. Extender e difundir as tecnoloxías da información, as comunicacións e as plataformas loxísticas, garantindo a penetración no conxunto da sociedade e a dispoñibilidade de infraestructuras.

OI 12. Reforzar a capacidade de xestión da Administración rexional en apoio á eficacia e transparencia na execución e avaliación de políticas públicas.

**OF 3: Aumentar a cohesión social e territorial de Galicia mellorando os niveis de cualificación, a calidade do emprego e a inclusión social,** de forma que poida contarse cun capital humano capaz e capacitado para desenvolver os obxectivos anteriores. Isto require melloras no mercado de traballo, de forma que sexa máis atractivo e flexible para a poboación e facilite a incorporación de máis poboación activa e mellor cualificada. Tamén será prioritaria unha mellor articulación entre o sistema educativo e o productivo. Finalmente, este impulso do capital humano e a promoción do emprego deben ser a base para correxir os desequilibrios territoriais existentes na actualidade en Galicia.

OI 9. Aumentar a participación no mercado laboral e mellorar a calidade e a productividade do traballo, impulsando a igualdade de oportunidades e a inclusión social dos colectivos máis desfavorecidos.

OI 10. Contribuir á adaptabilidade dos traballadores mellorando as cualificacións necesarias para a economía do coñecemento e que permitan prolongar a vida laboral.

OI 11. Mellorar e adaptar os sistemas de educación e formación de acordo coas necesidades reais da sociedade, a economía e as empresas.

OI 13. Reforzar a inversión na promoción e prevención no mercado de traballo e no benestar sanitario.

**OF 4: Reforzar a sinerxía entre crecemento e desenvolvemento sostible,** impulsando o crecemento económico sen perder de vista os criterios de protección e conservación do medio ambiente. O aproveitamento dos recursos naturais fomentará o desenvolvemento de actividades económicas que contribúan a fixar poboación no medio rural, á vez que, nas cidades, poñerase especial coidado no cumprimento da normativa ambiental.

OI 2. Reforzar o potencial medioambiental rexional como vehículo de desenvolvemento económico sostible, protexendo e mellorando o entorno.

OI 3. Favorecer o uso de modos de transporte menos contaminantes que contribúan á movilidade sostible.

OI 4. Reducir a dependencia enerxética e optimizar os recursos enerxéticos existentes (enerxías renovables).

OI 15. Complementar as políticas sectoriais, especialmente na dotación de servizos de interés económico xeral e no desenvolvemento económico sostible de zonas de alto potencial de crecemento.

Fonte: *Dirección Xeral de Planificación e Fondos*

1.5.1.

**Marco Estratéxico de Converxencia Económica de Galicia 2007-13: cuantificacións segundo programas operativos e administracións**

| | Xunta | | Administración Xeral do Estado (1) | | Xunta + AXE | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|
| | Axuda | Custo total | Axuda | Custo total | Axuda | Custo total | PO / Custo Mecega |
| | | | *(en millóns de euros correntes)* | | | | *(%)* |
| **Programas operativos** | | | | | | | |
| **Total** | 1.403,37 | 1.756,39 | 2.985,10 | 3.781,15 | 4.388,47 | 5.537,53 | 100,00 |
| **FEDER GA** | 1.016,01 | 1.270,00 | 1.175,54 | 1.469,42 | 2.191,54 | 2.739,43 | 49,47 |
| **Economía do coñecemento FEDER** | - | - | 199,87 | 285,17 | 199,87 | 285,17 | 5,15 |
| **I+D+i tecnolóxico FEDER** | - | - | 405,59 | 519,32 | 405,59 | 519,32 | 9,38 |
| **Asistencia técnica FEDER** | - | - | 7,29 | 9,12 | 7,29 | 9,12 | 0,16 |
| **SDE GA** | 358,50 | 448,13 | - | - | 358,50 | 448,13 | 8,09 |
| **Loita contra a discriminación FSE** | - | - | 30,87 | 38,59 | 30,87 | 38,59 | 0,70 |
| **Adaptabilidade e emprego FSE** | - | - | 542,60 | 678,25 | 542,60 | 678,25 | 12,25 |
| **Asistencia técnica FSE** | - | - | 4,11 | 5,14 | 4,11 | 5,14 | 0,09 |
| **COHESION/FEDER** | - | - | 594,00 | 742,50 | 594,00 | 742,50 | 13,41 |
| **Cooperación T. Transfronteiriza FD** | 28,86 | 38,00 | 25,24 | 33,65 | 54,09 | 71,90 | 1,30 |
| **% xestión Admón Ax** | 31,98 | | 68,02 | | 100,00 | | |

**(1) inclúe Administración Xeral do Estado e outros**
Fonte: *Dirección Xeral de Planificación e Fondos*

**1.5.2.**

**Axuda FEDER 2007-13: distribución segundo administracións, eixes e programas operativos**

| | Xunta | | Administración Xeral do Estado | | | | | | Xunta + AXE | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| | PO GA | | PO GA | PO Ec C | PO I+D+i | PO As T | Total | | | |
| | *(en millóns de euros 2007)* | *(%)* | *(en millóns de euros 2007)* | | | | | *(%)* | *(en millóns de euros 2007)* | *(%)* |
| **Eixes** | | | | | | | | | | |
| 1 | 213,84 | 21,05 | | 197,87 | 400,51 | | 598,38 | 33,46 | 812,21 | 28,96 |
| 2 | 183,64 | 18,07 | 178,06 | | | | 178,06 | 9,96 | 361,70 | 12,90 |
| 3 | 188,74 | 18,58 | 297,53 | | | | 297,53 | 16,64 | 486,27 | 17,34 |
| 4 | 301,36 | 29,66 | 556,06 | | | | 556,06 | 31,09 | 857,43 | 30,58 |
| 5 | 87,62 | 8,62 | 143,89 | | | | 143,89 | 8,05 | 231,50 | 8,26 |
| 6 | 35,71 | 3,51 | | | | | | - | 35,71 | 1,27 |
| 7 | 5,10 | 0,50 | | 2,00 | 5,08 | 7,29 | 14,37 | 0,80 | 19,48 | 0,69 |
| **Total** | 1.016,01 | 100,00 | 1.175,54 | 199,87 | 405,59 | 7,29 | 1.788,29 | 100,00 | 2.804,29 | 100,00 |
| **PO** *(%)* | 36,23 | | 41,92 | 7,13 | 14,46 | 0,26 | 63,77 | | 100,00 | |
| **Axuda PO FEDER Galicia s/ Axuda total FEDER** *(%)* | | | | | | | | | 78,15 | |
| **Axuda FEDER xestionada pola Xunta** *(%)* | | | | | | | | | 36,23 | |

Fonte: *Dirección Xeral de Planificación e Fondos*

**1.5.3.**

rexional e local, mediante a mobilización e mellora da capacidade endóxena a través de actuacións de modernización e diversificación das estruturas económicas e a creación e preservación de emprego e calidade.

No período de programación 2007-2013, Galicia recibirá axuda estrutural procedente dos Fondos FEDER nunha contía estimada de 2.804 millóns de euros (correntes de 2007). O PO FEDER Galicia acolle o 78% da axuda da comunidade, mentres que o 22% restante ten caracter plurirrexional.

O enfoque estratéxico do FEDER 2007–2013 en Galicia está articulado por eixes de intervención, en concreto:

**Axuda FSE 2007-13 asignada a Galicia: distribución segundo programas operativos**

**Axuda FSE asignada**

| instrumentos de intervención | xestión - admon. | axunda (en millóns de euros correntes) | (%) |
|---|---|---|---|
| **Total** | | 936,07960 | 100,00 |
| **FSE Galicia** | Xunta | 358,50181 | 38,30 |
| **Loita contra a discriminación FSE** | | 30,86931 | 3,30 |
| **Adaptabilidade e emprego FSE** | AXE | 542,59753 | 57,96 |
| **Asistencia técnica FSE** | | 4,11095 | 0,44 |

**Custo FSE 2007-13**

| instrumentos de intervención | xestión - admon. | axunda (en millóns de euros correntes) | (%) |
|---|---|---|---|
| **Total** | | 1124,72134 | 100,00 |
| **FSE Galicia** | Xunta | 448,12727 | 39,84 |
| **Loita contra a discriminación FSE** | | 38,58664 | 3,43 |
| **Adaptabilidade e emprego FSE** | AXE | 632,86875 | 56,27 |
| **Asistencia técnica FSE** | | 5,13869 | 0,46 |

Fonte: *Dirección Xeral de Planificación e Fondos*

**1.5.4.**

Eixe 1.- Desenvolvemento da economía do coñecemento.
Eixe 2.- Desenvolvemento e innovación empresarial.
Eixe 3.- Medio ambiente, contorno natural, recursos hídricos e prevención de riscos.
Eixe 4.- Transporte e enerxía.
Eixe 5.- Desenvolvemento sostible local e urbano.
Eixe 6.- Infraestruturas sociais.
Eixe 7.- Asistencia técnica e reforzo da capacidade institucional.

Tal como se mostra na **táboa 1.5.3.**, a axuda do FEDER en Galicia no período 2007-2013 ascende a 2.804 millóns de euros, dos que o 78,1% corresponden ao PO FEDER Galicia. Por eixos de actuación, destaca cuantitativamente o eixo 4 co 30,6% do total da axuda FEDER.

O PO FEDER Galicia 07-13 ascende a 2.191 millóns de euros correntes en concepto de axuda comunitaria, e a 2.739 millóns de euros correntes en custo con taxa do 80% de cofinanciación.

- **Axuda FSE en Galicia no período 2007–2013.**

O FSE atende ás prioridades en materia de educación e formación, ao incremento da participación das persoas economicamente inactivas no mercado de traballo, á loita contra a exclusión social, en particular de grupos desfavorecidos, tais como as persoas con discapacidade, ao fomento da igualdade entre mulleres e homes e á non discriminación.

No período de programación 2007-2013 Galicia recibirá axuda estrutural procedente do FSE por importe de 936 millóns de euros (2007), que se distribúen, tal como se mostra na **táboa 1.5.4.**, en catro programas operativos: o PO FSE Galicia, o PO loita contra a discriminación, o PO adaptabilidade e emprego e o PO asistencia técnica. O PO adaptabilidade e emprego acolle o 58% do total da axuda FSE en Galicia no período.

O PO rexional, xestionado pola Xunta, acada un importe de 358 millóns de euros

no período 2007-2013, o que supón o 38% da axuda, mentres que os tres restantes PO teñen carácter plurirrexional e son xestionados pola AGE, acadando o investimento en Galicia destes tres PO os 577 millóns de euros.

O enfoque estratéxico do FSE 2007-2013 en Galicia está articulado por eixes de intervención, en concreto:

Eixe 1.- Fomento do espírito empresarial e mellora da adaptabilidade dos traballadores, empresas e empresarios.
Eixe 2.- Fomentar a empregabilidade, a inclusión social e a igualdade entre homes e mulleres.
Eixe 3.- Aumento e mellora do capital humano.
Eixe 4.- Promover a cooperación transnacional e interrexional.
Eixe 5.- Asistencia técnica .

O gasto total do PO FSE Galicia no período 2007–2013 (axuda+cofinanciamento) acada os 448 millóns de euros correntes, sendo a taxa de cofinanciamento de todos os eixes do 80%.

**• Axuda do Fondo de Cohesión/FEDER en Galicia para o período 2007–2013.**

O Fondo de Cohesión ten por obxectivo para o período 2007–2013 contribuír aos investimentos en materia de medio ambiente e nas redes de transporte transeuropeas. España é un país subvencionable en réxime transitorio do Fondo de Cohesión. O Fondo de Cohesión ten carácter nacional, dentro do Obxectivo Converxencia. O seu custo total estimado acada os 6.125 millóns de euros correntes, sendo a axuda comunitaria de 4.900 millóns de euros (3.543 de cohesión e 1.57 millóns de euros do FEDER). A taxa de financiamento da axuda comunitaria do PO é do 80%.

As actuacións do PO Cohesión/FEDER no período 2007–2013 plásmanse en 5 eixes prioritarios, 3 eixes de cohesión que representan 3.543 millóns de euros, o 72% da axuda:

Eixe 1.- Redes transeuropeas de transporte.
Eixe 2.- Medio ambiente e desenvolvemento sostible.
Eixe 5.- Asistencia técnica.

E dous eixes de FEDER, que supoñen 1.357 millóns de euros, o 28% da axuda:

Eixe 3.- Medio ambiente e desenvolvemento sostible.
Eixe 4.- RTE-T.

As actuacións estimadas, para o período 2007-2013, do Fondo de Cohesión/FEDER en Galicia son o saneamento da Ría de Vigo, o AVE Santiago–Ourense, e os portos de Punta Langosteria, Bouzas e Guixar, así como outras actuacións de menor contía en Vilagarcía de Arousa, Marín, Ría de Pontevedra, Ferrol–San Cibrao e Vigo.

**• A Axuda Cooperación Territorial Transfronteiriza en Galicia para o período 2007–2013.**

No marco da cooperación territorial, España participa en 7 programas, 2 de cooperación transfronteiriza, 4 de cooperación transnacional o 1 de cooperación interrexional.

A cooperación transfronteiriza España-Portugal abrangue un territorio composto por 17 NUT III fronteirizas e ten un importe estimado de 267 millóns de euros no período 2007-2013 (207 millóns corresponden a España e 67, a Portugal).

A área de cooperación Galicia–Norte de Portugal está composta por 5 NUT III (Pontevedra, Minho-Lima, Cádavo, Ourense e Alto Trás-os-Montes), aos que se engaden os NUT III adxacentes, que no caso de Galicia son A Coruña e Lugo, e na parte do Norte de Portugal son a Área Metropolitana de Porto, Ave, Támega e Douro.

A Xunta de Galicia xestiona no perído 2007–2013 un importe de 29 millóns de euros neste PO.

Finalmente salientar que os ámbitos estratéxicos na Área de cooperación Galicia-Norte de Portugal son:
– Cooperación no ámbito do mar.
–Internacionalización das PEME da Eurorrexión.
– Protección ambiental e desenvolvemento urbano sostible.
– Fomento da cooperación e integración social e institucional

**• A Axuda Cooperación Territorial Transnacional en Galicia para o período 2007–2013**

Os programas de cooperación transnacional son 4:

- – Espazo Suroeste Europeo, onde participan Francia, Portugal, Reino Unido e España.
- – Espazo Mediterráneo.
- – Espazo Madeira- Azores-Canarias.
- – Espazo Atlántico, onde participan Reino Unido, Irlanda, Francia, Portugal e España (Galicia, Asturias, Cantabria, Navarra, Pais Vasco e tres NUT III de Andalucía, Cadiz, Huelva e Sevilla)

Galicia participa na Cooperación Territorial Transnacional 2007-2013, que é cofinanciada polo FEDER, en dous PO: Espazo Atlántico e Espazo Suroeste Europeo.

A axuda Comunitaria FEDER investida en Galicia a través do PO Espazo Atlántico ascende no período 2007–2013 a un total de 8,4 millóns de euros, cun custo total de 12,9 millóns; e a axuda investida a través do PO Suroeste ascende a 4 millóns de euros, cun custo total de 5,4 millóns.

**• A Axuda Cooperación Territorial Interrexional (INTERREG IVC) en Galicia para o período 2007-2013 e REDES.**

O programa de cooperación territorial interrexional céntrase no intercambio de experiencias, fundamentalmente nos campos da innovación, no medio ambiente e na prevención de riscos.

A estratexia do PO articúlase en tres eixes prioritarios:

1.- innovación e economía do coñecemento.
2.- Medio ambiente e prevención do risco.
3.- Asistencia técnica.

A axuda comunitaria FEDER investida en Galicia neste PO ascende a 1,9 millóns de euros, cun custo total de 2,5 millóns.

**• A Axuda FEADER e FEAGA en Galicia para o período 2007-2013.**

De xeito complementario ás axudas estruturais, Galicia recibe fondos **FEADER** 2007-2013 por un importe estimado de 880 millóns de euros correntes, que son xestionados directamente pola Consellería de Medio Rural, a través do PDR de Galicia 2007-2013.

As directrices estratéxicas comunitarias para o desenvolvemento rural son:

1.- mellora da competitividade dos sectores agrario e forestal.
2.- mellora do medio ambiente e do contorno natural.
3.- mellora da calidade de vida nas zonas rurais e fomento da diversificación da economía rural.
4.- desenvolver a capacidade local de creación de emprego e diversificación.
5.- garantir a coherencia interna da programación.
6.- Complementariedade cos outros instrumentos comunitarios.

Tomando como base as citadas directrices estratéxicas, o Estado elaborou o *Plan estratéxico nacional de desenvolvemento rural*, que se desenvolve a través de plans rexionais. En Galicia o PDR céntrase en tres ámbitos fundamentais: a economía agroalimentaria, o medio ambiente e a economía e a poboación rurais, en sentido amplo.

O enfoque estratéxico do PDR de Galicia articúlase en torno a cinco eixes fundamentais:

Eixe 1: Aumento da competitividade do sector agrícola e forestal.
Eixe 2: Mellora do medio ambiente e do contorno natural.
Eixe 3: Calidade de vida nas zonas rurais e diversificación da economía rural.
Eixe 4: LEADER.
Eixe 5: Asistencia técnica.

Para o período 2007-2013, o PDR conta cunha asignación FEADER de 857 millóns de euros, cunha taxa de cofinanciamento comunitario do 57,56%, polo que o gasto público total do PDR acada os 1.488 millóns de euros.

Pola súa banda, o **FEAGA** financia, en xestión compartida entre os Estados membros e a Comunidade, os gastos seguintes:
- As restitucións fixadas por exportación de produtos agrícolas a terceiros países.
- As intervencións destinadas á regularización dos mercados agrarios.
-Os pagos directos aos agricultores establecidos no ámbito da política agrícola común.
- A contribución financeira da Comunidade para medidas de información e promoción dos produtos agrícolas.

O FEAGA tamén financia, de xeito centralizado, entre outros, gastos en medidas veterinarias, de conservación, de recursos xenéticos en agricultura ou de sistemas de investigación agraria.

| Eixe | Medida |
|---|---|
| 1.- Medidas de Adaptación da flota pesqueira comunitaria | 1.1.- Paralización definitiva de actividades pesqueiras |
| | 1.2.- Paralización temporal de actividades pesqueiras |
| | 1.3.- Investimentos a bordo dos buques pesqueiros e selectividade |
| | 1.4.- Pesca costeira artesanal |
| | 1.5.- Compensacións socioeconómicas para a xestión da flota |
| **Total Eixe 1** | |
| 2.- Acuicultura, pesca interior, transformación e comercialización de produtos da pesca e da acuicultura | 2.1.- Acuicultura |
| | 2.2.- Pesca interior |
| | 2.3.- Transformación e comercialización de peixe |
| **Total Eixe 2** | |
| 3.- Medidas de interese público | 3.1.- Accións colectivas |
| | 3.2.- Protección e desenvolvemento da fauna e flora acuáticas |
| | 3.3.- Portos de pesca, lugares de desembarque e ancoradoiros |
| | 3.4.- Desenvolvemento de novos mercados e campañas de promoción |
| | 3.5.- Operacións piloto |
| | 3.6.- Modificacións para a reconversión de buques pesqueiros |
| **Total Eixe 3** | |
| 4.- Desenvolvemento sostible das zonas de pesca | 4.1.- Desenvolvemento das zonas de pesca |
| **Total Eixe 4** | |
| 5.- Asistencia técnica | 5.1.- Asistencia técnica |
| **Total Eixe 5** | |
| Total | |
| | (%) |

*Fonte: Dirección Xeral de Planificación e Fondos*

**1.5.5.**

O FEAGA está constituído por axudas directas aos mercados agrícolas (2,7%) e a PAC (97,3%). Non existe neste fondo a cofinanciación doutras administracións.

**• A Axuda FEP en Galicia para o período 2007–2013.**

De xeito complementario ás axudas estru-

**Programa Operativo FEP en Galicia 2007-13: axuda e custo total**

| Contribución pública | | | | | % / TCP | Contribución privada | Custo total |
|---|---|---|---|---|---|---|---|
| Axuda FEP (en euros correntes) | (%) | AXE (en euros correntes) | XUNTA | TOTAL | | (en euros correntes) | |
| 58.290.399,49 | 13,60 | 37.267.632,46 | | 95.558.031,95 | 61,00 | | 95.558.031,95 |
| 4.992.399,21 | 1,16 | 0,00 | 3.191.861,79 | 8.184.261,00 | 61,00 | | 8.184.261,00 |
| 34.938.918,18 | 8,15 | 22.337.996,87 | | 57.276.915,05 | 61,00 | 93.334.337,48 | 150.611.252,53 |
| 10.217.198,66 | 2,38 | 6.532.307,34 | | 16.749.506,00 | 61,00 | | 16.749.506,00 |
| 11.710.587,23 | 2,73 | 7.487.096,77 | | 19.197.684,00 | 61,00 | | 19.197.684,00 |
| 120.149.502,77 | 28,03 | 73.625.033,44 | 3.191.861,79 | 196.966.398,00 | 61,00 | 93.334.337,48 | 290.300.735,48 |
| 85.730.045,63 | 20,00 | 27.405.506,40 | 27.405.506,39 | 140.541.058,42 | 61,00 | 93.694.038,95 | 234.235.097,37 |
| 0,00 | 0,00 | 0,00 | | 0,00 | | | 0,00 |
| 104.092.941,00 | 24,29 | 33.275.612,29 | 33.275.612,29 | 170.644.165,58 | 61,00 | 170.644.165,57 | 341.288.331,15 |
| 189.822.986,63 | 44,29 | 60.681.118,69 | 60.681.118,68 | 311.185.224,00 | 61,00 | 264.338.204,52 | 575.523.428,52 |
| 48.800.000,00 | 11,39 | | 31.200.000,00 | 80.000.000,00 | 61,00 | | 80.000.000,00 |
| 4.107.738,18 | 0,96 | | 2.626.258,82 | 6.733.997,00 | 61,00 | | 6.733.997,00 |
| 18.321.695,88 | 4,27 | | 11.713.871,12 | 30.035.567,00 | 61,00 | | 30.035.567,00 |
| 13.967.838,56 | 3,26 | | 8.930.257,44 | 22.898.096,00 | 61,00 | | 22.898.096,00 |
| 4.473.912,02 | 1,04 | | 2.860.369,98 | 7.334.282,00 | 61,00 | | 7.334.282,00 |
| 1.138.870,00 | 0,27 | | 728.130,00 | 1.867.000,00 | 61,00 | | 1.867.000,00 |
| 90.810.054,64 | 21,19 | 0,00 | 58.058.887,36 | 148.868.942,00 | 61,00 | 0,00 | 148.868.942,00 |
| 24.400.000,00 | 5,69 | 2.693.253,87 | 12.906.746,13 | 40.000.000,00 | 61,00 | | 40.000.000,00 |
| 24.400.000,00 | 5,69 | 2.693.253,87 | 12.906.746,13 | 40.000.000,00 | 61,00 | 0,00 | 40.000.000,00 |
| 3.414.728,96 | 0,80 | | 2.160.792,04 | 5.575.521,00 | 61,25 | | 5.575.521,00 |
| 3.414.728,96 | 0,80 | 0,00 | 2.160.792,04 | 5.575.521,00 | 61,25 | 0,00 | 5.575.521,00 |
| | 0,00 | | | | | | |
| 428.597.273,00 | 100,00 | 136.999.406,00 | 136.999.406,00 | 702.596.085,00 | 61,00 | 357.672.542,00 | 1.060.268.627,00 |
| 40,42 | | 12,92 | 12,92 | 66,27 | | 33,73 | 100,00 |

turais, Galicia recibe Fondos FEP para o fomento de actividades pesqueiras no período 2007-2013 por un importe estimado de 428 millóns de euros (correntes), que serán xestionados directamente pola Xunta de Galicia dentro do programa plurirrexional do sector Pesca (FEP) España 2007-2013.

O FEP substitúe a partir de 2007 ao antigo IFOP, mantendo a maioría das medidas vixentes no programa anterior e incluíndo medidas innovadoras como as de acompañamento para os plans de recuperación, o fomento dos métodos de pesca selectiva e o financiamento de estratexias de desenvolvemento local. Por outra banda, no FEP adquiren máis importancia as axudas á pesca continental e á acuicultura.

O FEP centra a súa atención en cinco ámbi-

**Participación da produción(1), a poboación e o emprego (2) galegos no total español 2003-12**




(1) PIB a prezos de mercado, prezos correntes (consulta: 27-03-2013)
(2) poboación afiliada á Seguridade Social
Fonte: elaboración propia *CES-Galicia* a partir de datos do *INE*

**1.5.6.**

tos prioritarios (eixes), coa axuda e custo total por eixe que se mostra na **táboa 1.5.5.**

## Converxencia

Os indicadores de converxencia das Comunidades Autónomas publicados en decembro de 2011 (último dato publicado) polo Ministerio de Hacienda y Administraciones Públicas mostran como a actividade produtiva da economía de Galicia experimentou ao longo do período 2000-2010 unha taxa de crecemento medio anual similar á media española, situándose a medra media anual acumulativa da poboación e do emprego por baixo da media española. Tras esta evolución, nos últimos cinco anos, o **cadro 1.5.6.** amosa a progresiva redución da importancia relativa da poboación galega no total estatal, manténdose a participación do PIB a prezos de mercado (prezos correntes). Tendo en conta a caída da ocupación no conxunto do Estado e en Galicia, no ano 2012 continúa a tendencia iniciada no ano anterior e diminúe o peso relativo do emprego galego sobre o total do Estado.

En termos do PIB per cápita, a economía galega rexistra ao longo dos últimos anos un proceso de converxencia á media española e europea (UE-27). Este indicador sitúase no 91% da media española, 13,3 puntos porcentuais por riba do valor do ano 2000.

En relación á media dos vinte e sete países europeos (UE=100), o PIB nominal por habitante acadou en 2010 (último dato dispoñible) un valor do 84%, situándose este indicador nos 93 puntos no conxunto do Estado.

### • Converxencia coa media estatal

A economía galega experimentou no ano 2012 un descenso menor á media española, cun decrecemento real do seu PIB a prezos de mercado do 1,2%, mentres que o rexistrado no conxunto do Estado foi do 1,4%.

## Converxencia das CC.AA. en termos de PIB por habitante fronte a España e a UE 2000-11

| | Converxencia fronte a España | | | | | | | | Converxencia fronte á UE | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| | 2000 | 2009 | 2010 | 2011 | 2012 | 11/00 | 11/10 | 12/11 | 2008 | 2009 | 2010 | 09/08 | 10/09 |
| | | | *(media España=100)* (1) | | | | *(variación absoluta)* | | | *(media UE-27=100)* | | *(variación absoluta)* | |
| **Andalucía** | 73,7 | 76,6 | 76,0 | 75,2 | 74,5 | 1,5 | -0,8 | -0,7 | 73 | 74 | 71 | 1 | -3 |
| **Aragón** | 104,5 | 110,2 | 111,3 | 111,8 | 112,2 | 7,2 | 0,5 | 0,4 | 106 | 107 | 104 | 1 | -3 |
| **Asturias** | 83,6 | 92,7 | 93,2 | 93,0 | 92,4 | 9,5 | -0,1 | -0,7 | 89 | 90 | 87 | 1 | -3 |
| **Baleares** | 123,2 | 106,7 | 105,6 | 105,7 | 107,1 | -17,4 | 0,2 | 1,4 | 103 | 104 | 98 | 1 | -6 |
| **Canarias** | 94,8 | 84,8 | 85,6 | 86,2 | 85,9 | -8,7 | 0,5 | -0,2 | 82 | 83 | 80 | 1 | -3 |
| **Cantabria** | 93,5 | 96,6 | 97,3 | 98,4 | 98,1 | 4,9 | 1,0 | -0,3 | 92 | 94 | 91 | 2 | -3 |
| **Castela e León** | 90,5 | 95,6 | 96,6 | 97,5 | 97,9 | 7,0 | 0,9 | 0,4 | 90 | 93 | 90 | 3 | -3 |
| **Castela-A Mancha** | 78,6 | 80,6 | 79,7 | 78,7 | 77,7 | 0,1 | -0,9 | -1,0 | 78 | 78 | 74 | 0 | -4 |
| **Cataluña** | 121,8 | 116,2 | 117,0 | 118,1 | 119,7 | -3,7 | 1,1 | 1,5 | 110 | 113 | 109 | 3 | -4 |
| **C. Valenciana** | 96,5 | 88,3 | 88,5 | 88,0 | 87,7 | -8,5 | -0,5 | -0,3 | 94 | 91 | 88 | -3 | -3 |
| **Estremadura** | 63,7 | 69,6 | 69,7 | 68,4 | 67,6 | 4,7 | -1,2 | -0,8 | 65 | 68 | 65 | 3 | -3 |
| **Galicia** | 77,7 | 89,6 | 90,6 | 90,2 | 91,0 | 12,5 | -0,3 | 0,8 | 84 | 87 | 84 | 3 | -3 |
| **Madrid** | 136,0 | 132,4 | 129,9 | 129,5 | 129,0 | -6,5 | -0,5 | -0,4 | 124 | 129 | 121 | 5 | -8 |
| **Murcia** | 83,9 | 83,5 | 83,5 | 82,1 | 81,3 | -1,8 | -1,3 | -0,8 | 81 | 81 | 78 | 0 | -3 |
| **Navarra** | 127,3 | 125,7 | 126,8 | 128,6 | 127,7 | 1,3 | 1,8 | -0,9 | 120 | 122 | 118 | 2 | -4 |
| **País Vasco** | 122,5 | 129,9 | 132,5 | 134,7 | 135,4 | 12,2 | 2,3 | 0,7 | 124 | 126 | 123 | 2 | -3 |
| **A Rioxa** | 113,9 | 109,2 | 111,0 | 111,7 | 112,0 | -2,1 | 0,7 | 0,3 | 105 | 106 | 103 | 1 | -3 |
| **Ceuta** | 85,2 | 91,1 | 88,9 | 86,5 | 84,9 | 1,4 | -2,3 | -1,6 | 84 | 88 | 83 | 4 | -5 |
| **Melilla** | 84,4 | 83,9 | 80,9 | 78,4 | 74,6 | -6,0 | -2,5 | -3,8 | 78 | 81 | 75 | 3 | -6 |
| **Total** | | | | | | | | | 95 | 97 | 93 | 2 | -4 |

(1) datos son provisionais (consulta: 29-04-2013)
Fonte: *INE* e *Eurostat*

**1.5.7.**

## Converxencia de Galicia e España fronte a UE-27 2000-10 (1)




(1) converxencia en termos de PIB por habitante; UE-27=100 (consulta: 29-03-2013)
Fonte: *Eurostat*

**1.5.8.**

O indicador PIB rexionalizable per cápita amosa que no último ano estimúlase o proceso de converxencia coa media española. En 2012, este indicador acada os 91 puntos (España=100), oito décimas superior ao rexistrado no ano anterior. Comparado coa situación do ano 2000, o PIB por habitante medra dende o 77,7% da media estatal ata o devandito 91%. Esta converxencia prodúcese fundamentalmente pola caída do peso poboacional de Galicia, xa que o peso porcentual do PIB a prezos de mercado de Galicia no total estatal mantense estable en torno ao 5,4%.

Tras esta evolución, Galicia mantense un ano máis como a sétima comunidade autónoma co menor valor do PIB rexionalizable, tan só por riba do rexistrado en Estremadura (67,6% do valor español), Andalucía (74,5%), Castela-A Mancha (77,7%), Murcia (81,3%), Canarias (85,9%) e C. Valenciana (87,7%).

- **Converxencia coa media europea**

O produto interior bruto por habitante en Galicia experimentou no 2010 (último ano dispoñible) unha significativa redución en relación ao ano anterior, acadando un PIB per cápita equivalente ao 84% da media da UE-27 (93% no conxunto do Estado). Comparado co resto das CC.AA., Galicia pasa a ser a sexta comunidade co menor índice, superando novamente a Estremadura (65%), Andalucía (71%), Castela-A Mancha (74%), Murcia (78%) e Canarias (80%).

Os datos recollidos no **cadro 1.5.8.** indican que o proceso de converxencia non se produciu coa mesma intensidade nas distintas comunidades autónomas. No caso galego, o PIB per cápita mellora en 20 puntos entre os anos 2000 e 2010 no que respecta á UE-27, pasando de representar o 64% da media da UE-27 ao xa citado 84%. A nivel estatal o PIB per cápita pasa de representar o 82% da media da UE-27 no ano 2000 ao 93% no ano 2010, o que supón unha mellora 11 puntos. ■